GRIAL
102
ABRIL, MAIO, XUÑO
TOMO XXVII / 1989

A ILUSTRACIÓN EN GALICIA

FAUSTO DOPICO:
Ilustración e pensamento económico en Galicia.

X. R. BARREIRO FERNÁNDEZ:
A *Ilustración Galega. Bases para unha interpretación* histórica.

J. L. PENSADO:
O galego no século da Ilustración.

ISAURA VARELA GONZÁLEZ:
A Universidade de Santiago de Compostela e a Ilustración.

HERMINIO BARREIRO:
Política, educación e cultura no movemento da Ilustración.

XOÁN CARMONA BADÍA:
Igualdade e desigualdade nas pesquerías galegas de mediados do século XVIII.

M. X. GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE:
Os ilustrados e os camiños de Galicia.

PEGERTO SAAVEDRA:
Industria textil rural e cambios demográficos na Galicia cantábrica, 1750-1860.

XOÁN-LUÍS PINTOS:
Herdanza e proxecto. (Apuntes para un fragmento que se resiste a deixar de selo).

GRIAL

102

ABRIL, MAIO, XUÑO

TOMO XXVII / 1989

Director:
CARLOS CASARES
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, XAVIER CASTRO,
CARLOS FERNÁNDEZ, GUSTAVO ADOLFO GARRIDO,
MODESTO LÓPEZ BOUZAS, HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
ANXO QUINTELA, MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ
Deseño: M. JANEIRO
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, suscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38
Imprime: A. G. GALICIA, S.A., Segovia, 19. VIGO

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

A ILUSTRACIÓN EN GALICIA

ENSAIOS:

153 FAUSTO DOPICO: Ilustración e pensamento económico en Galicia.
167 XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ: A Ilustración Galega. Bases para unha interpretación histórica.
183 J. L. PENSADO: O galego no século da Ilustración.
199 ISAURA VARELA GONZÁLEZ: A Universidade de Santiago de Compostela e a Ilustración.
209 HERMINIO BARREIRO: Política, Educación e Cultura no movemento da Ilustración.
216 XOÁN CARMONA BADÍA: Igualdade e desigualdade nas pesquerías galegas de mediados do século XVIII.
227 MANUEL X. GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE: Os ilustrados e os camiños de Galicia.
237 PEGERTO SAAVEDRA: Industria textil rural e cambios demográficos na Galicia cantábrica, 1750-1860.
258 XOÁN-LUÍS PINTOS: Herdanza e proxecto. (Apuntes para un fragmento que se resiste a deixar de selo).
267 CADRO SINÓPTICO DO SÉCULO XVIII.

269 LIBROS:
LUÍS ALONSO GIRGADO, ANXO QUINTELA,
LUÍS GONZÁLEZ TOSAR, MARCOS VALCÁRCEL,
XAVIER CASTRO, GUSTAVO ADOLFO GARRIDO,
XAN BOUZADA.

289 A CULTURA NO MUNDO:
CARLOS CASARES, LUÍS LAMAS,
RAMÓN PIÑEIRO.

296 ÍNDICE DE COLABORADORES

Ilustración e pensamento económico en Galicia

Fausto Dopico

I. A PREOCUPACIÓN POLA REFORMA DA SOCIEDADE GALEGA

Na segunda metade do século XVIII, os pensadores galegos abrírонse afanosamente ós aires anovadores europeos creando un dos períodos máis fructíferos da nosa historia cultural. A súa fe no poder do coñecemento levounos a penetrar nas máis variadas fontes do saber, e algúns deles, como Sarmiento, Cornide ou Castro chegaron a posuír unha vasta erudición. O uso do pensamento non era tan só, para eles, un xeito de explicar o home e mais o seu mundo, senón tamén un instrumento para a reforma do medio social en que vivían.

Os ilustrados buscaban acadar o crecemento económico por medio de transformacións que, na liña do pensamento dezaoiteño da felicidade pública, haberían de mellorar as condicións materiais e espirituais de vida e superar a "infeliz constitución" dos labregos e demais camadas populares. Para a consecución destas fins, éralles fundamental a "instrucción en la ciencia del bien común", como denomina Labrada (1806) á economía, e a difusión e aplicación dos coñecementos útiles. Para abonar os seus proxectos de reforma acoden ás máis variadas citas de autoridade e adoitan dar unha fundamentación doctrinal ás súas propostas. Os denominados "economistas ilustrados" galegos desenvólvense, sen embargo, moito mellor no terreo da descripción e da análise concreta da realidade que no da especulación teórica. Para eles, a economía era esencialmente, como sinala Vicente do Seixo (1796), "una ciencia práctica del modo de aplicar las producciones naturales para el uso de la vida".

A necesidade e a urxencia de lograr unhas melloras económicas e sociais xustifica o utilitarismo ilustrado e, con el, o seu pragmatismo doctrinal. Estudiei noutro lugar (F. Dopico, 1978), como os escritores galegos do dezaoito non chegan a incorporar plenamente un só corpo teórico, e como acoden a fontes diversas para adquirir as teorías e as leis xerais que xustifican ou reforzan as súas argumentacións.

Na descripción da economía e da sociedade da súa época é onde os ilustrados acadan unha maior finura. Os seus escritos convertéronse en valiosas testemuñas para o estudio da historia económica de Galicia, non habendo apenas investigación referida ó século XVIII que non os cite abondo. Os seus datos e mais as súas reflexións, deben ser, emporiso, contrastados e sometidos a revisión crítica, pois os seus instrumentos analíticos e teóricos non eran, obviamente, os que corresponden na actualidade a un científico social.

Por vez primeira, ó igual que en Cataluña (E. Lluch, 1988) ou no País Vasco (J. Urrutikoetxea, 1986), achégase un grupo de homes cun proxecto global para o seu país, e que asimesmo crea unha serie de institucións (Academia de Agricultura del Reino de Galicia, Sociedades Económicas de Santiago e Lugo, Real Consulado de A Coruña) encargadas de difundir o seu pensamento e de tentar pór en práctica as súas iniciativas reformistas. No noso caso, ademais, non se volve atopar, deica tempos moi recentes, un novo período no que se abeiren, cunha tal riqueza de contidos, a preocupación polo coñecemento das correntes avanzadas do pensamento europeo, a diagnose das eivas que tollen á sociedade galega e mais a formulación de plans concretos, máis ou menos axeitados, para a superación das mesmas.

Dado que a Ilustración non é un corpo único de ideas, e que os seus representantes tiñan diferente procedencia, sensibilidade e formación intelectual, non cabe agardarmos da súa parte un programa homoxéneo, acabado e exento de contradicións. A heteroxeneidade do pensamento ilustrado foi sinalada, hai tempo, por F. Venturi (1970). Asimesmo a presencia de elementos contradictorios é posiblemente unha característica consubstancial ó mesmo movemento. Segundo centremos a nosa atención nun ou noutros aspectos, se lles pode facer falar ós ilustrados distintas linguaxes. Deste xeito, mentres que para Beiras (1972), a Ilustración Galega se sublima "en conciencia social superadora do vello réxime", para Barreiro Fernández (1981), "a lectura repousada dos nosos ilustrados amosa a aceptación que fan do sistema socioeconómico vixente e, por conseguinte, do papel protagonista que lle corresponde ó clero e nobreza".

Os ilustrados amosan entre eles diferencias estimables, pero tamén numerosos puntos en común, o que os moveu a colaborar nas sociedades que eles mesmos fundaron ou alentaron. A súa moderación política, a súa fe relixiosa, o seu respeto polas institucións monárquicas son

rasgos que conforman o pensamento da maioría deles, e que, sen dúbida, se vían activados polo temor da Inquisición, pois o seu rigor se fixo sentir sobre homes que como Consul Jove (X. R. Barreiro Fernández, 1981) semellan amosar nos seus escritos unha grande asepsia ideolóxica.

Aínda cando os ilustrados chegan en ocasións a ser radicais na denuncia do deterioro da orde social, unha boa parte deles buscan realmente axeitar a estructura xurídico-administrativa para eliminar os atrancos ó crecemento económico, sen rachar por iso os alicerces da sociedade feudal. Propoñen, xa que logo, un programa de reformas que racionalice a vida económica, que alixeire a situación das camadas populares e que "minore" os privilexios dos señores, sen dar totalmente cabo deles. Un programa asumible, polo tanto, polo despotismo ilustrado propugnado dende o poder. Sen embargo, algúns van máis aló e albiscan que os problemas que están a analizar non teñen solución dentro das institucións que conforman a sociedade do Antigo Réxime.

Que reparen nos obstáculos que as institucións vixentes representan para o crecemento económico non significa que escollan a vía revolucionaria para conseguir a súa abolición. Xa Fontana (1982) sinalou os límites, neste aspecto, da Ilustración. É significativo que os ilustrados dirixan os seus escritos, normalmente, ós poderes públicos e ós grupos sociais dominantes e que cando se dirixan ós labregos e traballadores o fagan cun devezo conselleiro ou instructor, non buscando as mobilizacións populares e non chamando nunca no seu auxilio á violencia.

O obxectivo dos ilustrados non é a revolución política, senón a realización dun programa de reformas que teñen a súa posibilidade de realización na forza mesma da súa racionalidade e na función transformadora da propia Ilustración. A gran valoración que o pensamento ilustrado outorga á educación como instrumento de cambio refléxase de contino nas súas obras. Vicente do Seixo (1801) teima na necesidade da incorporación feminina a este proceso, por iso non só reivindicará o traballo da muller, senón tamen a capacidade e mais a función social desta última.

Deben ser tidas en conta estas consideracións de carácter xeral ó abordarmos algúns dos elementos máis significativos do proxecto socioeconómico dos ilustrados galegos, tal como tentaremos facer nas páxinas que seguen.

II. OS OBSTÁCULOS Ó CRECEMENTO AGRARIO

Todos os problemas fundamentais da agricultura galega son abordados polos ilustrados. Ocúpanse do tema do anovamento dos foros, o gran conflicto xurídico-político da Idade Moderna en Galicia. Analizan a cativa dimensión das explotacións campesiñas e a súa forte parcela-

ción. Preocúpanse pola necesidade de incrementar e reordenar a superficie cultivada; e tamén polas dificultades do proceso de intensificación dos cultivos e, dun xeito especial, de cuitar as terras. Sinalan a conveniencia de manter un equilibrio entre agricultura e gandería e estudian polo miúdo esta última, analizando dende a forma de tenencia do gando ata os problemas da súa comercialización.

Un certo número das súas propostas recorda os temas centrais da nova agronomía, desenvolvida a partir das obras de Tull e Duhamel de Monceau, se ben insisten no carácter non traspasable dalgunhas das súas experiencias. Dende o punto de vista agronómico, a aportación máis relevante é a *Memoria sobre el conocimiento de las tierras,* presentada en 1784 á Sociedade Económica de Santiago polo médico e físico asturiano, asentado en Galicia, Francisco Consul Jove. Pero tamén noutros ilustrados, e nomeadamente nos homes da Academia de Agricultura, atopamos un programa de melloras que inclúe o perfeccionamento do instrumental agrario, a introducción e selección de sementes, a mellora dos labores da terra, a introducción de novas producciónS, a racionalización dos cultivos e o aumento dos rendementos e da productividade.

Emporiso, non son os ilustrados cunha maior preparación agronómica os que máis profundan nas contradiccións entre o crecemento agrario e os límites fixados pola mesma organización social. Son dous homes cunha axustada preocupación xurídica, Juan Francisco de Castro e Luís Marcelino Pereira, os que efectúan a máis arguta crítica dos atrancos ó crecemento económico que se derivan das vixentes formas de propiedade da terra. Un e mais o outro son merecentes, pola época na que redactaron os seus traballos, de ocuparen un posto sobranceiro na historia do pensamento xurídico e económico do século XVIII español.

O coengo Juan Francisco de Castro, subdirector da Sociedad Económica de Amigos del País de Lugo, adica moitas páxinas a unha crítica sistemática e demoledora da propiedade vinculada, que se erguía como un dos principais obstáculos institucionais para o funcionamento dunha economía de mercado (M. J. González, 1988). Nos vínculos e nos morgados ve Castro (1770) a razón principal do atraso económico español:

> la sangre del cuerpo civil son los bienes, y los Mayorazgós no tienen otro más pronto efecto que el de impedir su curso, y privar su benéfico fluxo entre los miembros que le constituyen: los fija en una sola persona de una dilatada familia, con lo que se empobrecen, y esterilizan por falta de ese suco nutricio sus ramas: la población se minora, porque se minoran las dotes, y heredamientos: faltan brazos, o medios para la agricultura, con lo que desfallece: el comercio se extenúa sin la circulación donde tiene su apoyo; y ultimamente decaen las artes, y los manejos que sirven a la sociedad civil, y viene a una total parálisis, porque no giran los espíritus que la animan.

Refírese tanto Castro, a diferencia doutros autores, ós morgados grandes como ós pequenos, incluíndo na súa crítica ós cativos "vinculillos". Se ben "el detrimento en el bien común tanto más se hace sensible en los mayorazgos, cuanto estos son mayores", e no que respeta ós pequenos, "el menos daño que deben ocasionar por la cantidad de los bienes que comprenden, lo hacen con su multitud".

Nembargantes, a propiedade vinculada xoga un papel fundamental na reproducción das relacións sociais: "Sin bienes perpetuos, en que se sostuviesen sus familias, jamás éstas conservarían los blasones, o señales de su descendencia". Do mantemento das súas propiedades e da súa riqueza depende a conservación da nobreza. Castro, que olla as limitacións da sociedade dende o punto de vista económico, non ten a carraxe de pedir a súa sustitución. "Se necesita en la República un orden de ricos y pobres, nobles y plebeyos". A necesidade política da nobreza e a correlación entre a conservación desta clase e a propiedade vinculada, leva ó ilustrado lugués á formulación dun programa reformista dos morgados: prohibición de fundación no futuro sen permiso real, limitación dos privilexios da propiedade vinculada, aplicación e extensión da lei de incompatibilidades dos morgados, compatibilidade entre morgados e cesión enfitéutica, etc. Propostas que cabería calificar de apoucadas se paramos mentes na afouteza da crítica anterior.

No contexto do *Expediente de ley agraria* aberto no *Consejo de Castilla,* e que estudiaron polo miúdo Gonzalo Anes (1963) e Margarita Ortega (1986), Luís Marcelino Pereira, secretario da Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago e catedrático de Matemáticas na Universidade compostelana, publica no 1788 as súas *Reflexiones* sobre o tema. Amósasenos como un ardente defensor do dereito de propiedade, "no consistiendo éste sino en que cada uno puede usar y aún abusar a su arbitrio de lo suyo, en cuanto no perjudique al derecho perfecto de otro hombre", e xa que logo, "cualquier disminución en la propiedad es el estorbo más terrible que puede oponerse a los progresos de la agricultura, como a la de todo género de industria".

Con idéntica paixón refírese Pereira á libre circulación das terras. Declárase contrario ós morgados "tanto grandes como pequeños, y más aun a los primeros que a los segundos" aínda que recoñece que "no estamos en estado de cortar de raíz tan grave daño, suprimiendo enteramente los mayorazgos y la amortización, que son los principios del estanco; el único remedio que puede aplicársele es la división de los comunes", sobre os que presenta un proyecto de reparto e puxa entre os veciños.

As críticas de Pereira ás vinculacións e amortizacións gardan relación co proceso de formación do precio no mercado da terra. Así, o precio dun producto depende da oferta e da demanda; pero a demanda de terras é constante, pois as necesidades de terra permanecen inaltera-

bles; ó sumo podería haber unha redistribución na adicación da mesma. Verbo da oferta, depende de factores institucionais, eís onde o morgado e mais a amortización amosan o seu papel de atranco ó desenvolvemento agrario. Iso e mais o oligopolio da terra, "la reunión de muchas tierras en pocas manos", provoca o mantemento da oferta a niveis artificialmente baixos, o control do precio por uns poucos propietarios e o conseguinte encarecemento do mesmo. Liberalizado o mercado da terra, a oferta vén ser constante, pois "no siendo las tierras un género que abunde más en unos tiempos que en otros, nunca podrán ser materia de tráfico: quiero decir que nadie emplearía en ellas su dinero con el fin de ganar vendiéndolas luego, sino que las conservaría cada poseedor lo más que pudiese". A ceibe circulación das terras, sen intervención algunha sobre o mercado, levará a un precio óptimo das mesmas, no doble senso de "xusto" e de permitir un meirande aproveitamento económico, xa que "si hay quien ofrezca más por un terreno de lo que daba otro, es seguramente porque aun con este aumento le tiene cuenta, y sólo puede suceder lo contrario por un efecto del estanco; bien así como sólo puede subir el precio de los granos a más de lo justo y conveniente a compradores y vendedores por efecto de un monopolio entre éstos".

Non se limita Pereira á crítica de calquera obstáculo á libre circulación da terra. O seu liberalismo individualista atinxe a súa mais acaída expresión na valoración do contrato como a relación interhumana que ten que dirixir a actividade económica por riba de calquera outra instancia: as dúas partes contratantes "saben mejor que nadie sus verdaderos intereses. Déxeseles pues obrar con libertad; y si alguna institución pone a unos en estado de abusar de ella con perjuicio de los demás induciendo, o facilitando entre ellos una especie de monopolio, o derógguese o corríjase esta institución que es la verdadera causa del mal". Conecta así o xurista e matemático santiagués coa ideoloxía máis claramente burguesa do seu tempo.

III. A ESTRATEXIA INDUSTRIAL DOS ILUSTRADOS

Como os seus coetáneos doutras partes de España, os ilustrados galegos son conscientes do atraso económico con respecto a países como Inglaterra ou Holanda, aínda cando, ás veces, perciban con receo certos aspectos do seu crecemento económico por non consideralos desexables ou factibles. Verbo deste atraso, o cativo estado da producción manufactureira vívese con especial intensidade. Mesmo un agrarista radical como o Pai Sarmiento adica unha chea de folios ó tema. Nas descripcións de Bañuelos ou Cornide está presente este sentimento de frustración industrial. Vivero Calderón (1770), ó matinar sobre "los atrasos que padece el Reyno de Galicia" remata taxativamente: "la industria en este país está sumergida en el abismo de la nada, porque toda

esta Población consta de unos Individuos libres, sin caudal, materias, ni instrumentos con que obrar; y esta miseria, y languidez se aumentan a proporción del gran cuidado que tienen las Naciones Comerciantes en traer hecho de afuera todo lo que aquí se ncesita". E aínda en 1813, Suárez Freyre fala da "miserable e inexperta industria" de Galicia.

Teñen que relacionarse as ideas dos ilustrados galegos neste punto coas dúas tendencias básicas que presiden a concepción da actividade industrial en boa parte do século XVIII español. Atopámonos, dunha banda, a influencia do mercantilismo industrialista, que ten un estimable desenvolvemento nas obras de Gerónimo de Ustáriz e Bernardo Ulloa (V. Llombart, 1988). Doutra banda, a defensa da industria dispersa, que acada a súa expresión sobranceira no *Discurso sobre el fomento de la industria popular* (1774), suscrito por Campomanes.

A reivindicación da industria rural está xa presente en Sarmiento, pois cadra moi ben coa súa visión dunha economía baseada en explotacións familiares agrícola-gandeiras. Tamén o Real Consulado de A Coruña centrará unha boa parte das súas tarefas no desenvolvemento da industria textil doméstica (F. Dopico, 1978; E. Martínez Barreiro, 1981). O coidado pola mellora tecnolóxica e organizativa da lencería, cunha producción en notable aumento na segunda metade do século (X. Carmona, 1984), é ben patente tanto no Consulado como na Sociedad Económica de Santiago, e atinxe a súa máis requintada plasmación na *Memoria físico-económica sobre el mejoramiento de los lienzos en Galicia* (1794) de Consul Jove (P. Saavedra, 1983).

Os homes que estamos a estudiar despregaron tamén outras frentes, e mesmo principiaron iniciativas persoais no campo da industria e do comercio. Cunha cativa base social que puidese abeirar os seus proxectos e moito máis lonxe do poder do que outros ilustrados, como os asturianos (R. Anes, 1988), as súas propostas rara vez se materializaron con éxito. Nembargantes, hai unha excepción. A intervención de Pedro Antonio Sánchez, coengo da catedral de Santiago, foi decisiva para a promulgación da Real Cédula de 18 de Marzo de 1783 declarando que "no solo el oficio de curtidor, sino tambien las demás artes y oficios de herrero, sastre, zapatero, carpintero y otros a este modo son honestos y honrados, y que el uso de ellos no envilece para obtener los empleos municipales". No informe favorable de Campomanes e do Consejo de Castilla influíu a Memoria presentada por Sánchez diante da Sociedad Matritense e que esta elevou, con data do primeiro de agosto de 1781, ó Consejo.

Na súa *Memoria anónima bajo el nombre de Don Antonio el Filántropo, sobre el modo de fomentar entre los labradores de Galicia las fábricas de curtidos,* o coengo compostelán móvese en varios planos. Critica o "general desprecio en que se tienen las artes mecánicas". Describe a importancia dos curtidos en Galicia e a importancia dos recursos existentes no país

para o desenvolvemento da industria tenera. Invoca o perxuício de que "la mayor parte de las pieles que se gastan en el reino entran curtidas de otras partes. Bilbao, Portugal, Flandes e Inglaterra, suministran un número increible, despojando así al país del dinero que le es tan necesario". Relátanos, ademais, en términos dramáticos, a situación dos curtidores:

> Este ejercicio está tenido en aquel país por el más útil y más ignominioso de todos. Un labrador que se emplee en el curtido, deberá por el mismo hecho contar que quedará envilecido para siempre, debe determinarse a imponer una perpetua nota de infamia a todos sus descendientes, y así debe persuadirse que ninguno será admitido a los empleos públicos, ni a los del ministerio eclesiástico; que serán desechados de cualesquiera gremios, hermandades o cofradías; que serán despreciados por sus vecinos y odianos por sus parientes. Todavía hay más: este hombre deberá desde luego desconfiar de dar estado a sus hijos. Los labradores, los demás artesanos, se creerían envilecidos si sus hijos hiciesen un enlace: aun cuando ellos pensasen hacerlo, no produciría esto más que disensiones y quejas a los tribunales, en donde él se vería sonrojado con los epítetos más injuriosos. Las órdenes religiosas, aquellas que han sido fundadas para ejemplo de humildad y para enseñarnos a pisar igualmente los honores que las infamias del mundo, se creerían avergonzadas si admitiesen en su número a uno de esta familia. Los prelados eclesiásticos creerían haber deshonrado al clero admitiendo a uno de éstos a los sagrados órdenes.

O texto de Sánchez recórdanos a procura dunha parte do pensamento mercantilista por prestixiar os oficios materiais en base á súa utilidade e ós efectos favorables sobre a balanza comercial. Era, xa que logo, unha reivindicación asumible pola sociedade estamental, ata o punto de que na devandita Real Cédula se establecía que

> el mi Consejo quando hallare que en tres generaciones de padre, hijo y nieto ha exercitado y sigue exercitando una familia el comercio o las fábricas con adelantamientos notables y de utilidad al Estado, me propondrá, según lo prevenido, la distinción que podrá concederse al que se supiere y justificare ser director o cabeza de tal familia que promueve y conserva su aplicación, sin exceptuar la concesión o privilegio de nobleza.

Máis adiante, cando Pedro Antonio Sánchez posúa xa un pensamento económico de corte nidiamente liberal, optará decididamente polo desenvolvemento da industria do curtido e do calzado, diante dos que ven nela unha causa do deterioro dos carballos (*Memoria sobre los abastos y policía de Santiago,* 1802). E, asimesmo, Lucas Labrada (1804) invocará "los principios de economía política" para defender "la feliz propagación de nuestras fábricas de curtidos".

A estratexia industrial dos ilustrados móvese fundamentalmente en torno á producción artesanal ou, en todo caso, á manufactura centralizada. Nin sequera en Ibáñez, que proxectaba facer de Sargadelos un

poderoso núcleo industrial, existe unha teorización dun sistema de relacións articulado en torno ó sistema fabril, como ben se pode apreciar analizando os *Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos,* publicadas por A. Meijide pardo (1979). Isto non debe levarnos a minusvalorar o seu pensamento. Os recentes estudios das primeiras fases da industrialización, véñennos mostrando que, sen crebar as formas organizativas tradicionais, era tamén posible conseguir inzar a producción e tamén a productividade. A aplicación dos avances tecnolóxicos foron decisivos para o desenvolvemento económico, pero foino tamén a formación dun sólido tecido industrial, no que adoito se integraban procesos productivos baseados no traballo intensivo e que non incorporaban as novas fontes enerxéticas que protagonizaron a revolución industrial (D.S. Landes, 1984; M. Berg, 1987).

IV. AMPLIACIÓN DO MERCADO E CRECEMENTO DA PRODUCCIÓN.

Os economistas da escola clásica crían posible incrementar a producción por traballador, mais non indefinidamente. O motor do tal aumento da productividade residía na acumulación de capital e nos progresos na división do traballo, e non no cambio tecnolóxico do tipo do que se estaba a producir coa revolución industrial.

Uns homes, como os ilustrados galegos, arredados do centro dese proceso industrializador e que non tiñan o seu forte no razoamento abstracto, era lóxico que optasen por modelos de crecemento industrial máis próximos á súa concepción do mundo e ás súas experiencias vitais. Algúns deles si captaron, en cambio, un elemento fundamental no pensamento dos economistas clásicos: o aumento da producción que se deriva dunha maior división do traballo é algo que se atopa indisolublemente xunguido á expansión do mercado.

A formación e profundidade do mercado interior podía conseguirse eliminando os dous tipos de obstáculos fundamentais: os institucionais e mais os físicos. A defensa do libre comercio de grans e a elaboración de proxectos para a mellora das comunicacións atópanse dun xeito xeralizado nos escritores españois da segunda metade do século XVIII. Nalgúns ilustrados esta actitude acompáñase dunha visión das relacións económicas que sobardan o marco da sociedade feudal.

A actitude a prol da abolición de toda clase de normas que poidan controlar ou limitar o exercicio da actividade económica e o libre xogo do mercado marcha adoito unida, nos nosos homes, a unha teoría do precio baseada no axuste da oferta e a demanda. En Luís Marcelino Pereira, a eliminación dos atrancos institucionais provoca o incremento da oferta e o descenso do precio dos bens producidos e da terra. Pedro Antonio Sánchez (1806) exemplifica os beneficios do libre mercado no comercio da pesca:

> Yo, sin detenerme, les aplicaría una medicina, que ellas (las vendedoras de pescado) tomarían con mucho gusto, y que curaría sus males más bien que otra alguna. Quiero decir: les permitiría vender al precio que quisiesen, dando de esto las mayores seguridades, publicándolo por bando, y haciendo se extendiese la noticia a todos los puertos que nos surten de pescado. Además, acudiría al gobierno, a fin de quitar las trabas que hay en los mismos puertos, en perjuicio de la pesca: como es el que no se pueda extraer el pescado mientras el pueblo no esté surtido, y que se venda allí a un precio muy bajo. Por estos medios conseguiría el que hubiese aquí mucha más abundancia de pescado.

Asimesmo invoca Lucas Labrada (1804) os principios económicos cando defende o ceibe exercicio da pesca e denuncia os males que a súa vinculación á Matrícula de la Marina Real (M. X. Rodríguez Galdo, 1977; S. Santos Castroviejo, 1979) representa para a producción pesqueira, "Sólo adoptando en toda su plenitud la propuesta de los citados economistas, se logrará el fin tan deseado: esto es, que la pesca sea libre a todos los que viviesen en la costa y a los demás que quieran emplearse en esta ocupación, con tal que no pesquen con instrumentos y redes prohibidas". Labrada referírase con anterioridade a Cornide, Juan José Caamaño e Ibáñez e á traducción ó castelán da *Riqueza de las Naciones.*

As deficiencias no transporte é unha das causas dos "males" da economía galega na que máis cisman os ilustrados, como queda de manifesto na publicación de M. García-Fuentes neste mesmo número de *Grial.* En Lucas Labrada (1804) atopamos ademais un exercicio aritmético que ilustra un notable modelo espacial, do que o autor deduce unha proporcionalidade inversa entre a superficie da rexión proveedora de mantenzas a un centro consumidor (a cidade de Compostela) e o precio dos productos alimenticios. Os precios han descender, por conseguinte, na medida en que "se facilitaran caminos" que permitisen a extensión do mercado.

Ten un peso grande sobre os pensadores galegos do XVIII o pensamento mercantilista sobre a balanza comercial, e cáseque todos eles móstranse preocupados polo déficit comercial español e galego. Os ilustrados, mesmo os máis influídos polo liberalismo smithiano, non recollen a doctrina do comercio exterior da escola clásica. Pode tirarse da súa lectura que a liberalización das importacións, mentres non teñan lugar mudas no proceso productivo, pode contribuír a manter o atraso económico do país.

Luís Marcelino Pereira representa, sen embargo, unha clara excepción. Na súa *Memoria sobre la utilidad o perjuicios de la introducción de linos y cáñamos en Galicia,* presentada á Sociedad Económica de Santiago, critica as ideas mercantilistas acerca da extracción de diñeiro, "como si todo el objeto de la política estuviese reducido a impedir que salga el dinero del país y no más bien a acrecentar la población facilitando los

medios de vivir y multiplicando las cosas necesarias que son las verdaderas riquezas". Pereira coida que a extensión do comercio fai incrementar a oferta e disminuír o precio, e iso lévao non só a propugnar a liberalización do comercio interior, senón tamén a do exterior, o que ha conducir á especialización de acordo coa teoría das avantaxes absolutas:

> Este es el bien que produce el comercio, hacer que cada país produzca aquello precisamente para lo cual es más a propósito, y que ninguna provincia se vea precisada a cultivar con desventaja suya todas las cosas necesarias a la vida o a la comodidad humana.

En consonancia con estes principios, o ilustrado santiagués defenderá decididamente a introducción dos liños do Báltico, acusados, na súa opinión inxustamente, do devalo do liño autóctono. "La decadencia en el cultivo del lino del país, si es que alguna se ha experimentado, no pudo provenir de la introducción de linos extranjeros". Pereira insiste en que, aínda no caso de que producise ese efecto, a importación habería ser positiva:

> ¿Y es posible que haya a la vista de esto quien se lamente del dinero que extrae del reino la introducción que en él se hace de linos? como si no fuera más que doble y que triple del que extrae esta materia prima el que introduce su manufactura. Como si no fuera bien empleado un dinero que produce la subsistencia de un gran número de familias.

A importancia da industria lenceira residía en que podería constituír o cerne da criación dun tecido industrial que normalmente habería pasar pola expansión e adecuación da industria rural. Non hai que esquecer que o desenvolvemento agrario constituía o eixo do programa económico dos ilustrados. Os numerosos proxectos de mellora das comunicacións terrestres e fluviais tiñan como obxectivo principal a formación dun mercado interior para a comercialización dos productos agrarios. Pero disto non cabe deducir, mais que cun exceso de simplificación, que defenderan posturas antiindustrialistas. Máis ben, as reivindicacións dos nosos pensadores tendían a mostrar unha fe nas condicións naturais e humanas de Galicia que se non confirmarían na realidade:

> siendo Galicia el país más a propósito que tiene la España para el establecimiento de todo género de manufacturas, así por las muchas aguas y leñas de que en la mayor parte abunda, como por su muchedumbre de población aplicada y de ingenio para exercer con superior éxito toda especie de oficios y artes; es donde se hallan menos fábricas, y en su interior ni una que merezca el nombre de tal, ni otra industria por lo general que la de algunos artefactos groseros para sus precisos usos domésticos, y la antigua de sus lienzos y estopas caseras (J. F. Suárez Freyre, 1813).

F. D.

BIBLIOGRAFÍA

G. ANES (1963), "El informe sobre la Ley agraria y la Real Sociedad Económica Matritense de Amigos del País", en *Homenaje a D. Ramón Carande,* Reproducido en G. ANES, *Economía e 'Ilustración' en la España del siglo XVIII,* Barcelona, Ariel, 1969.

R. ANES (1988), "Ideas económicas de los ilustrados asturianos", *Revista de Occidente,* núm. 82.

X. M. BEIRAS (1972), *O Atraso económico de Galicia,* Vigo, Galaxia.

M. BERG (1987), *La era de las manufacturas, 1700-1820. Una nueva historia de la Revolución industrial británica.* Barcelona, Crítica.

P. R. CAMPOMANES (1762), *Reflexiones sobre el comercio español a Indias,* edición de V. Llombart, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales.

Conde de CAMPOMANES (1774), *Discurso sobre el Fomento de la Industria Popular,* Madrid; edición de J. Reeder, Madrid, Instituto de Estudios Fiscales, 1975.

X. CARMONA BADIA (1984), "Clases sociales, estructuras agrarias e industria rural doméstica en la Galicia del siglo XVIII", *Revista de Historia Económica,* vol. II, núm. 3.

J. F. de CASTRO (1765), *Discursos críticos sobre las leyes y sus intérpretes, en que se demuestra la incertidumbre de éstos, y la necesidad de un nuevo y metódico cuerpo de derecho, para la recta administración de la justicia,* Madrid, 2 tomos.

J. F. de CASTRO (1770), *Discursos críticos sobre las leyes y sus intérpretes: incertidumbres y detrimentos de los Mayorazgos y otras disposiciones análogas en el bien común: su ofensa a la población, agricultura, artes y comercio: necesidades de remedio: tentativa de algunos medios. Paradojas sobre la nobleza y mérito para fundar Mayorazgo,* Madrid.

F. CONSUL JOVE (1786), *Memoria sobre el conocimiento de las tierras. Verdadero i económico método de cultivarlas, adaptado al clima, i circunstancias de Galicia, i Asturias,* Santiago; ed. de J. Fonseca y F. Díaz-Fierros, A coruña, O Castro, 1987.

F. CONSUL JOVE (1794), *Memoria Físico-Económica sobre el Mejoramiento de los Lienzos en Galicia,* madrid.

F. DOPICO (1978), *A Ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados* , Vigo, Galaxia.

J. FONTANA (1982), *Historia: análisis del pasado y proyecto social,* Barcelona, Crítica.

M. J. GONZALEZ (1988), "Campomanes y Jovellanos ante el marco institucional de la economía de mercado", *Información Comercial Española,* 656.

L. LABRADA (1804), *Descripción económica del Reino de Galicia,* Ferrol; ed. de F. J. Río Barja, Vigo, Galaxia, 1971.

L. LABRADA (1806), *Discurso formado por D.---, Secretario del Real Consulado de La Coruña para leerle en la abertura de la Biblioteca que estableció Don Pedro Antonio Sánchez,* Madrid.

D. S. LANDES (1984), *Revolution in time. Clock and the making at the modern world,* Harvard University Press.

V. LLOMBART (1988), "Estudio preliminar", en P. R. CAMPOMANES (1762).

E. LLUCH (1988), "La Ilustración en Cataluña: el esfuerzo para proyectar un país", *Sistema,* núm. 84.

A. MEIJIDE PARDO (1979), *Documentos para la historia de las Reales Fábricas de Sargadelos,* A Coruña, O Castro.

F. M. de NIPHO (1769-1771), *Correo General de España y noticias importantes de agricultura, artes, manufacturas, comercio, industrias y ciencias.:.,* Madrid.

M. ORTEGA (1986), *La lucha por la tierra en la Corona de Castilla al final del Antiguo Régimen,* Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.

L. M. PEREIRA (1788), *Reflexiones sobre la ley agraria, de que se está tratando en el Consejo. Carta escrita al señor Don Manuel Sisternes y Feliú. Fiscal que fue del mismo Consejo y de la Real Cámara,* Madrid.

L. M. PEREIRA, *Memoria sobre la utilidad o perjuicios dela introducción de linos y cáñamos en Galicia.* Reproducida en *El Eco de Galicia,* núms. 28-31, 1851.

Real cédula de S.M. y señores del Consejo, por la qual se declara que no sólo el Oficio de Curtidor, sino también los demás Artes y Oficios de Herrero, sastre, zapatero, Carpintero y otros a este modo, son honestos y honrados...., Madrid, 1783.

M. X. RODRIGUEZ GALDO (1977), "Nos alicerces do subdesenrolo galego: A pesca a mediados do século XVIII", *Grial,* núm. 56.

P. SAAVEDRA (1983), "Desarrollo y crisis de la industria textil gallega. El ejemplo de la lencería, 1600-1840", *Cuadernos de Investigación Histórica,* núm. 7.

P. A. SANCHEZ (1782), *Memoria anónima bajo el nombre de don Antonio Filántropo, sobre el modo de fomentar entre los labradores de Galicia las fábricas de curtidos.* Recollida en P.A. SANCHEZ, *La economía gallega en los escritos de ---,* edición de X. M. Beiras, Vigo, Galaxia, 1973.

P. A. SANCHEZ (1802), *Memoria sobre los ganados en Galicia, considerados relativamente a la economía política,* Madrid. Reproducida en P. A. SANCHEZ, *La economía gallega...*

P. A. SANCHEZ (1806), *Memoria sobre los abastos y policía de Santiago,* Madrid. Reproducida en *La economía gallega...*

S. SANTOS CASTROVIEJO (1979), *A pesca e o salazón nas rías de Pontevedra, dende as Ordenanzas Xeraes da Armada de 1748 ó desestanco do sal de 1870,* Santiago, Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais, Tese de Licenciatura inédita.

V. de el SEIXO (1796), *Compendio de observaciones, que forman el plano de un Viage Político y Filosófico que debe hacerse dentro y fuera del Reyno en que nacemos, y luego por la Europa y demás partes de la tierra, en el qual se trata de las excelencias, riqueza y origen de las Artes: de los tres Reynos de la Naturaleza: y de toda la economía Animal, Vejetal y Mineral,* Madrid.

V. de el SEIXO (1801), *Discurso filosófico y económico político sobre la capacidad o incapacidad natural de las mujeres para las ciencias y las artes; y si en razón de su constitución, o por defecto de su potencia intelectual, y organización física, deben o no tener otras ocupaciones que las de la rueca, calceta y aguja, como pretenden algunos*

hombres, o deberá dárseles otra educación que la que se las da actualmente, y qual sea esta, Madrid.

J. URRUTIKOETXEA, ed. (1986), *Peñaflorida y la Ilustración,* San Sebastián, Universidad de Deusto.

F. VENTURI (1970), *Utopia e riforma nell'illuminismo,* Torino, Einaudi.

F. VIVERO CALDERON (1770), "Relación del Corregimiento del Ferrol, en el Reyno de Galicia", en F. M. de NIPHO, tomo I.

A Ilustración Galega. Bases para unha interpretación histórica

Xosé Ramón Barreiro Fernández

Aínda que a Ilustración Galega non pode ser valorada como un fenómeno mimético con respecto á Ilustración Española, xa que ten un acento propio que tentaremos de salientar, non é menos certo que como fenómeno social incardínase na gran corrente ilustrada española, como esta se integra no movemento das Luces. Por este motivo faremos preceder ó tratamento da Ilustración Galega unha breve consideración sobre a Ilustración Española en xeral.

I. O FENÓMENO ILUSTRADO

1. *As bases filosóficas da Ilustración Española*

Tódolos estudiosos do tema coinciden en salientar o "descubrimento" da Razón como contraposición á tradición, entendida esta como o repertorio ou acumulación de saberes falsos cos que se pretendía explicar a realidade. A Razón é a lei universal, é a harmonía preestablecida no cosmos que a razón humana ten que coñecer para interpretar axeitadamente o mundo e para propiciar un desenrolo harmónico. Este "descubrimento" da Razón como lei universal, como ciencia do racional, non produciu na Ilustración Española unha contraposición entre Fe e Razón, porque reservando á Fe o ámbito que lle é propio, a Razón non é outra cousa que o ordenamento divino do cosmos, producto da sabiduría divina, xa que sería impropio desta sabiduría crear un mundo sen orde e leis propias. A razón humana é o privilexio que Deus concedeu ó home para descubrir esas leis insitas na propia natureza. Desta maneira a razón humana ten unha función instrumental en canto que serve para interpretar e favorecer o proceso de racionalidade que Deus lle imprimiu ó cosmos. Non hai contraposición entre Fe e Razón, porque

a razón humana intégrase no plan da racionalidade programado ab initio pola divinidade ó crear o mundo.

De aquí a necesidade e a obrigación de aplicar a intelixencia á natureza para dominala, exercicio que ten que facerse cientificamente, é dicir, con rigor lóxico e sistemático, eliminando as crencias supersticiosas e milagreiras coas que a tradición pretendía explicar, por vía de crencia e non de ciencia, unha realidade incontrolada. Como dicía Feixoo, posiblemente o espíritu máis sotil da Ilustración, a Omnipotencia tomaba ó seu cargo (milagre) só as empresas arduas e non as comúns, que deixaba á responsabilidade dos homes (Feixoo, *Teatro Crítico*).

Isto explica o xigantesco esforzo dos ilustrados por estender a ciencia por medio de institucións, revistas, libros. Unha ciencia non discursiva senón *útil,* xa que como dicía Campomanes "me parece más útil al género humano la invención de las agujas de coser que la Lógica de Aristóteles y un gran número de sus comentadores, los cuales han sido en España más comunes que las fábricas de agujas" (*Discurso sobre la educación popular,* p. 35). Ciencia que non só afecta á intelixencia senón tamén á vontade, ós hábitos humanos, en definitiva á *educación.* Os ilustrados impuxéronse na ardua tarefa de facer pedagoxía activa sobre unha poboación masivamente analfabeta, porque como di Aranguren, "los ilustrados estaban convencidos de que el hombre solamente por ignorancia... es malo" (*Moral y sociedad,* p. 18).

2. *Os eixos de actuación da Ilustración Española*

Como consecuentes fisiócratas optan prioritariamente pola *racionalización da infraestructura agraria,* racionalidade que consistía fundamentalmente en respetar o exercicio das propias leis económicas, eliminando os obstáculos artificiais (legais) productos da historia que impedían o exercicio desas leis. Xustamente ó chegar a este punto agroman tódalas contradiccións da Ilustración Española. Porque en canto se trataba de estudiar as reformas concretas a realizar por vía lexislativa inmediatamente se entraba nunha dinámica de intereses afectados por esas reformas. O feito de que a elaboración da nova lei agraria se prolongara durante 25 anos e que, finalmente, non tivera eficacia legal algunha, revela ata que punto a unanimidade ilustrada en torno ás ideas de modernidade, ciencia útil etc. rachaba cando se pretendía concretar en fórmulas legais ou cambio. (Elorza, *El expediente de reforma agraria;* G. Anes, *Economía e Ilustración,* pp. 95-135). Porque a única posible reforma era a eliminación da amortización da terra, e esta reforma significaba atentar directamente contra a nobreza e o clero. E dicir, a reforma ilustrada entrou de seguida en contradicción cos intereses das dúas clases dominantes.

Outro tema prioritario para os ilustrados foi o da *adaptación da artesanía e a industria á propiedade rural.* A artesanía rural tiña que ser o complemento da producción agraria, xa que, como dicía Campomanes, "la agricultura sin artes es lánguida, porque la mujer, las hijas y los niños de un labrador, donde no se ocupan en las fábricas, son una carga, aunque indispensable, que abruma al jornalero y enflaquece al labrador más acomodado". Os obxectivos da industria rural son a utilidade social o pleno emprego e o productivismo. Para logralos non dubidan os gobernos ilustrados en podar a árbore dos días festivos, árbore sempre xenerosa en España, e en suprimir os gremios, corsé institucional que se opoñía a unha industrialización non controlada.

A reactivación do comercio interior e exterior será outro eixo de actuación ilustrada. E isto non só abrindo novos camiños por toda a xeografía española, (os proxectos de Ward e de Sarmiento son unha mostra da boa vontade que subxacía nos plantexamentos dos ilustrados, pero tamén da inxenuidade dos mesmos), senón tamén reformando, por vía de goberno, a política económica comercial: é neste período cando se elimina o monopolio comercial de Cádiz con América, porque como escribía Campomanes "la reducción del comercio con tan extensos dominios a un solo puerto, indujo virtualmente por sí misma un estanco inconcebible. La decadencia de este comercio facilitó el contrabando" (Campomanes, *Discurso sobre la educación popular*). A creación dun mercado nacional determinou igualmente á reforma do sistema fiscal reducindo a un só concepto, (a contribución única), a serie de conceptos fiscais, reforma impedida aparentemente polo pobo pero dinamitada desde dentro do propio sistema político polas clases dominantes que resultarían afectadas.

Este programa utilitario era inconcebible sen a *educación.* De aí a campaña de mentalización desenrolada polos ilustrados para integrar o pobo na empresa reformadora, integración que tiña que facerse non como cidadáns libres, (este concepto non foi intuído polos ilustrados), senón como súbditos e desde a súa posición social habitual. Por este motivo empregan nos seus escritos un ton afectuoso, paternal, con profusión de parábolas e exemplos coa clara pretensión de moralizar, ilustrar e educar na filosofía da Ilustración.

A necesidade de incorporar á producción as distintas capas sociais e a mesma mítica do valor do traballo como elemento rexenerador da nación, determinou unha nova axioloxía social: a superación da dicotomía entre traballos honrosos e traballos "bajos y viles" que xeneraban "deshonra legal". Feixoo lucidamente, como sempre, apuntaba que "si los hombres se conviniesen en hacer aprecio justo de los oficios o ministerios humanos, apenas habría lugar a distinguir en ellos como atributos separables la honra y el provecho. Miradas las cosas a la luz de la razón, *lo más útil al público es lo más honorable y tanto más honorable cuanto*

más útil". Iniciábase o acoso ó concepto tradicional do "honor" mediante as obras de Francisco de Bruna, de Antonio Xavier Pérez y López e, sobre todo, do coengo compostelano D. Pedro Antonio Sánchez, que provocou a decisión real de dignificar tódolos traballos, é dicir, que o exercicio dos traballos mecánicos e baixos non xeneraba deshonra.

3. *Os ilustrados e o réxime político*

A reforma e a modernización que defenden os ilustrados non só era conciliable senón que requería a *monarquía absoluta.* A literatura política dos ilustrados é a máis exaltada na magnificación do poder absoluto do monarca. Abondaría isto para separar definitivamente a Ilustración do Liberalismo, en canto que parten de dúas matrices ideolóxicas radicalmente distintas.

Algún dos ilustrados captou a contradicción latente no discurso teórico en favor da liberación das forzas autonómicas, da iniciativa privada, da modernización de España e a concepción absoluta do poder. Sen embargo, seguiron defendendo esta concepción absoluta e pecharon as portas, mesmo recorrendo á represión ideolóxica, a todo discurso que menoscabara esta autoridade absoluta. ¿Só por razón dos seus intereses de clase? Non é isto imaxinable en conductas como a de Jovellanos, quen seguía mantendo as mesmas ideas cando xa non era pensable un inmediato favor real. Cremos que os ilustrados defenderon a monarquía absoluta por *utilitarismo,* por eficacia, e, sobre todo, porque desconfiaban da capacidade dos españois para realizar a modernización sen o apoio total dun poder hexemónico e incontestado. León del Arroyal, posiblemente o menos ilustrado desta xeneración, porque o seu pensamento estaba xa impregnado dun protoliberalismo ideolóxico, non duda en xustificar o absolutismo como instrumento táctico: "Para el logro de las grandes cosas es necesario aprovecharnos del fanatismo de los hombres. En nuestro populacho está tan válido aquello de que el Rey es señor absoluto de la vida, las haciendas y el honor, que el ponerlo en duda se tiene por especie de sacrilegio y he aquí el nervio principal de la reforma. Yo bien se que el poder omnímodo del monarca expone la monarquía a los males más terribles, pero también conozco que los males envejecidos de la nuestra solo pueden ser curados por el poder omnímodo". En menos palabras non se pode definir mellor a concepción utilitaria do poder político. (León del Arroyal, *Cartas político-económicas al Conde de Lerena*).

Frente a esta concepción do poder absoluto (o poder absoluto non é unha persoa senón un sistema e, por conseguinte, integra os corpos colexiais que axudan e contrapesan ó monarca, é dicir, integran á nobreza e ó clero) está o pobo, considerado *non cidadán senón súbdito.* Un pobo suxeito pasivo da educación racional dos ilustrados e en beneficio do cal

se arbitran reformas non porque se consideren *máis xustos senón máis útiles* á nación. Tamén neste ponto pode advertirse a distancia que hai entre o discurso político ilustrado e a concepción liberal.

II. A ILUSTRACIÓN GALEGA

Interesaba demorarse algo na exposición do pensamento ilustrado español para contextualizar o fenómeno na súa versión galega e, sobre todo, para non dar a falsa imaxe de que a construcción ideolóxica da Ilustración Galega fora un producto autónomo ou estrictamente galego. As grandes liñas do pensamento ilustrado galego coinciden e, por conseguinte, nútrense da Ilustración Española.

Sen embargo, esta apreciación de ningunha maneira debe interpretarse como se a Ilustración Galega fora un producto de mimetismo ou contaxio. Hai na nosa Ilustración unha especificidade que vén determinada por dous feitos: a evidente modernización económica que experimenta Galicia na segunda metade do século XVIII (xeneralización dos novos cultivos do millo e a pataca, aumento en case 200.000 Has. da área de cultivo por roturacións, o crecemento dos rendementos agrícolas, a expansión da gandería vacuna, a conxuntura alcista dos precios, a liberación do comercio con América e a inmigración masiva dunha burguesía foránea), que a sensibiliza para recibir e xenerar unha resposta ideolóxica ilustrada, e o descubrimento, por parte dun sector da nosa ilustración, de Galicia, como realidade autónoma no complexo estatal, que os leva a comprometerse con solucións indubitablemente galegas tanto na orde económica como cultural. Fenómeno éste da meirande importancia porque significa unha primeira toma de conciencia da realidade política galega, aínda que pola súa contextualización nun rexime político absolutista e de Antigo Rexime non podía xenerar posibilidades de cambio político.

1. *As reformas económicas dos proxectistas ilustrados*

É case un lugar común no pensamento económico dos nosos ilustrados, (F. Dopico, *A Ilustración e a sociedade galega*), a solicitude dunha *reforma agraria,* que para Pereira, Lucas Labrada o J. Francisco de Castro, pasaba inevitablemente pola liquidación dos morgados. Pereira, catedrático da Universidade de Santiago e posteriormente conselleiro de José I, oponse teoricamente ós morgados "tanto grandes como pequeños y más aún a los primeros que a los segundos, nocivos sobre toda ponderación, no solo a la agricultura, a las artes, al comercio, sino también, lo que es aún peor, a las costumbres y juzgo vanas todas las utilidades que comúnmente se les atribuyen" (Pereira, *Reflexiones sobre la ley agraria*).

Non doutra forma plantexaba o tema o coengo lucense D. J. Francisco de Castro *(Discursos Críticos, III):* "La sangre del cuerpo social son los bienes y los mayorazgos no tienen otro más pronto efecto que el de impedir su curso y privar su benéfico fluxo entre los miembros que le constituyen: los fija en una sola persona de una dilatada familia, con lo que se empobrecen y esterilizan por falta de ese suco nutricio sus ramas, la población se aminora, porque se minoran las dotes y heredamientos, faltan brazos o medios para la agricultura, con lo que desfallece, el comercio se extenúa sin la circulación donde tiene su apoyo y últimamente decaen las artes y los manejos que sirven a la sociedad civil y viene a una total parálisis".

Finalmente Lucas Labrada, secretario do Consulado da Coruña, coincide cos anteriores: os economistas "prueban incontestablemente que toda vinculación es un mal, que todas las cosas comerciables reciben en su precio las alteraciones que son consiguientes a su abundancia o escasez, esto es, que siendo unas mismas las necesidades, los precios están en razón inversa de la cantidad de los géneros, que tampoco se puede prescindir de que las tierras son comerciables como todos los más objetos que se pueden permutar, y que por consiguiente cuanta mayor cantidad de ellas estuvieran en circulación, tanto menor será el precio representativo de su valor" (J. Lucas Labrada, *Descripción Económica*).

Esta crítica ás vinculacións, dende a economía política, non xenera sen embargo nestes autores os conseguintes posicionamentos en favor dunha radical supresión das mesmas. Atorados polos condicionamentos de clase, estes ilustrados (e citámolos por seren os máis críticos) entenden que a supresión dos morgados menoscabaría o poder económico da nobreza e mesmo a podería extinguir e nos seus plantexamentos políticos a nobreza era unha das columnas do sistema absolutista. De aí que Pereira, por exemplo, despois da análise que transcribimos, conclúe que "no estamos en estado de cortar de raíz tan grave daño, suprimiendo enteramente los mayorazgos". O P. Sarmiento *(Obra de los 660 pliegos),* presupón que deben permanecer tanto a amortización eclesiástica como os morgados nobiliares máis antigos, os concedidos polos reis, pero que deben ser suprimidos todos aqueles que apareceron abusivamente, sen o recoñecemento real.

Os fortes intereses de clase son, igualmente, os que determinan o seu posicionamento sobre o traumático tema das renovacións forais. No século XVIII (Barreiro Fernández, *A problemática foral*) reábrese o tema da renovación ou non forzosa dos foros cando se cumprira o tempo polo que foran contratados (3 vidas de reis e 29 anos). Pois ben, o posicionamento dos ilustrados adáptase ós intereses da propia clase: mentras que para o P. Sarmiento non debe aceptarse a renovación forzosa, xa que os bens aforados deben reverter ós propietarios (neste ca-

so ós mosteiros e non esquenzamos que el é benedictino) para que estes logo os cedan novamente ós campesiños sen a intermediación da fidalguía ós que chama "harpías que comían, bebían, bestían y triunfaban a costa del sudor de los otros colonos y de la connivencia de la Religión", polo contrario, para o coengo D. Francisco de Castro, a renovación debe ser forzosa e inmediata, xa que de non ser así sairían perxudicados tanto os campesiños (no futuro a mercede dos mosteiros) como a fidalguía que quedaría no futuro sen base económica na que asegurar a súa permanencia. Neste caso está claro que os intereses monásticos non coinciden cos intereses do alto clero galego que, en canto fidalgos, necesitaban que a súa clase social perdurara co mesmo poder económico tradicional. Como se sabe, e non podía suceder doutra maneira, Carlos III non resolveu en favor da liberdade económica tan preconizada polos ilustrados, senón en favor da renovación forzosa dos foros, é dicir, en favor da fidalguía que seguía a manter unha intermediación na relación foral da que obtiña o excedente agrario que fundamentaba o seu poder social.

Estas contradiccións revelan a incapacidade do pensamento económico ilustrado para rachar co sistema económico tradicional.

No ramo da industria, especificamente da industria artesanal apegada á agricultura, tamén os nosos ilustrados arbitraron os seus proxectos: a industria textil, de tanta tradición en Galicia, foi un obxecto de preferente atención, xa que requería unicamente o traballo feminino que non restaba brazos ó traballo do campo. Esta industria, ó mesmo tempo que garantizaba un plus económico familiar, aseguraba a materia prima suficiente para os empresarios textís que a través deste sistema (o domestic system) estaban protexidos das crises coxunturais ó non teren que pagar salarios nin facer custosas inversións fabrís. Por esta razón as institucións ilustradas (Sociedades Económicas e Real Consulado da Coruña) pularon a importación de semente de liño e novas técnicas de manufacturación, fomentan a plantación de Cánabo para reducir a importación deste producto do Báltico, e apoian as diversas experiencias neste sector.

Tamén os curtidos reclamaron a atención dos ilustrados. O coengo compostelán D. Pedro Antonio Sánchez redactou unha Memoria na que expoñía as grandes avantaxes que para o campesiño galego tiña adicarse subsidiariamente ó curtido, porque "el trabajo que se emplea en el curtido nada embaraza al labrador para que se emplee en las labores del campo: los ratos lluviosos, las horas en que hace mucho calor, la noche misma, son tiempo oportuno para dedicarse a esta ocupación". O benemérito coengo, que aínda que nacera en Curtis, no corazón do agro galego, parece ser que xa se esquencera do que significaba o traballo campesiño, comprendía que tódalas avantaxes económicas que podería proporcionar o traballo nos curtidos quedaban menoscabadas

pola perda da valoración social que acompañaba a aqueles que se adicaban a este oficio, considerado vil. Na súa Memoria protesta enerxicamente contra esta situación: "Un labrador que se emplee en el curtido deberá por el mismo hecho contar que quedará envilecido para siempre, debe determinarse a imponer una perpetua nota de infamia a todos sus descendientes y así debe persuadirse que ninguno será admitido a los empleos públicos ni a los del ministerio eclesiástico, que serán desechados de cualesquiera gremios, hermandades o cofradías, que serán despreciados por sus vecinos y odiados por sus parientes. Todavía hay más: este hombre deberá desde luego desconfiar de dar estado a sus hijos. Los labradores, los demás artesanos, se creerían envilecidos si sus hijos hiciesen un enlace..." (Pedro A. Sánchez, *Memoria anónima bajo el nombre de D. Antonio Filantropo*). Parece ser que esta Memoria, apoiada pola Sociedade Matritense e co favor de Campomanes, decidiu a Carlos III a firmar a Real Cédula do 18-III-1783 pola que se declaraba que os oficios de curtidor, ferreiro, xastre, zapateiro, carpinteiro e outros "son honestos y honrados, y que el uso de ellos no envilece la familia, ni la persona del que los exerce ni la inhabilita para obtener los empleos municipales". Esta Real Cédula confirma o que tantas veces xa repetimos ó longo deste traballo: a Ilustración eleva, por vía de privilexio, a condición dos artesáns infravalorados. O liberalismo, polo contrario, recoñece a todos a condición de cidadáns e iguais ante a lei. Estamos nunha filosofía distinta.

2. *Os ilustrados e Galicia*

Non tódolos ilustrados galegos manifestan ter percibido a realidade galega como entidade propia e marxinada, pero si tiveron esta percepción Sarmiento, Cornide, Somoza de Monsoriu, P. Sobreira e algúns outros máis.

Sarmiento é un perfecto coñecedor da nosa xeografía, dos nosos minerais, plantas e do noso idioma. Non descansou en redactar memoriais e representacións que tiñan como único obxecto a defensa de Galicia e dos seus homes. Defendeu apaixonadamente o idioma galego: "No pocas veces he pensado en cuál ha sido la causa de que en Galicia se haya introducido el uso o abuso de escribir en castellano lo que antes se escribía en latín o en gallego... ¿Quién lo introdujo? La respuesta está patente... no los gallegos sino los no gallegos que a los principios del siglo XVI inundaron el reino de Galicia, no para cultivar sus tierras sino para hacerse carne y sangre de las mejores y para cargar con los más pingües empleos, así eclesiásticos como civiles. Estos han sido los que por no saber la lengua gallega ni por palabra ni por escrito, han introducido la monstruosidad de escribir en castellano para los que no saben sino el gallego puro" (Texto tomado de F. Dopico, op. cit. pp. 113-114).

Sarmiento non ten reparo en soster "que los curas sean naturales del país, para que así prediquen y confiesen en gallego, cesando los gravísimos inconvenientes de ejecutar estas funciones en castellano".

Se Feixoo foi o defensor dunha racionalidade en abstracto, Sarmiento conciliou racionalidade e tradición e a única tradición que chegou a el foi a galega encarnada no seu idioma, na súa cultura (E. González López, *Fray Martín Sarmiento e a conciencia da personalidade cultural de Galicia*).

A lingua galega foi asimesmo obxecto de análise polo monxe bieito Xoan Sobreira Salgado, autor dun *Diccionario o Glossario general de la Lengua Gallega,* lamentablemente perdido, pero do que quedan traballos soltos, parcialmente recuperados por Pensado.

A galeguidade dos nosos ilustrados ponse de manifesto con ocasión da penetración catalana en Galicia, fenómeno globalmente estudiado por Alonso Alvarez *(Industrialización y conflictos sociales)*. A penetración catalana foi percibida, correcta ou incorrectamente, este é outro tema, por Cornide e Sarmiento como unha inxusta colonización e determinante da expoliación da riqueza galega.

"Y he aquí, escribe Cornide, se presentan los industriosos catalanes: esos holandeses del Mediodía, que vinculan su subsistencia en los productos de su industria, esos hombres especuladores, cuyas operaciones dirige solo el interés, y derramándose en varias colonias de pescadores y traficantes por la costa, ocupan hasta la más pequeña ensenada, emprenden la ruina de su pesca, trastornan el comercio de sus naturales, dexándolos en una sujeción precaria, abusan de la sencillez de los incautos pescadores, empéñanlos en los contratos que causan su ruina y anticipándoles en vinos y aguardiente el valor de su futuro trabajo, vician sus costumbres y fomentan su ociosidad" (Cornide, *Memoria sobre la pesca,* pp. 59-60).

Somoza de Monsoriú súmase a esta campaña anticatalana: "La pesca de los catalanes en Galicia y la franqueza y método con que la ejecutan es otro estorbo considerable de la riqueza de la nación" (Somoza de Monsoriú, *Estorvos i remedios,* pp. 58, 70). E é un estorbo, ratifica Somoza, porque provoca a pobreza dos mariñeiros galegos, quedando estes "sin ejercicio... mirando desde sus casas caminar para el bolsillo de los extraños lo que debiera ser mayorazgo de sus familias: Cataluña quedará poderosa, pero Galicia muy miserable". Máis adiante volve a insistir Somoza: "Los catalanes no necesitan la pesca de Galicia para ser felices y poderosos. Las Indias les presentan arbitrios bastantes para su fortuna y grandeza. No hay descubrimiento, viaje dilatado ni empresa difícil de comercio en América que no puedan hacer los catalanes. Su caudal y su espíritu tiene capacidad para todo. Los gallegos sí que necesitan este ramo para la cumbre de sus dichas. El darles compañeros para su logro

es quitarles parte de la suerte y aun embarazarles la corta ventaja" (Somoza de Monsoriú, *Estorvos i remedios,* p. 76-7).

Cando a pugna anticatalana adoptou as formas de presión violenta contra dos aparellos (a xábega) introducidos polos cataláns, o P. Sarmiento denuncia esta actitude dos novos amos dos mares galegos: Di que os mariñeiros "están padeciendo las tiranías de los que inundaron a Galicia, para arrasar las semillas de la pesca, sin que haya quien los refrene, y lo peor es que algunos gallegos espúreos se han puesto de parte de los tiranos".

O célebre D. Diego Antonio Cernadas y Castro, o chamado Cura de Fruime (habería que dicir o primeiro, xa que o sucedeu na mesma parroquia outro poeta D. Antonio F. de Castro, que sería o segundo cura de Fruime) dificilmente pode ser catalogado entre os ilustrados, aínda que coincidira cronoloxicamente con esta xeneración. Hai, sen embargo, algúns elementos na súa obra que, aínda que só sexa pola coincidencia cronolóxica, podemos consideralos comúns. Por exemplo o sentimento de Galicia. Cernadas adopta con respecto á Galicia unha actitude primaria, sentimental, pouco racionalizada, pero que testemuña que no seu tempo hai unha nova percepción da realidade galega, aínda que esta se exprese tan primariamente como no caso do Cura de Fruime. Na súa obra séntese na obriga de defender "el honor de la Patria" (Galicia) en canta ocasión se lle presenta. Polemiza co P. Flórez porque este defendeu que Prisciliano fora bispo de Galicia, o que lle parecía inxurioso a Cernadas. Aínda que Flórez tivo a delicadeza intelectual de contestarlle, isto non afrouxou o ánimo de Cernadas que se lanzou a tumba aberta contra tódolos historiadores que defenderan tal apreciación, e o fai por "amor a la patria", porque "sufrir con silencio los ultrages de la propia persona ya cabe en la perfección de una paciencia cristiana, pero callar a vista de los ajamientos de una madre honrada, cuando la afean en su pureza, prohijándola abortos de infamia, más sería insensatez indigna que loable tolerancia" (*Obras en prosa,* T. I, p. 159-160).

Cernadas segue instalado nunha actitude de apoloxía de Galicia que recentemente tivemos ocasión de expoñer e analizar como posicionamento propio dos nosos intelectuais dos séculos XVI e XVII (Barreiro Fernández. *A Historia da historia*). Escoita cantas chanzas ou refráns se repiten deixando en mal lugar ós galegos e, a súa maneira, procura contestalas por medio doutras chanzas do mesmo pésimo gosto. Nunha poesía, e despois de relatar as necesidades doutras zonas de España, conclúe:

> Todos entran en Galicia
> porque ésta a todos les entra,
> y en acertando la entrada
> después a salir no aciertan.

Pues si ella es tan ruín, ¿Cómo
tantos guapos la cortejan?
¿Para qué con ella tratan?
¿Para qué comen con ella?

Ata o feito de que en Castela se dixera que en Galicia chovía moito, poñía fora de si ó Cura:

Que es del cielo el orinal,
dicen por zumba, Galicia;
mas tambien por la noticia
es Castilla el arenal

3. *Os ilustrados e a política*

A lectura atenta das obras dos nosos ilustrados demostra que ningún deles cuestiona a estructura social e política de España. Non atopamos unha razoada crítica do papel da nobreza ou do poder económico do clero. Por suposto é inútil buscar nas súas obras un plantexamento revisionista da monarquía absoluta.

O que atopamos é unha crítica, ás veces feroz, do feudalismo (especialmente en Lucas Labrada, Pereira ou Francisco de Castro), en canto que o "feudalismo" (concepto vago e suficientemente impreciso para que ningún lector puidera sobreentender que baixo o feudalismo se critica o sistema político vixente) é quen crea os obstáculos que impiden o perfecto funcionamento das leis económicas. O "feudalismo" equivale a un conxunto de leis e circunstancias tradicionais (irracionais) que impediron que se realizase o equilibrio e harmonía económica natural. O feudalismo, na súa peculiar versión, facilitou as apropiacións indebidas de determinados dereitos por parte dos señores, propiciou as barreiras aduaneiras, os excesos na ampliación do ámbito das xurisdiccións, a xeneralización dos baldíos, as sobrecargas inxustas nas pensións que gravaban as terras etc. Pero se atendemos o sentido das súas expresións o que se condena e critica son os abusos, os excesos, non a realidade nobiliar ou clerical que precisa destes dereitos para subsistir. E dicir, a crítica ó sistema é porque así *non funciona, non porque sexa inxusto.*

Somoza de Monsoriú, por exemplo, critica a forma de exercer a xurisdicción por parte dos señores: "Mandan las leyes que los dueños jurisdiccionales tengan provistas y seguras sus cárceles. Todos los esfuerzos de los superiores no han podido hacer efectivo este punto en Galicia. Se escapan los reos de la captura y el fugado o no vuelve o se hace inútil por mucho tiempo". A razón desta e doutras anomalías está na calidade das persoas nomeadas polos señores para ocupar estes postos de responsabilidade pública: "Un dueño jurisdiccional cristiano no ha de compadecerse de los lamentos de unos holgazanes disfrazados

con la máscara de pobres a costa del público y de si mismo. Los criados que premia (sobreenténdese facéndoos alcaides ou xuíces) tengan recompensa en los haberes de su casa, pero no en el trono de la justicia".

Pero cando o lector debería esperar unha solución radical para estas situacións, conclúe o mesmo autor: "Yo ya no digo que como el río al mar, vuelva la jurisdicción a la Corona. No clamo por corregimientos, ni por la unión de señoríos con la ley de la alternativa. *No defraudo a los interesados del privilegio* de elegir escribanos de número entre los sujetos que se les señalen... *No me opongo a derecho alguno de sus haciendas, aspirando solo a que las administren y recojan con equidad y justicia*" (Somoza de Monsoriú, *Estorvos i remedios,* I, pp. 23-4, 38-9,).

Somoza de Monsoriú critica os abusos, non o sistema.

En forma parecida maniféstanse Caamaño Pardo, Pereira ou Lucas Labrada. Unicamente Herbella de Puga, nunha obra pouco coñecida *Discurso sobre la necesidad de que se establezcan corregimientos en el Reino de Galicia* (1767), defende a necesaria retrocesión da xurisdicción á Coroa, que a exercerá a través dos correximentos. A posición de Herbella evidentemente significa un ataque ó poder xurisdiccional da nobreza e da Igrexa, pero reforza ó mesmo tempo o poder absoluto da monarquía, porque a retrocesión do poder xurisdiccional presupón que a Coroa volva a adquirir un poder que tivo e que cedeu nalgún tempo.

Conclusión: A Ilustración Galega ¿Unha revolución frustrada?

Hai algúns anos o profesor Beiras Torrado nun libro xa clásico *O Atraso económico de Galicia* (1972) e nun lucido artigo ("Notas previas para una economía política de la Ilustración Gallega", 1973), incitou a un debate sobre o apaixonante tema da modernización de Galicia e a súa frustración. Para Beiras, a xeneración dos ilustrados galegos iniciou, mediante un compromiso ético e político, a modernización de Galicia, procurando fórmulas de recambio á estructura social do Antigo Rexime galego. Foi isto posible porque os ilustrados galegos, polo menos os máis sobranceiros, optaron por unha solución política liberal, a única capaz de xenerar unha dinámica de profunda mutación da nosa realidade. "En los ilustrados gallegos, escribe Beiras, florece el pensamiento liberal a la par que el compromiso con la realidad social gallega. En los Sánchez, Cornide, Sarmiento, Labrada, Somoza o Herbelle no late una mera curiosidad erudita, sino un nítido anhelo ideológico. El enciclopedismo, la nueva economía política, las artes industriales, la ciencia de la agricultura, no son en ellos pasatiempos de una clase ociosa: son estímulos para proceder a una sistemática disección de la realidad del país y para dar curso a las implicaciones de su compromiso ético y de su ideología política... Tengo la impresión de que en la ideología de los ilustrados gallegos ..... preponderan los ingredientes li-

berales sobre los de la mera ilustración, la búsqueda de fórmulas de recambio a la estructura social del Antiguo Régimen sobre la mera racionalización y mejora técnica de un modo de producción inalterado en sus rasgos esenciales" (*Notas previas,* p. 10).

Sen embargo fracasou o intento dos nosos ilustrados. Fracaso que deriva, segundo a apreciación do profesor Beiras, de dous factores: a estructura social galega que non era a "adecuada para que germinase inmediatamente un proceso de desarrollo como el postulado por nuestros ilustrados" e porque non houbo unha burguesía capaz de levar adiante o proxecto innovador ilustrado.

Pode falarse, por conseguinte, dunha frustración, que non afecta só a unha xeneración de intelectuais ilustrados senón ó país que viu perderse unha ocasión histórica, unha de tantas, de despegue económico e de profundas mutacións sociais.

O noso posicionamento non coincide con esta valoración. Está claro que a Ilustración mobilizou as capas intelectuais do país, especialmente as que apostaban por unha reforma da situación, e, desta maneira, facilitou a recepción en Galicia do ideal liberal, pero esta mobilización debe contextualizarse para non facer da Ilustración Galega o que esta nunca pretendeu ser. Segundo a nosa tese, exposta no libro (*Liberales y Absolutistas en Galicia,* 1982), hai unha radical distinción entre o proxecto da Ilustración e o proxecto do Liberalismo. Mentras que a Ilustración unicamente tentou racionalizar o sistema socioeconómico de España e non adianta unha soa corrección do sistema político, o Liberalismo arrasa (polo menos nos seus proxectos iniciais) con todo o que significaba Antigo Réxime e propón novas fórmulas de convivencia socioeconómica. O que separa radicalmente Ilustración e Liberalismo, no aspecto político, é a substitución da monarquía absoluta pola soberanía nacional e polo rexime constitucional; no aspecto social o que os distingue é a superación do chamado modelo estamental, que prefiguraba ó clero e á nobreza como poderes estructurais, polo principio da igualdade xurídica de tódolos cidadáns e das súas posibilidades de ascenso social que, no futuro, non estarían marcadas polo sangue nin pola orde sacerdotal, senón polo mérito persoal. No aspecto económico, mentras que a Ilustración non foi quen de presentar un proxecto revolucionario que eliminara as amortizacións, o Liberalismo ten como dogma fundamental a liberdade económica que implicaba que ningún ben quedara fóra do circuíto comercial e, por conseguinte, suprimía as amortizacións. No aspecto administrativo, a Ilustración denunciou ás xurisdicións, pero só o Liberalismo foi capaz de arrasar con elas sustituíndoas pola nova centralización provincial e municipal. Finalmente, e para nós isto é máis importante, hai unha clara diferenciación entre ambos sistemas na mesma concepción do home. Para os ilustrados o que caracteriza á persoa non é a súa liberdade, nin

o ser partícipe da soberanía nacional, nin o ser igual ante a lei, senón o ser súbdito dos poderes establecidos: do Rei, da Igrexa e dos señores. Hai, por conseguinte, unha radical diferenciación no que podemos chamar antropoloxía política.

Por todas estas razóns cremos que non hai un continuum ideolóxico entre a Ilustración e o Liberalismo. A Ilustración foi o derradeiro invento da Monarquía absoluta e, por conseguinte, do Antigo Rexime para subsistir a través do Despotismo Ilustrado. Reformar para que nada cambie, reformar mantendo intactos os centros de poder social e político. Reformar para facer imposible o vento da Revolución.

Outro tema apaixonante, e no que non imos entrar hoxe, é o porqué do fracaso do liberalismo en Galicia, incapaz de alterar profundamente a nosa estructura social. Para nós este é o tema fundamental, xa que a Ilustración Galega non fracasou, cumpriu satisfactoriamente o papel que se lle encomendara: racionalizar, reformar, soñar.

X. R. B. F.

BIBLIOGRAFÍA

Alonso Alvarez, *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen,* 1750-1830, Madrid 1977.

Anes, *Economía e Ilustración,* Barcelona 1969.

Aranguren, *Moral y Sociedad,* Madrid 1967.

Arroyal, León del, *Cartas político-económicas al Conde de Lerena,* Ed. de Elorza, Madrid 1968.

Barreiro Fernández, *Liberales y Absolutistas en Galicia,* Vigo 1982.

Barreiro Fernández, "A Historia da Historia. Aproximación a unha historiografía galega", *V Xornadas de Historia de Galicia,* Orense 1989.

Barreiro Fernández, *A problemática foral no século XVIII. Unha nova interpretación, in Dende Galicia: Marx,* O Castro 1985, pp. 245-258.

Beiras Torrado, *O atraso económico de Galicia,* Vigo 1972.

Beiras Torrado, *Notas previas para una economía política de la Ilustración Gallega.* Introducción á obra de Sánchez; *Escritos,* Vigo 1973, pp. 7-30.

Campomanes, *Discurso sobre el fomento de la industria popular,* Madrid 1774.

Campomanes, *Discurso sobre la educación popular de los artesanos y su fomento,* Madrid 1775.

Castro, *Discursos críticos sobre las leyes y sus intérpretes,* 3 tomos, Madrid 1765-1770.

Cernadas de Castro, *Obras en prosa y verso del cura de Fruime, D. Diego Antonio...* 7 vols. Madrid 1778-1781.

Cornide, *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia,* Madrid 1774.

Dopico, *A Ilustración e a sociedade galega,* Vigo 1978.

Dopico, "Juan Francisco de Castro: un ilustrado galego entre a reforma e a superación da sociedade feudal", *Grial* 53 (1976) 356-360.

Elorza, "El expediente de reforma agraria en el siglo XVIII", *Rev. de Trabajo* 17 (1967).

Elorza, *La Ideología liberal en la Ilustración Española,* Madrid 1970.

Feijoo y Montenegro, *Teatro Crítico,* 8 tomos, Madrid 1726-1739 y *Suplemento de el Teatro Crítico,* Madrid 1749.

Feijoo y Montenegro, *Cartas eruditas y curiosas,* 5 tomos, Madrid 1742-1760.

González López, "Fray Martín Sarmiento e a concencia da personalidade cultural de Galicia", *Grial* 43 (1974), pp. 1-9.

Hervella de Puga, *Discurso sobre la necesidad de que se establezcan corregimientos en el Reino de Galicia,* Santiago 1767.

Lucas Labrada, *Descripción económica del Reino de Galicia,* Ferrol 1804.

Meijide Pardo, A., *Escritos e autores na Galicia da Ilustración,* Coruña 1982.
Pensado, *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII,* Vigo 1974.
Pereyra, *Reflexiones sobre la ley agraria,* Madrid 1788.
Sánchez, Pedro A., *Escritos,* Vigo 1973.
Sarmiento, *De la obra de los 660 pliegos, in Fausto Dopico,* op. cit.
Somoza de Monsoriú, *Estorvos i remedios de la riqueza de Galicia,* 2 vols. Santiago 1775.

O galego no século da Ilustración

J. L. Pensado

Para facer a historia do galego no século da Ilustración é preciso contar con: 1°. unha descripción sincrónica da lingua dezaoitesca, 2°. ter presente a valoración sociolingüística do galego, no só por parte dos seus propios falantes senón tamén por parte dos das outras linguas peninsulares, 3°. coñecer a mentalidade dos ilustrados respecto das linguas rexionais e 4°. distinguir no dito século o que se fai na lingüística galega por obra dos ilustrados e do que se fai nela aínda a pesar da Ilustración; porque, non convén esquecelo, soemos identificar ambas cousas, e cargar no haber da Ilustración feitos que en xusticia non lle pertecen, e que sen dúbida foron realizados en contra do seu espírito.

En canto ó *punto primeiro,* unha descripción sincrónica do galego do XVIII, cousa que soen ofrecer as *gramáticas,* estamos moi mal informados, xa que carecemos dunha *gramática galega* escrita nese século. Por iso, se queremos enxergar unha descripción da lingua teremos que acudir ás *fontes escritas.* E aquí xa nos veremos moi apurados dado que son moi escasas. E nelas deberemos facer unha distinción entre as *impresas* e as *manuscritas.* As primeiras son testigos do interese que entre falantes *propios* e *alleos* despertaba a nosa lingua. As segundas son tamén mostra da importancia concedida, que non foi moita, como pode deducirse da *escasez de copias* en cada caso e do feito de que ninguén se arriscou a publicalas.

As fontes *impresas* teñen o inconveniente de que parecen pouco axeitadas á realidade lingüística do galego do XVIII que podemos imaxinar nos seus rasgos fundamentais, xa que coñecemos a fase precedente, o galego medieval, e a fase seguinte, o galego decimonónico e contemporáneo.

Como resultado do *punto segundo,* da valoración negativa dos galegos e da súa lingua, ésta sofre un *complexo de autodestrucción* ou *ocultamento* que distancia da realidade as *formas escritas* e trata de mimetizar as súas *diferencias* ante as linguas literarias, xustificándoas en Castela co *portugués* e en Portugal co *castelán*[1]. Os que non son galegos non padecen tal complexo e poden falalo, escribilo ou ridiculizalo por serlles unha lingua allea.

A eles se lles debe unha boa parte dos textos galegos impresos, aceptados no contexto literario *de industria,* como di o padre Luis Alfonso de Carvallo no seu *Cisne de Apolo*[2], para facer rir e axeitarse á fala do personaxe descrito, naturalmente galego.

Este tipo de lingua emprégase nos *vilancicos de galego,* xénero literario alleo a Galicia, nacido en Castela e Portugal, onde reside ou vai traballar o emigrante galego, destacando pola súa miseria, sufremento e mansedume, rasgos que o fan semellante ó Fillo de Deus, se ben pronto se deriva o tema en direccións riseiras ou bulrescas. Son textos curtos, en verso de varios metros, que ás veces aparecen impresos en pregos soltos. É máis común sinalar o autor da música que o responsable da letra. Non faltan os de autores coñecidos como León Manuel Merchante. A lingua ofrece unha mestura de galego e castelán que probablemente ten unha base real, presenta barbarismos en ambas linguaxes, verdadeiros ou imaxinados, para facer rir ó auditorio, que por suposto non pode ser galego, xa que se cantan fóra de Galicia, e dentro dela non se permitirían por ofensivos, nin farían contraste algún onde todos son galegos. Cando este xénero se arremeda en Galicia, a comezos do século XIX, o contraste xa é o tradicional, pastores ou aldeáns ante os vilegos.

Tamén se usa este tipo de lingua nos *entremeses, farsas* ou *bailes,* case sempre en verso, nos que aparece un galego, e a verosimilitude literaria esixe algo que semelle o seu modo de falar. Soen ofrecer a visión negativa e bulresca das nosas xentes. En raros casos ocorre o contrario[3]. En Castela a maior parte deles quedaron manuscritos na Biblioteca Nacional[4]. En Portugal hainos en prosa e verso e chegaron a circular en pre-

---

[1] Cf. o que dicía Tirso de Molina: "Pues no es poca maravilla; que el gallego, *acá en Castilla,* / dice que es de Portugal" (La Villana de la Sagra, vv. 1350-1352).

[2] Cf. lo que decimos en *El Gallego, Galicia y los Gallegos a través de los Tiempos* (Ensayos), La Coruña 1985, p. 32.

[3] Por exemplo no *Entremés del Portugués,* que publicamos na obra citada na nota anterior, pp. 311-320.

[4] Cf. *Catálogo de Piezas de Teatro* que se conservan en el Departamento de Manuscritos de la Biblioteca Nacional, 2ª ed. I y II, Madrid 1934 y 1935.

gos soltos. Unha boa parte deles pertecen á segunda metade do século XVIII. Como no caso dos *vilancicos,* a lingua é un híbrido de galego e castelán con prevaricacións idiomáticas para facer rir.

Este *galego de industria,* como fonte de información lingüística ten que ser utilizado con moitas precaucións, posto que o máis é unha caricatura da fala galega e fóra do seu medio natural, isto é, de Galicia.

Otro tipo de *galego literario escrito,* tamén pouco representado, pero de estilo serio, é o que ofrece nos *literatos* o mesmo comportamento que os *iliteratos* ou *analfabetos* adoitaban en Castela ó tratar de pasar por portugueses: o complexo de ocultamento ou autodestrucción da fala cotiá actuaba en toda a sociedade, culta ou inculta, agachapándose baixo o portugués. Baste recordar aquel soneto da señora dona Isabel de Castro e de Andrade a don Alonso de Ercilla, que comeza: "Araucana naçao mais venturosa, / mais que cuantas og'ha de gloria dina..."[5], de finais do século XVI. Continúa silandeiramente no século XVII e chega ó XVIII con escasas mostras. Como é de supoñer este tipo de galego non pode ser empregado como fonte de información para reconstruír a fala galega dezaoitesca, xa que trata de alonxarse o máis posible dela, se ben é moi importante para estudiar a profundidade do complexo sociolingüístico da época.

No mesmo caso está o galego arbitrario do falso *Cronicón de Don Servando* bispo de Ourense[6] onde falsidade e fantasía van emparelladas para distanciarse da realidade lingüística do seu tempo, o século XVII.

Para atopar en Galicia algunha *fonte literaria impresa* que non sexa moi distante da lingua falada ou do galego real temos que agardar ata 1697, que é cando se publican as *Fiestas Minervales,* nas cales o asunto segundo consistía en "veinte coplas de *romance gallego*" (subterfuxio para evitar a expresión *dialecto gallego*). Estas constitúen o maior *corpus* que coñecemos, ben pequeno por certo, do *galego normal* (pp. 31-55), aínda que van tinxidas dunha certa tintura de *rusticidade,* esixida pola realidade e pola retórica. Pechan o século XVII e non se volve a achar algo semellante ata finais do século XVIII, nas breves poesías en galego que se encontran nas *Obras en Prosa y Verso del Cura de Fruime* (1774-1778) e espalladas en diferentes tomos.

A *prosa en galego,* como xénero máis tardiñeiro, áchase aínda peor representada, e non coñecemos máis impreso que as contadas liñas en que fala un paisano na obra de Pablo Mendoza de los Ríos sobre a *Aca-*

---

[5] Cf. *La Araucana,* edición de Marcos A. Moriñigo e Isaías Lerner, I, Clásicos Castalia 91, Madrid 1979, p. 126.

[6] Cf. o fragmento que comentamos en *El Gallego, Galicia y los Gallegos a través de los Tiempos,* pp. 35-36.

demia Compostelana[7], paradoxicamente para defender o castelán: "y en canto à essa Encademia ou como se chama, digalle (pois está mais aquestado en essas cousas) que *primeyro é saber falar español que deprendelle francés*"[8].

En toda a producción escrita desde o século XVII, froito da diglosia, áchase outro elemento distorsionador da realidade lingüística: o *castelanismo agalegado* ou hiperenxebrismo. O poeta pensa e poetiza en castelán e traduce o seu pensamento ó galego. Abonda de exemplo este verso de Juan Gómez Tonel: "A fe *colúa*, a *virtud* enxempro"[9]. O poeta, que seguindo a pronunciación vulgar dicía *coluna* e non *columna*, sabía por ser bilingüe, que á terminación castelán *-una* correspondía en galego a final *-ua* (a *luna* corresponde *lúa*, a *vacuna vacua*, a *bahuna bafua*, etc.); segundo isto a unha *coluna* castelán corresponde unha *colua* en galego. Isto proba que o galego xa esquecera os vellos resultados populares como a *caona* ou *coona de manteiga*, onde achamos o *-n-* conservado normalmente, pois vén dun grupo *-mn-*, e o *-l-* perdido como debe ser. Esta *coona de manteiga*, que aparece nos vellos foros non era propicia para o sostimento da fe ou dos edificios, por iso o galego debeu de acudir a outra voz distinta para nomear a columna, ó *esteo*, que representa o lat. *stilum*, ou reintroducir a voz latina por vía semiculta e facer da *columna* unha *calona|calopna* ou *calõpna* como vemos na traducción galega dos *Miragres de Santiago*[10]. O poeta, en cambio, esqueceuse de poñerlle un *-e* final a *virtud* para que fose máis galega. As regras de paso dunha lingua a outra nunca deixaron de actuar deformando ou configurando a realidade lingüística galega a partir do castelán; e nos iletrados, a partir do galego, estragábase o castelán.

Vista a escasísima productividade literaria impresa e a pouca utilidade que ten para reconstruír o galego da Ilustración, convén botar unha ollada as informacións que os autores do século XVIII fornecen sobre o galego. Na primeira parte do século o galego non merece máis atención que a que consagran ós seus falantes, isto é, a aqueles, que moi a seu pesar non teñen máis remedio que usalo como medio de expresión;

---

[7] No libriño *Theatro Moral y Político de la Noble Academia Compostelana* con la adición curiosa de diversos assumptos conforme a lo que en ella se practica. Por su fundador y Presidente Don Pablo Mendoza de los Rios. Santiago 1731.

[8] Reprodúcese a pasaxe en *Prosa Galega* 3 da Cátedra de Lingüística e Literatura Galega. Universidade de Santiago 1980, p. 244.

[9] Texto segundo o facsímil de Bibliófilos Gallegos, *Relación de las Exequias de la Reina Doña Margarita de Austria* por Juan Gómez Tonel, Compostela 1951, p. 5 do Discurso Tercero de Poesías.

[10] Pp. 149, 156, 163 de nuestra ed. Anejo LXVIII de la *Revista de Filología Española*, CSIC, Madrid 1958.

non se fala del máis que para desprecialo. Era o acento galego o único que se vilipendiaba na Corte, así nolo certifica Sarmiento: "El paroxismo consiste en que, habiendo en España tantos tonillos diferentes y encontrados, *sólo el tonillo de los gallegos se censura y desprecia como si fuese tonillo de los tupinambas*"[11]. E non só na corte de Madrid, tamén na de Lisboa recibe o mesmo trato. Por isto non se sentía a menor curiosidade pola fala dos galegos, que polo que ouvían ós emigrantes parecía unha *mestura de castelán e portugués*, como xa tiña dito Rodrigo Mendes Silva en 1645 e seguían repetindo Raphael Bluteau ou Luis Moreri nos seus diccionarios[12].

Na segunda metade do século non mellora a súa condición e os lingüístas de entón, Gregorio Mayans, Hervás y Panduro ou Terreros y Pando, por citar os máis relevantes, non dedican ó galego nin media páxina. O primeiro limítase a subordinalo ó *portugués*[13] o segundo lémbrase del ó falar do *sustrato céltico*[14] e o terceiro, considera ó *galego* e *portugués* como *"séptimo idioma castellano"*[15] porque identifica o castelán antigo coas ditas linguas, facéndoas así dignas de veneración e respeto, pero esquecendo o que desde 1732 xa deixaran demostrado Feixoo e Sarmiento.

A modo de contraste non convén esquecer o respetuoso tratamento que reciben dos estudiosos as linguas da outra banda de Castela, o *aragonés*, o *catalán* e *valenciano*. Ninguén se atreve a insultalas, como se facía co galego, asturiano ou leonés.

Como consecuencia da exaltación das linguas nacionais no Renacemento, estableceuse unha distinción entre *lingua* e *dialecto* que, ó chegar o século das luces, se agrandou aínda máis polo continuado cultivo literario e pola codificación gramatical das mesmas. En consecuencia, as linguas tiñan tradición escrita e os dialectos non. Nisto estribaba a diferencia, como se a esencia da lingua residise na súa representación gráfica. As linguas son linguas porque se escriben, e escríbense porque se poden escribir; porque se non se escriben é porque non se poden escribir e por iso non son linguas senón dialectos. Así razoábase contra o

---

[11] *Obra de Seiscientos Sesenta Pliegos*, Colección Dávila XVI, 2ª. parte, MS. 20393, f. 135 r. de la B.N. de Madride.

[12] Cf. *El Gallego, Galicia y los Gallegos...* p. 343.

[13] Cf. *Orígenes de la Lengua Española*, Tomo I, Madrid 1737, nº 81: "El *portugués*, en el cual comprendo el *gallego*, considerado aquel como principal, *porque tiene libros y dominio aparte*, y *dejando ahora de disputar cual viene de cual*".

[14] Por exemplo na *Escuela Española de Sordomudos* I Madrid 1795, p. 170 nota; ou no *Catálogo de las Lenguas de las Naciones Conocidas* IV, Madrid 1786, Prólogo, p. IV.

[15] Así no *Diccionario Castellano con las Voces de Ciencias y Artes* I, Madrid 1988, p. 186.

galego, porque non se escribía, e non se escribía porque era un dialecto, que se fora unha lingua escribiríase. Confundían o non querer escribilo co non poder escribilo. Esta presentación xerárquico-literaria das linguas ninguén se atrevía a discutila e menos aínda as xentes cultas; terá que pasar moito tempo, alcanzar a lingüística a súa forma científica, para que ambas formas de comunicación poidan ser equiparadas.

O padre Feixoo no *Paralelo de las Lenguas Castellana y Francesa,* trata de identificar *portugués* e *galego,* unha *lingua* e un *dialecto,* facéndoos ademais independentes do castelán. Non faltaba quen cría que o portugués era *subdialecto* do castelán, baste recordar o *séptimo idioma castellano* de E. Terreros y Pando, visto que o galego era considerado unha mestura de *antigo castelán* e *portugués*. Separa por criterios históricos o portugués do castelán e xunta o galego co portugués, sen atreverse a moito máis que advertir que o galego comunicouse a Portugal e non o portugués a Galicia.

Sarmiento defende o pensamento de Feixoo na súa *Demonstración Crítico-Apologética del Theatro Crítico Universal* (1732) núms. 335-344, e critica o anónimo que saíu con que "no era lengua la gallega, porque no había en ella escritos algunos" continuando "El anónimo confundió la *lengua* con la *pluma*" (nº, 342). Pouco despois advirte "lo que la gallega tuvo siempre de particular" que consiste: 1º. a pronunciación da J, G, X ("casi al modo de los franceses"), 2º.os diptongos decrecentes EU, EI, EU, etc., 3º. "la distinción de E y O cerradas o abiertas" que "no las percibe el oído castellano y naturalmente se distinguen en Galicia" e 4º. "añadir N a las primeras personas de singular del pretérito; es muy frecuente en Galicia". Este é o primeiro intento de caracterización do galego ante o castelán; todavía hoxe aceptable na totalidade, con algunha pequena restricción.

As consecuencias extremas da exaltación das linguas nacionais alcánzanse na Ilustración. Os ilustrados loitan pola difusión, a regulación e a imposición da lingua nacional, mesmo como forma de expresión da ciencia, en competencia co latín. A Real Academia é o organismo encarregado de limpiala, fixala e darlle o esplendor e lustre que merece. Ante isto o galego non tiña nada que facer. Nin sequera podía xustificarse cun pasado literario ilustre, como podía facer o provenzal, xa que a literatura da Idade Media era totalmente descoñecida. O século do academicismo non lle era favorable, e non faltaban arbitristas que, como Miguel Antonio de la Gándara, pedían que se establecesen "en todas las ciudades numerosas, *Academias de la Lengua Castellana*", e moitas outras, para restaurar o antigo esplendor[16].

[16] Nos seus *Apuntes sobre el Bien y el Mal de España*, ed. y est. prelim. de J. Macías Delgado, Clásicos del Pensamiento Económico Español, Madrid, 1988, p. 186.

Á hora de falar da Ilustración e o seu influxo no coñecemento do galego soemos citar a Frai Martin Sarmiento, pero, se ben se pensa, isto non é xusto; porque Sarmiento poderá ser ilustrado en certos aspectos, pero non no *lingüístico*. Temos que agradecerlle o seu *individualismo,* a súa personalidade científica que non se deixou levar pola *moda da Ilustración,* antes ó contrario, sempre está alerta contra ela, é a súa conciencia crítica.

En raras ocasions podía manifestala públicamente xa que non publicaba, e non era oportuno destacala nos escritos de encárrego, por exemplo no *Sixtema de Adornos de Escultura... para el Nuevo Real Palacio de Madrid* (1743-1747) ou *Sobre una Real Biblioteca* (1743) ou *Sobre los Caminos Reales de toda España* (1757), etc., mais ben sería impertinente.

En cambio, nas conversas da súa cela, e perante os seus amigos e contertulios, non se recataba de expresar as súas opinións. Por elas foi considerado un sabio raro, arbitrario, inconformista, etc. Non dubidaba en manifestar a súa oposición ó centralismo, ó burocratismo, ó academicismo, ó universalismo do castelán, á falsa erudición, ó racionalismo superficial, ó bon senso e bon gusto, á crítica e ó método de aparencia, en fin, a todo ou case todo o que a moda ilustrada trataba de impoñer.

Por isto non se atreveu a publicar nada, limitouse a escribir o que pensaba, e sabía que o século non estaba para escribir do xeito e coas ideas que el sostiña. A mellor proba da verdade do que cría é que en todo o século XVIII non se publicou ningunha obra súa de temática lingüística ou galega. Ó máis interesaron as *Memorias para la Historia de la Poesía y de los Poetas Españoles* (1775) e outros traballos editados no *Semanario Erudito* entre 1787 e 1789, de natureza histórica, científica ou literaria. O xuício de Felix de Azara: "Todo lo que habrá dejado el Padre Sarmiento valdrá harto poco, porque *el tal fraile, con una inmensa lectura no tenía una pizca de juicio*"[17] era compartido polos ilustrados de salón e peluca, do *"siglo de la charlatanería"*[18] ou das *Academias,* como soía dicir por facer gracia.

As súas dúas preocupacións fundamentais, as *etimoloxías* e a *lingua galega,* carecían de interese no seu século. Aínda que as primeiras foron tamén defendidas por Gregorio Mayans nos seus *Orígenes de la Lengua Española* en varias ocasións[19] non foi ocupación fundamental para o va-

[17] Citado por A. Ferrer del Río, *Historia del Reinado de Carlos III en España,* IV, Madrid 1856, p. 425.

[18] En "La Educación de la Juventud", p. 45 de nuestra ed. na *Colección de Textos Autógrafos de Fray Martín Sarmiento* I, Xunta de Galicia. Servicio Central de Publicacións. 1984.

[19] Por exemplo nos nums. 85, 88, 90, 126, 131, 159, 161, 183, 186, 203 e 204.

lenciano. A *lingua galega* tiña aínda menos predicamento. Por iso non houbo interesados en ler, copiar, e aínda menos editar, as obras sobre ditos temas; nin en Galicia, que tanto lle tocaba, nin fóra dela. A escasez de copias entre nós abonda para demostralo[20]. Se prescindimos do manuscrito de Alvarez Bañales, que utilizamos na nosa edición da *Colección de Voces y Frases Gallegas,* tódolos que coñecemos sobre temática da lingua galega, proceden da colección dos escritos de Sarmiento mandada facer polo duque de Medinasidonia, ou da Colección Dávila de Madrid.

Só no século XIX, cando comeza o Rexurdimento, publícanse as súas *Coplas de Perico y Marica* ou *Coloquio de 24 Gallegos Rústicos;* e non convén esquecelo, non polo seu *interese linguístico* senón como *mostra literaria.* Porque do *Glosario* ou *Comento* das *Voces e Frases* apenas se pasou das primeiras coplas, as que describían os arredores de Pontevedra, non se apreciaba o seu valor lingüístico.

Se a mediados do século XIX, cando xa tiña xurdido a lingüística, aínda non tiña interese científico o galego considerado en si e por si entre os seus propios falantes, no século da Ilustración, cando todos traballan por arrecadar o castelán, desmandado do camiño que dicta o bon senso e o bon gusto polos escritores do barroco, o padre Sarmiento ponse a escribir sobre o dialecto máis desprestixiado da nación, sobre o galego... isto era unha necidade que demostraba que o crego non tiña unha pizca de xuício, como dixo Azara, despois que o frade morreu.

Cando todos celebraban a *riqueza* da *lingua nacional* a Sarmiento ocórreselle dicir o contrario, e soster que os *dialectos,* as linguas que só se falan, son mellores e máis ricaces que as *linguas* de cultura e literarias. Unha necidade ou unha paradoxa máis do frade bieito e ademais presume do achádego: "Es de mi observación —escribe— que las *Lenguas vivas que sólo se hablan* y no se escriben, son mas abundantes de voces que las que se escriben y se hablan. La razón es palmaria. Los que escriben una lengua viva, son *por lo común literatos* y así la escriben y la imprimen sin hacer caso del pueblo, y por eso son tan escrupulosos, que no usarán voz alguna que no ande impresa. Al contrario, los que sólo hablan esa misma lengua viva son *por lo común iliteratos,* y no hacen caso de lo que se imprime, sino de lo que todos hablan. Y de todo se infiere, que con los *literatos* se pierden las voces, y con los *iliteratos,* se aumentan. Consiste ésto en que el *pueblo* forma muchos derivados de nombres o verbos, pues *tiene autoridad* para eso; la que no tiene un escritor particu-

[20] Sobreira tratou de conseguir unha copia do *Comento* ou *Glosario* das *Coplas* sen logralo, como logo veremos.

lar. De lo mismo se deduce que las lenguas que no se escriben y sólo se hablan, crecen en voces deducidas de la misma lengua, y las que se escriben, o no crecen, o sólo crecen en voces extrañas, bárbaras y exóticas, que nunca han sido de la lengua *primitiva*. Por curiosidad he juntado y tengo escritas las voces *gallegas* significativas de una sóla cosa, esta es, de un *hombre palurdo*, y junté *cien voces*, que he oído en Galicia. De esto no hay ejemplo en lenguas que se escriben y se hablan"[21].

Se a divisa dos ilustrados era a de *todo para o pobo mais sin o pobo*, a de Sarmiento na materia da lingua parece a contraria: *todo para o pobo e co pobo*, sen ilustrados nin ilustradores. A autoridade lingüística reside no *pobo*, non nos *literatos*, éstes teñen que escribir para que o pobo os entenda, o máis importante da lingua é a *comunicación* e non xerar literatura ou arte[22].

A lingua ten que estudiarse na fala popular, por iso gustaba tanto de ler *entremeses*[23]. A fala popular, a que non se escribe, é a verdadeira lingua, non a que se escribe e que ninguén fala. Por iso as linguas que non se escriben son mellores, están máis vivas, teñen máis axilidade para formar derivados que as que se escriben e están normalizadas, sometidas a restricciöns gramaticais.

E este modo de pensar viña predeterminado polo *galego*, que, a pesar de non escribirse e parecer *dialecto* ante o *portugués*, non só era *máis antigo*, seu pai, senón que era *mellor*, por non ser lingua escrita.

Un pouco de verdade había na paradoxa de frai Martín, a que distingue as *voces populares* das *voces cultas*, a tradición lingüística por *vía oral*, da implantación por *vía escrita* ou erudita. E sábese, desde o nacemento da lingüística científica, que son as voces da primeira vía as que serven para establecer a historia das evolucións fonéticas dunha lingua.

Outra excentricidade para o século da Ilustración era a de facer dun dialecto como o galego, ou calquera outro que non sexa a lingua nacional ou as clásicas, un obxecto de investigación lingüística ou comento

---

[21] "Discurso Apologético por el Arte de Rastrear las mas Oportunas Etimologías de las Voces Vulgares",n° 114 y 115, *Boletín de la Real Academia Gallega* XXXI, 1971-1972, p. 61.

[22] Unha crítica negativa do estilo literario faina na "Noticia de la Verdadera Patria (Alcalá) de el Miguel de Cervantes" nos nums. 86-96, pp. 88-92 da nosa ed. na *colección dos Textos Autógrafos de Fray Martín Sarmiento* II, Xunta de Galicia, Servicio Central de Publicacions 1987. Para a crítica da linguaxe botánica véxase o que dicimos na ed. do *Catálogo de Voces Vulgares y en Especial de Voces Gallegas de Diferentes Vegetables*, Salamanca 1986, pp. 27-50. Para a linguaxe libresca abonda o que di no *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega*, n°. 351-352, a propósito da sua *Demonstración...*

[23] Cf. o que di o libreiro Mena, que citamos na *Colección de Voces y Frases Gallegas*, Universidad de Salamanca 1970, p. 20.

filosófico. Pensábase así entre nós ou en Francia[24] onde este tipo de traballos estaba máis reprimido e carecía de interese para todo o mundo. Por iso, cando Sarmiento escribe as súas *Coplas,* con propósito lingüístico, non literario, para facelas acompañar dun *Comento* etimolóxico-filolóxico, está atentando contra a *racionalidade* e *bon senso* do século, e gárdase moito de que descubran estas debilidades. Só algúns amigos como Campomanes saben delas, e por iso pode escribirlle en 1761 sobre o que chama *Glosario Burlesco Gallego-Latino* e xustificarlle o nome que lle dá con estas palabras: *"burlesco,* pues sé que los que más se han de *burlar de él y de mí* habrán de ser los *gallegos",* e falarlle do seu contido: "hacer análisis de las *voces gallegas* y de las *cosas* que significan, teniendo el atrevimiento de citar los autores más clásicos del griego, latín y castellano, y con su empedradillo de voces orientales"[25].

Tampouco as *etimoloxías* gozaban de prestixio entre os ilustrados, baste lembrar o dito bulresco de Voltaire de que "as vogais non serven para nada e as consoantes para case nada" á hora de facer etimoloxías, ou ver como G. Mayans, despois de intentar fixar as súas regras evolutivas, abandona ese traballo, sen dúbida porque sabe que non é rendable no seu tempo. Sarmiento, sempre teimoso e contrario á moda do século,fai do estudio delas o maior obxectivo dos seus intereses científicos. Se o frade bieito fose un ilustrado como era debido hoxe non saberiamos nada sobre a lingua galega do seu tempo, non teriamos a rica colleita de voces galegas, localizadas e explicadas, ás veces acertadamente, desde o punto de vista etimolóxico, non se tivera dedicado a "rastrear las etimologías de algunas voces vulgares", porque tal traballo desperta *"la mofa, burla y escarnio contra el tal,* y le tienen por *iluso, visionario y que ha perdido el sentido común y que tiene trastornada la fantasía"* [26], como el mesmo nos informa.

Esa teima *etimolóxica* era exercida en tódolos dominios do saber que lle interesaban. Practicada na *Xeografía* levouno á *Toponimia* e a *Antroponimia* escribindo páxinas aínda hoxe moi valiosas, non só no dominio galego, senón tamén no hispánico. Aplicada ós *xogos* e *crencias populares* levouno a recoñecer a importancia do *folclore* e *cultura popular* na historia e explicación das palabras. Exercida sobre a *Botánica* conseguiu unha boa colleita dos *nomes vulgares galegos* e doutras partes das plantas, ademais das *crenzas* e *supersticióńs* sobre os seus usos e virtudes, cousa que o seu século trataba de eliminar ou esquecer.

---

[24] Cf. F. Brunot, *Histoire de la Langue Française* VII, Paris 1967 especialmente o capítulo IV "Les Patois comme objet de recherche", pp. 30-33.

[25] Citado en *Feijoo e Sarmiento: dúas vidas sin paralelo,* Grial 60, Xunio 1978, pp. 153-154.

[26] *Discurso Apologético por el Arte de Rastrear...* nº. 4.

Cando todos están proclamando a guerra ós dialectos e as excelencias da difusión do castelán, sae Sarmiento coa idea de que hai que *restaurar a lingua galega,* hai que *ensinala na escola,* premiar ós que saiban máis palabras dela, en vez de castigar ós que se lle escapa algunha verba nela, facer *catedráticos de galego* e ensinar o latín en galego en vez de en castelán, como se facía. E ademais pretende que todo forasteiro que veña a exercer oficio ou beneficio en Galicia, especialmente os relixiosos, deben ser examinados e probar o seu coñecemento da lingua galega. Así pensa no seu *Discurso Apologético por el Arte de Rastrear las más Oportunas Etimologías de las Voces Vulgares,* seu testamento lingüístico escrito dous anos antes de morrer. Tales ideas eran *irracionais* nesa época do *racionalismo dezaoitesco,* de aí que non tivese nin unha pizca de xuício, como pensaba Azara. Baste pensar que a primeira gramática galega, a de Francisco Mirás (1864) nacía co sentido da provisionalidade, para ensinar galego ós casteláns "mientras no llegue un tiempo en que la civilización, que allana las mayores dificultades, nos haga, así como formamos una sola nación, de un mismo lenguaje"[27]. Este era o pensamento ilustrado, a civilización igualadora e uniformadora, varredora dos dialectos, restos da barbarie das nacións como pensaban os revolucionarios franceses.

Pouco ten que agradecer o galego á Ilustración, e non se pode confundir o vivir no século da Ilustración co profesar de ilustrado. Esta cubriu de silencio e indiferencia a obra lingüística galega de Sarmiento, en Galicia e fora dela, deixándoa durmir ata o noso século. Se algo quixeramos xustificar pola Ilustración na obra do frade bieito, acaso poderiamos atribuírlle a forma *de industria* con que escribiu as súas *Coplas,* en *verso,* non en *prosa dialogada,* ou noutra forma coloquial máis axeitada para mostrar a lingua en tódalas súas dimensións: fonética, morfoloxía, léxico e sintaxe. Esta era a forma tolerada de presentar o galego e a ela rende tributo. Pero na época do racionalismo, da gramática razoada, da sintaxe lóxica, frai Martín escribe na forma máis sinxela, máis afectiva e menos racional, en *estilo pueril* non *sesudo,* na forma de coplas de *Perico* e *Marica,* linguaxe *popular e infantil* cun chisco de ironía; logo pensaba dar entrada ó *estilo rústico,* pero non proseguiu no seu proxecto. Así rendía tributo a unha das súas fontes de información da lingua galega: ós *nenos* e ós *vellos,* que, sen ánimo de ofendelos chamáballes así: *"escoria, granzas y estiércol de la racionalidad...* De esos —di— he sacado, saco y sacaré el más puro oro de la verdad que busco"[28]. Na era do *culto a razón,* para le-

---

[27] No "Prólogo"do seu *Compendio de Gramática Gallega-Castellana,* onde parece que espera o mesmo para o Vascuence, Catalán e Asturiano.

[28] Cf. a cita completa no *Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega,* p. 54 da nosa ed. de Salamanca 1973.

var a contraria, Sarmiento vai buscar a verdade, nos nenos e nos vellos, escoria, coaño e esterco da *racionalidade*. Sen dúbida a Ilustración cheirá-balle a hipocresía e falsidade. A divisa todo para o pobo, pero sen o pobo, para el era incompleta, debería engadirse *e á costa do pobo*. Para defendelo, escribiu a famosa carta á *Academia de Agricultura* da Coruña, que parece irracional desde unha perspectiva ilustrada, pero non desde unha visión popular, xa que os altruístas académicos pensaban subvencionala cun imposto sobre o sal, e ademais envergoñábanse de falar galego, lingua que era a única que entendían ben os labregos. Sarmiento imaxinaba que a Academia ía ter unha función práctica, cando en realidade, non miraba cara abaixo senón máis ben cara arriba, cara o poder central. Apenas rozaba a realidade agrícola galega, por iso en tódolos traballos sobre a materia non se recolle nin unha ducia de palabras galegas. Non imaxinaba unha Agricultura de salón, de conversa erudita, de entretemento do ocio, senón un ensino directo e práctico ós que traballan a terra, e pagando as experiencias os promotores delas. E para facer iso había que comezar falando galego.

Hoxe xa podemos coñecer a importancia da obra de Sarmiento para o galego. Encheu amplamente un deses séculos do galego silenciado. As súas obras: *Colección de Voces y Frases Gallegas, Catálogo de Voces y Frases de la Lengua Gallega, Catálogo de Voces Vulgares y en especial de Voces Gallegas de Diferentes Vegetables, Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega, Elementos Etimológicos según el Método de Euclides* e *Discurso Apologético por el Arte de Rastrear las mas Oportunas Etimologías de las Voces Vulgares,* constitúen un rico repertorio de toda sorte de información lingüísticas e filolóxicas sobre o galego do século XVIII, como temos explicado nos estudios preliminares que acompañan ás edicións das citadas obras publicadas pola Universidade de Salamanca.

O prestixio de Sarmiento serviu de escudo a outros ilustrados para traballar sobre as linguas rexionais, mais sen o fervor do frade bieito, axeitándose ó ideario do século, e recoñecendo a xerarquía da lingua oficial. Así o fixeron Campomanes e Jovellanos en Asturias, Sobreira e Cornide en Galicia. Ós dous últimos debémoslle agradecer as súas informacións sobre o galego, que, como no caso de Sarmiento, quedaron inacabadas e inéditas, porque non tiñan interese para os contemporáneos e en consecuencia para os mesmos autores. Porque, se verdadeiramente estiveran interesados en publicar os seus traballos, teríamos feito como fixeron con outras obras, por exemplo Cornide, que deixou un breve *Catálogo de Palabras Gallegas*[29], en estado de apuntamentos, e que

[29] Editado por C. Martínez Barbeito no *Boletín de la Real Academia Gallega* XXVII (1956), pp. 291-349.

puido ampliar ó seu lecer xá que viviu de asento en Galicia, a diferencia de Sarmiento que tiña que traballar fóra dela.

Tanto Sobreira como Cornide áchanse ben integrados na Ilustración, están feitos á súa medida, no se senten oprimidos por ela, aceptan e solidarízanse cos seus postulados. Se Sobreira traballa na preparación dun *Diccionario Gallego* parece que foi por mandado da súa orde[30], é para el un *traballo,* que non chega nunca a realizar, non unha *vocación* ou *necesidade* como era en Sarmiento. Chama *gallegadas* (xa entón con sentido despectivo) ós seus escritos de tema galego[31]. Séntese herdeiro de Sarmiento e rebaixa, conscientemente e con propósito de magnificar a súa obra, os traballos sobre o galego do seu predecesor: "dejó tan en los principios la formación de su *Diccionario Gallego,* que *apenas escribió dos pliegos*"[32]. De non ser así debemos pensar que non coñeceu a súa obra galega, nin sequera o *Glosario* das *Coplas,* do cal tiña unha copia Fr. Pablo Rodríguez en Sahagún, e andaba tras dela, segundo di a Cornide, que tamén estaba interesado en procurarse unha, como de feito fixo cos seus *Elementos Etimolóxicos según el Método de Euclides,* dos que tiñan unha copia en Ribadavia[33].

Sobreira traballa *oito anos* no *Diccionario Gallego* e en Galicia, e a súa obra non pasou dunhas *Papeletas* que, se tiveran en tódalas letras a dimensión das que conservamos (A e B) sería unha obra importante, que o desinterese dos seus sucesores deixou perder, ou, se como sospeitamos, só nesas dúas letras foi acrecentado con voces cultas e baixo o modelo do diccionario da Real Academia Española, sendo as restantes moito máis reducidas, sen pasar dun simple glosario de equivalencias galego-casteláns, sen máis aditamentos, que tamén ninguén procurou conservalo entre os papeis que deixou á súa morte[34].

O tal diccionario entraba dentro dun conxunto que pretendía unha descripción histórico-xeográfica de Galicia, onde a lingua adquire una connotación sociolingüística negativa. Ten unha "fachada que fastidia a los castellanos" e ós "mismos gallegos les parece un tenebroso y obs-

---

[30] Según di no "Memorial a Jovellanos", que publicamos con X.L. Axeitos nas *Cartas del Padre Sobreira a Gómez de Ortega y Cornide,* A Coruña 1983, p. 147.

[31] En "Carta II a Gómez de Ortega", según ed. citada na nota anterior, pp. 22 e 83.

[32] Cf. nosa edición de "Idea de un Diccionario de la Lengua Gallega"; publicada nos *Opúsculos Lingüísticos Gallegos del Siglo XVIII,* Fundación Penzol. Galaxia, Vigo 1974, p. 58, nº 3.

[33] Cf. o que dicimos na edición das *Cartas...,* pp. 44-46.

[34] Legados por Gómez de Ortega a Real Academia da Historia, testamentario de Sobreira, que foi academico correspondente. Este non foi moi coidadoso á hora de trasmitir o legado, xa que recoñece o extravío dalgunha obra. Cf. nosa edición das *Papeletas de Un Diccionario Gallego* I, Orense 1979, p. XIII.

curo bosque de palabras tan varias en su formación, y de significaciones tan contrarias, que parecen moldeadas de presente en la tosca rusticidad de quien las pronuncia, sin otra autoridad ni otro crédito que las abone"[35].

Aquí descóbrese unha ideoloxía que contrasta coa de Sarmiento: acepta a valoración dos ilustrados galegos sobre a súa propia lingua, non reacciona contra ela, xustifícaa e discúlpaa. O que para Sarmiento era positivo valor: riqueza de palabras e vivacidade na creación de derivados, abundancia de sentidos, para Sobreira e os seus coetáneos é un defecto, unha chata, denunciadora da *rusticidade* dos falantes. Se para Sarmiento a *autoridade lingüística reside no pobo falante,* para Sobreira, o galego non ten autoridade ou crédito posto que a *rusticidade* carece dela.

Recoñece Sobreira que o galego ten un son "poco agradable": "leído con el sonido que sus letras merecen en la lengua castellana, viene a ser un *castellano agallegado y ungallego poco agradable, destituido de toda su natural belleza, y muy desagradable a los mismos gallegos que lo leen*"[36].

Vale a pena examinar o sentido profundo desta pasaxe bastante contradictoria. ¿Cal era a *natural belleza* do galego? Non nos di onde achala ou onde reside, pero é evidente que só pode referirse a l*ingua rústica falada.* E esa *natural belleza,* é curioso, pérdese ó pasar a escribirse, ó facerse lingua escrita. E isto sucede porque ó lerse faise *"con el sonido que sus letras merecen en la lengua castellana"* polo que resulta un *"castellano agallegado".* ¿Con que son debería ser lido o galego se atendemos a idea de Sobreira?. Non nolo di. Por suposto que non pensa no portugués. Como non se refira a que non distinguen as *vocais abertas das pechadas,* que non practiquen o *seseo* ou que pronuncien o J, G e X como o castelán non se entende o que quere dicir. E iso valería para *casteláns lendo galego* (que non distinguen a calidade vocálica, ou que non son capaces de pronunciar a J, G e X á galega ou non teñen *seseo*) ou cando máis para galegos lendo castelán, que articulasen a J, G e X ó seu modo, pronunciándoa como *jota,* pero non é o normal.

Estamos ante unha mala disculpa froito do complexo diglóxico: *o galego soa ben no seu natural medio que é o rústico e falado, non cando se escribe,* e para xustificar tal feito imaxina que é debido á pronunciación que se lle dá ás letras. Non se ilustra nin gana escribíndose, padecendo *"los sonrojos de estar oculto en las aldeas,* trescientos años ha, olvidado de las plumas, y nunca *honrado de la imprenta"*[37].

---

[35] *Idea de un Diccionario...* p. 187, n°. 2.

[36] *Idea de un Diccionario...* p. 188, n°. 4.

[37] *Idea de un Diccionario...* p. 187, n°. 2.

Esta recuperación do galego de *arriba a baixo* reitérase na historia da nosa fala; o desexo de quitarlle certa imaxinada codia de rusticidade por parte dos culturalizados e alfabetizados galegos das cidades e vilas supón unha insolidariedade coa única realidade lingüística existente, cousa que Sarmiento tiña perfectamente asumida, e por iso pretendía nas súas coplas empregar as dúas fontes limpas de galaicidade: a fala dos nenos, o *estilo pueril,* e a fala dos iletrados, o *estilo rústico.*

Debemos a Sobreira, seguindo as pegadas de Sarmiento, un certo interese en recoller os nomes vulgares das plantas que presentou nun *Ensayo para la Historia General Botánica de Galicia* e constitúe unha simple nomenclatura que completa bastante ben as colleitas de Sarmiento, e ademais van xustificadas con *coplas populares* e *refráns.*

As súas *Papeletas de un Diccionario Gallego,* a pesar de ter sido acrecentadas da versión do Diccionario da Real Academia Española no léxico culto, todavía renden un importante servicio á lingua galega, porque ademais representan a modalidade do galego interior, frente a Sarmiento que apañou o costeiro preferentemente.

Don Josef Cornide, de extracción máis elevada xa polo nacemento, séntese menos atado ó galego, a diferencia de Sarmiento e Sobreira, de berce burgués o primeiro e aldeán o segundo, pero ambos galego-falantes cando menos. A súa contribución ó coñecemento do galego dezaoitesco e moito menor. Aínda que teña apañado nomes de peixes galegos ou un pequeno *Catálogo de Palabras Gallegas,* onde se mesturan voces da fala diaria con outras sacadas dos documentos, topónimos e antropónimos, voces latino-medievais, con referencias moi frecuentes ó portugués segundo o *Vocabulario* de R. Bluteau, con explicacións etimolóxicas de vez en cando.

O único de lamentar é que Cornide, residente en Galicia, non teña posto máis interese neste traballo; e procedía así porque no século das luces os dialectos eran sombras que só servían para contrastar co esplendor da lingua oficial. El, fiel ó seu tempo, non o perdeu en recoller voces galegas a mancheas, bastoulle esa pequena mostra para quedar satisfeito.

Non se pode dicir que non se lles recordou o seu deber ante a lingua vernácula; a airada resposta de Sarmiento cando foi nomeado académico honorario da Academia de Agricultura da Coruña non serviu para nada, quedou como unha impertinencia e raridade máis do frade bieito, a agricultura de salón·e de cidade non precisaba do galego, bastaba a lingua da *corte,* que todos veneraban, a do *cortello* quedaba moi arredada e cheiraba mal[38].

[38] Cf. o que dicimos e os textos que citamos en *Fray Martín Sarmiento, Testigo de su Siglo,* Universidad de Salamanca 1972, pp. 57-60

Así pois, a hora de facer o confronto da lingua galega co século da Ilustración, insensiblemente imponse a idea de que todo o que sabemos e gardamos do galego no século XVIII foi feito en contra e a pesar da Ilustración. O único que teñen en común é o *tempo;* os que nos deixaron un testemuñodo que era o galego dezaoitesco, non nolo deixaron por seren ilustrados senón por non selo como era debido. A Ilustración deixou caer sobre os seus traballos a tolerancia e indiferencia que chegou ata o noso século, que foi o que rescatou eses traballos para a lingüística, deixando o galego nunha situación senón privilexiada, ó menos comparable a doutras falas románicas. E tal seitura de datos sobre o galego é sobre todo obra dunha personalidade senlleira, que naceu soa, viviu soa e morreu soa —como gustaba de dicir—, de frai Martín Sarmiento, que iniciou o vieiro e acreditouno co seu saber, pois desde o isolamento da súa cela soubo ver cunha exemplar conciencia crítica o paso da Ilustración, recoñecendo os seus valores e os seus erros. Distinguiu a ciencia para lucir da ciencia para saber, adiviñou a igualdade de tódalas linguas ante a ciencia da linguaxe, e se en algo errou foi por amor á súa lingua, e xa se sabe o amor é cego ás veces, pero gracias a él hoxe podemos ver bastante ben como era o galego do seu tempo, como quería que fora, e como animou a que outros traballaran en recoller voces galegas, porque máis alá diso xa non era racional no século da razón. Aínda había que agardar un século máis para que o seu ideario puidese ser compartido, se fose coñecido e para iso había que esperar outro século.

J. L. P.

A Universidade de Santiago de Compostela e a Ilustración

Isaura Varela González

INTRODUCCIÓN

Durante o Século XVIII a Universidade española vai sufrir unha serie de transformacións que marcarán a liña a seguir tras a revolución liberal española. "O poder real vai adonándose das aulas, progresivamente, os liberais transformarannas por completo"[1]. De xeito moi sutil, sen atacar frontalmente á Igrexa, pilar importante da monarquía no Antigo Réxime, e sen dúbida controladora do ensino, os monarcas borbónicos tentarán reformar os estudios universitarios no sentido de podelos utilizar para reforzar o poder civil real e, dese xeito, poderllo quitar á Igrexa.

As reformas máis relevantes fixéronse durante os reinados de Fernando VI e Carlos III. As primeiras máis suaves —aínda que, como veremos, esenciais para a Universidade de Santiago— e máis radicais as do seu sucesor no trono. E se con Fernando VI se procurou —a nivel xeral— non "ofender" a supremacía das igrexas nas universidades, con Carlos III actuouse con menos disimulo; e así, desde o inicio do seu reinado percibíronse aires de novidade e boa disposición do monarca e o equipo ministerial para modernizar e reorganizar a administración

[1] M. y J.L. Peset "Una breve historia..." en *Universidades valencianas*. Valencia, 1987.

Para unha visión global das universidades españolas remitimos a J.L. Peset *La universidad española (siglos XVIII y XIX). Despotismo ilustrado y revolución liberal*. Madrid, 1974. A recente obra colectiva *Universidades españolas y americanas*. Valencia, 1987. *Carlos III y la ciencia de la Ilustración*. Compil. de Sellés. J. L. Peset y A. Lafuente. Madrid, 1988. E a xa clásica obra de R. L. Kagan *Universidad y sociedad en la España moderna*. Madrid, 1981.

pública na que a universidade ocupaba un importante e indiscutible lugar.

O labor dos visitadores, mandados polos reis ás universidades coa fin de inspeccionar e/ou executar reformas acopladas á realidade concreta de cada universidade transfórmase durante o reinado de Carlos III nun plan máis cobizoso que pretende impoñerse a todas elas. E así, desde aspectos burocráticos ou administrativos —matrículas, graos, provisión de Cátedras— chégase a outros de meirande importancia referidos ás materias a impartir— desaparición dunhas, criación doutras máis prácticas e axeitadas ó estilo da "Universidade ilustrada", posta ó día dos contidos e do método...— e á destrucción de dúas forzas importantes: Xesuítas e Colexios Maiores.

A ILUSTRACIÓN E A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO. AS REFORMAS[2]

A Universidade de Santiago non está exenta do clima de reforma universitaria que asolaga á España do século XVIII. A de Fernando VI comeza no 1748 e, se ben é máis tímida cá do seu sucesor, introduce elementos que logo serán profundizados con Carlos III.

A posta en marcha da reforma de Fernando VI en Santiago foi realizada por D. Diego Juan de Ulloa e por D. Antonio Joaquín Sánchez Ferragudo. As habelencias destes homes, a súa capacidade organizativa e a súa tenacidade poñeranse ó servicio da reforma de Fernando VI desde o comezo da mesma. O descontento dun grande sector do Claustro compostelán pola presión colexial marca o inicio da reforma de Fernando VI na Universidade de Santiago. En 1947, un ano despois de ocupar o trono Fernando VI —apoiados polos xesuítas e o rector capitular— consideraron chegado o intre de facer frente ó poder colexial. A tal fin redactouse unha *Representación* que contiña os abusos cometidos polo Colexio de Fonseca ó que responsabilizaba da situación decadente da Universidade Compostelana. Redactada e asinada por un grupo de profesores non colexiais, foi entregada con moita cautela ó confesor real quen, á súa vez, fíxoa chegar a mans do monarca.

A partir deste momento o tema ocupou un lugar preferente nas resolucións reais. En Xaneiro de 1748 unha carta orde nomeaba a Ulloa visitador extraordinario.

O contido da carta non deixaba lugar a dúbidas. Ulloa debía fiscalizar as rendas da Universidade e do Colexio de Fonseca e a forma de distribución. Estas instruccións foron só as primeiras xa que posterior-

---

[2] Agradecemos ó Profesor X. R. Barreiro Fernández que nos permitira a utilización dos seus datos sobre a Universidade de Santiago no XVIII, recollidos na súa Tese de licenciatura, inédita, *La Ilustración en la Universidad de Santiago*. Santiago, 1974.

mente o visitador recibiu outras que ampliaban o seu labor fiscalizador, convertendo o que nun principio parecía somentes un control da administración de rendas nunha reforma integral.

A reacción dos colexiais de Fonseca non se fixo esperar. Tentaron paralizar desde o Claustro o labor de Ulloa, opoñéndose ó seu nomeamento, actitude que produce unha nova representación a EL-Rei dos non colexiais. A resposta real é contundente a favor do visitador Ulloa. A partir de entón a reforma, non sen tensións, resulta imparable. Os colexiais só poderán intentar reducir as súas consecuencias e o seu alcance.

Para explicar estas tensións no seo da Universidade cómpre facer fincapé no importante papel dos Colexios Maiores, o control dos cales pola Universidade era unha condición previa para a desexada reforma universitaria.

Os Colexios foron acusados polos coetáneos, e posteriormente polos historiadores da Universidade, do atraso nas universidades españolas. O poder acumulado durante anos, unha vida cómoda e as avantaxes inherentes ó feito de ser colexial, convertíaos nun auténtico grupo de presión, sobre todo desde a metade do XVI[3]. A partir de entón foron acumulando poder e remataron por someter ás universidades ó seu antollo, defendendo máis prebendas e principios ca o interese pola ciencia e o progreso[4].

O Colexio de Fonseca non era alleo ó panorama xeral que presentaban os Colexios Maiores en España. Progresivamente a Universidade foi perdendo peso a favor dun poder colexial que a abafaba. Numerosos aspectos confírmano. Un deles é a provisión de becas que, segundo o disposto nas normas constitucionais, correspondía orixinariamente á Universidade. Determinábase que as becas tiñan que ser provistas en estudiantes pobres de recursos e non sobrepasar os 50 ducados. A partir da metade do XVII estas prerrogativas pasaron a mans dos colexiais e estes cometeron todo tipo de arbitrariedades. Ser pobre pasou a ser un mérito. Mediante as limpezas de sangue procurouse facer unha selección moi rigorosa dos futuros colexiais coa finalidade de que pertecesen ás mellores familias.

Os abusos cometidos polos colexiais alcanzaron tamén outros aspectos da vida de Fonseca. O luxo da vida colexial, as festas, os agasa-

---

[3] A. Alvarez de Morales "La Universidad en la España de la Ilustración" en Revista de Educación. Nº monográfico *La Educación en la Ilustración Española*. Madrid, 1988.

[4] Sobre a problemática que rodea as actividades do Colexio Fonseca véxanse A. Fraguas e Fraguas *Historia do Colexio de Fonseca*. Santiago, 1956 e X. R. Barreiro Fernández "Los comienzos de la reforma del Colegio de Fonseca en 1748-51 y su incidencia en la primera reforma universitaria española".

llos, os "extraordinarios" e unha coidada alimentación eran a nota cotiá dos colexiais, pero non compartida polo resto dos universitarios. Este alto nivel de vida que podería resultar xustificable non o era, xa que del somentes participaban os acollidos en Fonseca, e coas rendas que saían da Universidade "era a Universidade quen tiña que sufragar os gastos ordinarios e extraordinarios do mesmo". Ademais existían outros privilexios exclusivos dos colexiais, froito dunha "libre" interpretación das orixinais constitucións. Dos 6 anos que se fixaron como mínimo de permanencia no Colexio, pasouse a 8 anos primeiro e logo á estancia definitiva. O predominio dos votos no Claustro era outra das facetas máis tanxibles do poder colexial mediante o cal podía controlar as provisións de cátedras e deste xeito dirixir non só o Claustro senón todo o relativo á ensinanza...[5].

As relacións económicas entre Colexio e Universidade son de capital importancia se se quere entender a aplicación da reforma de Fernando VI. Desde 1555 estaba previsto que a Universidade pagase ó Colexio certa cantidade para facer frente ós gastos de mantemento, alimentación, medicinas, salarios dos criados, informacións de limpeza de sangue... Pero en 1667 estableceuse que a Universidade entregase ó Colexio unha cantidade fixa tres veces ó ano, desentendéndose da administración, labor que quedaría en mans do Colexio coa obriga de render contas anualmente. Nembargantes, desde esta data deica 1748 esta obriga reduciuse a unha mera formalidade pois, debido ó control colexial sobre o Claustro, sempre saían elixidos revisores de contas afectos ó Colexio e por tanto predispostos á aprobación dos gastos sen observacións.

A situación cambiou cando os manteístas aumentaron o seu poder no Claustro e fixeron oír as súas propostas. O conflicto centrábase en dous puntos: os "extraordinarios" —que os manteístas non consideraban obriga da Universidade— e a provisión de becas —os manteístas defendían que só debían ser pagadas aquelas disfrutadas por colexiais que estiveran presentes no Colexio—. Pero, no fondo, o que subxacía era o dereito ou non a que o Colexio continuase a subsistir coma corpo privilexiado ás expensas da Universidade privándoa de medios necesarios para cubrir outras carencias.

Esta era a situación cando Ulloa comeza o seu labor, esixindo dos últimos rectores de Fonseca a relación de gastos do Colexio. O seu minucioso labor deixa ó descuberto a existencia de gastos que non están debidamente xustificados. E no 1751 redactarase un novo proxecto co

[5] A relación dos privilexios dos colexiais non pode rematar sen a mención ós numerosos preitos entaboados polos colexiais para defender os usos e costumes establecidos pouco a pouco por eles, a relación dos cales dá lugar a situacións moi curiosas pormenorizadas por Fraguas e Fraguas nos seus estudios sobre ese colectivo.

que se pretende, entre outros aspectos, regular as novas relacións económicas entre Colexio e Universidade que pasarían a ser:

—A Universidade pagaría 40.000 rs. anuais ó Colexio cos que tería que facer frente á manutención dos colexiais e persoas que formaban parte do Colexio segundo a constitución.

—A Universidade comprometíase a pagar os mantos e as becas dos novos colexiais e os salarios de persoal de "servicio" (médico, barbeiro e lavandeira).

Para facer frente ós numerosos abusos detectados establecéronse certos axustes no abono a cada colexial e limitáronse os gastos por informacións, establecendo o límite de días que se considerasen precisos e a contía das dietas diarias[6].

A reforma de Ulloa, así plantexada, supuña un control estricto e unha continua fiscalización sobre as finanzas de Fonseca. Isto debeu molestar o orgulloso talante do Colexio, tendo en conta que a reforma abranguía tamén máis aspectos da vida colexial.

Remitíndose en todo momento ó establecido na constitución, Ulloa vai corrixir certos costumes que se viñan aplicando contra o disposto nas normas. Limita o número de residentes no Colexio (o número de serventes aumentara innecesariamente), e fixa o período de permanencia dos colexiais. Isto último choca frontalmente cun dos privilexios máis defendidos polos colexiais xa que, unha vez rematados os estudios, permitíaselles a súa permanencia na institución mentres non atopasen un posto ó seu gusto. ¡Dadas as comodidades e avantaxes ofrecidas polo Colexio, non era de estrañar que os residentes aprazasen a súa saída!. Con moito tino, Ulloa vai propoñer un período máximo de 6 anos que posteriormente El-Rei aumentará a 12, de maneira que ó colexial se lle permitirá unha permanencia de 18 anos, aínda que os dous últimos corrían por conta do interesado.

A reforma do período de permanencia supón un cambio de gran alcance, por canto, en palabras de X. R. Barreiro, "A reforma de Ulloa era unha agresión a todo un sistema, ó artellamento da sociedade española"[7].

---

[6] As informacións de limpeza eran un trámite obrigado e previo á admisión dun novo colexial. O encargado de facer as oportunas pescudas trasladábase co seu séquito ó lugar de residencia do pretendente. Como cobraba por día, os prazos para rematar a pescuda alongábanse moi a miúdo, converténdose case nunhas vacacións que inevitablemente gravaban as arcas da Facenda universitaria. A Universidade protestou en diversas ocasións por estes gastos e esta protesta "aconsellou" ó Colexio establecer unha nova fórmula pola cal o pretendente debía pagar unha parte dos gastos.

[7] Op. cit. pp. 73.

Consciente de que nada disto se faría efectivo mentres os colexiais dominasen o Claustro, Ulloa tentará controlar o número de votos de dúas maneiras: eliminando do Claustro ós graduados en Artes —en gran número pertecentes ó Colexio— e prohibindo a asistencia ós Claustros de colexiais cando se tratase de asuntos relacionados con Fonseca, que serían estimados polo Rector. Este foi tan só o comezo xa que tras varias xestións, en 1757 acádase a limitación explícita do número de votos dos colexiais mentres que ós manteístas non se lles aplica limitación algunha.

A Universidade non se mantivo allea ós intentos reformadores de Ulloa. O texto da nova reforma de Fernando VI contense nas Providencias Reais (1751) que, sen a extensión das Antigas Costitucións, supuñan unha organización máis racional e moderna da institución universitaria. Nas Providencias Reais "hai abundancia de materia administrativa, coma o que se refire á criación e función do cargo de contador, formalización dos libros de matrículas, réxime económico dos Colexios e outros asuntos análogos; pero compréndense outras disposicións que alteraban notoriamente o antigo réxime"[8].

As reformas realizadas por Ulloa abordaron aspectos tan salientables coma o económico, administrativo e mesmo o académico. No que se refire á facenda universitaria, a proposta de Ulloa dirixiuse a crear un sistema de control meticuloso sobre as arcas universitarias as cales adolecían dunha simplicidade —acceso directo— que posibilitaba o fraude, tal como puido comprobarse ó descubrirse un desfalco dunha considerable suma de reais[9]. A nova planificación contemplaba a criación dunha figura —o contador— con amplas funcións e a corresponsabilidade do Claustro e o tesoureiro, sen as firmas dos cales non podería facerse ningunha operación económica. A xestión de Ulloa obtivo rápidos e sorprendentes resultados, pois as arcas da Universidade conseguen unha recuperación tal que mesmo se chega a pensar na posibilidade de construír un novo edificio[10].

A regulamentación dos órganos de goberno universitario — colexiados e persoais— foi outro dos aspectos da reforma. A indefinición da xurisdicción do Rector motivara multitude de preitos. Ulloa vai determinar definitivamente as funcións e prerrogativas da figura rectoral que, a partir de entón, desempeñará o seu cargo durante tres

---

[8] S. Cabeza de León - E. Fernández Villamil *Historia de la Universidad de Santiago.* Santiago, 1945-47. Tomo I pp. 105.

[9] A. H. U. S. *Libro de Claustros* 1774-1752.

[10] As razóns alegadas no 1764 para a súa construcción eran moi diversas, pero sobre elas primaba o intento de separación de Fonseca e a Universidade. Este desexo non callará no momento e haberá que esperar a 1769.

anos e pasará a estar á frente da administración e goberno da Universidade, entendida esta nun sentido amplo (Escolas, Colexio, Estudios...) ó mesmo tempo que se lle recoñece xurisdicción civil e criminal dentro do recinto universitario coa excepción dos delitos que acarreasen morte ou mutilación.

As providencias reais crean unha figura intermedia entre o Claustro e o Catedrático —os directores de estudio— que, en número de catro, tiñan como función controlar a marcha cotiá da Universidade, xunto co Secretario, Rector, Contador e Bedel. Con isto pretendía Ulloa axilizar a vida diaria da Universidade, obstaculizada a miúdo por conflictos internos.

A reforma dos claustros foi abordada tamén nas Providencias Reais. As sesións celebrábanse a miúdo "no medio de escandalosos alborotos promovidos polos bandos nos que estaba dividida a Universidade"[11], que é de supoñer que se agravarían durante a aplicación da reforma universitaria. Ulloa regulamenta a actividade e función dos claustros de moi diversa maneira. Ademais da limitación do número de claustrais, reduce a celebración de Claustros ós aspectos máis graves —o funcionamento cotián queda encomendado ós directores de estudio— e deixa a criterio do Rector a selección dos asuntos a tratar.

A vida académica ocupa un lugar importante nas Providencias, e non só a planificación de estudios, senón tamén a organización burocrática na que se viñan observando casos por corrupción. O trámite de matrícula era un dos aspectos máis escandalosos. A desorde existente nos libros de rexistro de matrícula da primeira metade do XVIII aconsella a reforma radical que foi feita a partir de 1751, tal e como pode comprobarse ó analizar a poboación universitaria de antes e de despois das Providencias. Antes de 1751 era "práctica usual" prescindir do trámite de matriculación, tal como testimuñan as numerosas advertencias feitas polo Claustro compostelán ó longo do século[12].

> Son los conthenidos, los que se allan matriculados, en la Ynsigne Universidad de esta ciudad, i para cumplir con lo mandado por S.M. (que Dios G.) el P.M. escluirá, y no admitirá en su cáthedra al estudiante o estudiantes que no se allen en esta noticia; como también, tendrá entendido el P.M. que luego que se acabe el curso entregará, al infrascripto secretario, esta noticia, con certificación a su continuación de los discípulos matriculados, i del tiempo que asistieron a su cáthedra con aprobechamiento y mérito, para que se les quente el curso, o lo que

[11] Véxase X. R. Barreiro, op. cit. pp. 85.

[12] A. H. U. S. Leg., 211. *Registro de Matrícula* 1753-1754. Para coñecer a evolución da poboación estudiantil universitaria de Santiago, Isaura Varela "La población universitaria de Santiago durante el siglo XVIII" en *Universidades españolas y americanas*. Valencia, 1987.

> hubieren ganado; i como secretario de dicha Universidad, lo firmo en Santiago a seis de diciembre de mil setecientos cincuenta i tres.

A REFORMA DE CARLOS III

En 1767, data do comezo da reforma carolina, a Universidade de Santiago tiña superados certos problemas e sen solucionar outros. Ulloa morre no 1764, e desde esta data deica 1771 Ferragudo foi o home base da reforma. Desde entón as innovacións foron defendidas polo vicerrector D. Miguel Antonio de M. y Piñeiro que, por razóns moi dispares, permaneceu no cargo ata 1776, xusto o período máis crítico da reforma.

A Universidade de Santiago presentaba unha situación non prevista pola dinámica reforma de Ulloa. A nivel académico non se cubriran as cátedras vacantes e tampouco non se estableceran as academias previstas. O plan académico era o anterior a 1751 e o absentismo profesoral seguía a ser o mesmo. En resume, as pretendidas reformas permanecían bloqueadas polo sector máis poderoso do Claustro, deixando entrever a falla de cohesión entre o bloque anticolexial.

Anos despois de que a reforma de Carlos III se estendera a outras universidades españolas, a situación na compostelana seguía a presentar unha gran tensión interna entre colexiais e manteístas que imposibilitaba a boa recepción das reformas carolinas. Os intereses dos dous grupos respondían a diferentes ideas reformadoras. Os manteístas defendían unha reforma "ilustrada" orientada cara ás ciencias civís, mentres que os colexiais mantiñan "o estudio da escolástica en Filosofía como o Tomismo en Teoloxía"

Os desexos centralizadores de Carlos III resultaron na práctica menos radicais dada a situación desigual das universidades españolas. E a nivel compostelán imprimiron un certo aprazamento respecto ás anteriores reformas de Ulloa. Os problemas entre Fonseca e Universidade continuaron, e o translado da Universidade ó Colexio dos xesuítas en 1769 introduce un novo elemento de discordia entre as dúas institucións. Durante o reinado de Carlos III o Colexio de Fonseca viu moi mermados os seus anteriores privilexios, máis incluso que durante as reformas de Fernando VI, pois, se ben durante o reinado deste último e máis coas Providencias de 1751 quedara claro que as reformas universitarias de Santiago pasaban necesariamente polo control do Colexio de Fonseca, con Carlos III as reformas adquiriron radicalidade.

A innovación dos estudios era un dos aspectos importantes da reforma carolina. En Santiago o terreo era o idóneo para o plantexamento renovador: boa base económica e aumento do control manteísta en detrimento do poder colexial. Durante o reinado de Carlos III houbo varios plans de estudios, polo menos no que atinxe a Santiago. O pun-

to de arranque destas reformas foi unha R. O. datada en setembro de 1767 pola que o consello instaba ó Claustro sobre o sistema de provisión de cátedras empregado en Santiago e sobre as cátedras que convirá crear. A resposta de Santiago favorable á implantación de materias prácticas demostra a formación práctica do equipo dominante no Claustro —manteísta— e a súa sincronía coa liña ilustrada que informaba as reformas, como tamén a clara conciencia do estado decadente das universidades españolas e a necesidade de impulsar a renovación da ciencia.

A reforma proposta en 1770 por Campomanes para a Universidade de Santiago resulta ser o máis ambicioso de todos os proxectos. A reforma abranguía dous puntos importantes: plans de estudios propiamente e un plan económico. A boa situación da facenda universitaria e o perfecto coñecemento do seu estado permitiu realizar cambios importantes e exactos. Os máis salientables son o aumento do número de cátedras —de 19 a 38— e o seu sistema de provisión que se realiza co máis completo rigor. Ademais doutras disposicións complementarias relacionadas coa constitución de 4 academias e a preocupación polo estado da biblioteca.

Dos plans de estudios, os máis renovados foron os de Dereito, que, sen dúbida algunha, resultaban os máis fundamentais dentro dos obxectivos dos reformadores.

Este plan apenas foi variado polo Consello que o mantivo nas súas liñas máis importantes, aínda que non chegou a ter vixencia. Enviado a Santiago, a Universidade responde en agosto de 1770, pero, tal como pode apreciarse pola documentación, o seguinte curso impartiuse seguindo os plans anteriores.

No 1771 volve a elaborarse un novo plan, sancionado favorablemente por EL-Rei coa fin de poñelo en vigor no seguinte curso. O plan proposto podería resumirse nos seguintes puntos:

—En Teoloxía suprímense as cátedras que non sexan Teoloxía escolástica tomista.
—Cánones mantén as innovacións do R. Consello de 1770.
—En Leis prodúcese unha volta atrás ó retornar á liña romanista máis pura.
—Medicina conserva a organización deseñada no Consello de 1770.
—En Artes suprímense as tres cátedras de regulares. As tres materias impartidas son 1° Dialéctica e Lóxica, 2° Metafísica, e 3° Fª. moderna e experimental. Non se impón a creación de dúas cátedras de linguas e as matemáticas pasan a ser obrigatorias somentes para os futuros estudiantes de Medicina.

Tamén se prevén certas modificacións complementarias, fíxase o inicio e a fin de curso; as cátedras fanse temporais e impóñense certas normas para os estudios previos á matriculación en calquera facultade.

Aínda coas limitacións impostas pola escasa marxe de tempo, o plan —segundo o informe do Claustro ó Consello— aplícase durante o curso 1771-72, se ben non en toda a súa amplitude, en parte pola escasa claridade dalgún dos seus puntos. Esta circunstancia aconsella ó Claustro a petición de aclaracións que no seu conxunto adquiren a forma dun novo plan (xaneiro 1772). A reforma da facultade de Artes é un dos elementos máis importantess do novo plan. Referímonos á criación das cátedras de Filosofía moral e Física experimental en troques das de Grego e Hebreo como desexaba Campomanes. A inclusión da Física experimental supuña un avance por canto daba entrada e impulsaba o estudio de ciencias experimentais e prácticas. Os acontecementos suscitados na Universidade de Santiago co gallo da inclusión ou non desta materia reflexan o grao de resistencia e a tensión entre dous modelos distintos de Universidade[13]. Tal como indica Cabeza de León "O século XVIII chegaba como perduración do pasado". Ata 1789 no que desempeña a cátedra Francisco de Neyra (1789-1796) a súa provisión de carácter obrigatorio foi o eixo das diverxencias internas. De nada valeron os razoamentos do profesor por facer valer a súa capacidade e mostrar a esencia práctica da Física experimental pois na convocatoria para proveer a praza tras a morte do Doutor Cao especificábase a admisión de *todos* os profesores de facultade maior "unha vez que teñan o grao de Filosofía peripatética"

Co pretendido plan de 1776, que non era senón unha puntualización dos anteriores, remata o proceso reformista de Carlos III.

O clima de alarma producido en España polos acontecementos franceses refléxanse tamén no proceso reformador universitario e na Universidade de Santiago, o que non é impedimento para que durante o reinado de Carlos IV xurda unha xeneración de intelectuais de talla extraordinaria, froito da reforma Ulloa, que intentará sen resultado positivo deseñar proxectos orientados cara a ciencia moderna. Sen embargo "este grupo de intelectuais que perderon a súa batalla intelectual, polo menos ó nivel de reformadores[14], radicalizaríanse politicamente encadrándose nunha especie de partido preliberal".

I. V.

---

[13] A. H. U. S. *Sección histórica. Mazo 605.*

[14] "Todos estes homes en bloque adoptarán en 1808 posturas políticas, uns (Rodríguez, Patiño, Acuña e Malvar M.) no campo liberal español; a maioría no campo francés, tendo en 1809 que percorrer o longo camiño do desterro, pero sentíndose tan españois e liberais coma os outros". X. R. Barreiro, op. cit., pp. 217.

Política, Educación e Cultura no movemento da Ilustración

Herminio Barreiro

O século XVIII é o máis *corto,* pero, con moito, o máis intenso da época contemporánea. A súa duración efectiva, nunha acotación cronolóxica referida fundamentalmente á historia das ideas, arranca de 1730 e termina en 1789, coa Revolución. Os problemas que se plantean a partir de entón caracterizarán todo o século XIX e non son máis que o desenvolvemento do proceso revolucionario francés.

En 1730, o movemento da Ilustración irrompe na escena política e constitúese no aparato crítico e teórico que acabará irremisiblemente co Antigo Réxime. Montesquieu, Voltaire, Diderot, Rousseau, Helvétius, D'Holbach, entre outros, xeneran unha magna revolución no mundo das ideas e no eido da filosofía, da ciencia e da política. É a súa unha *crítica total* ó estado de cousas existente. Crítica que se basea na *teoría do progreso social* e no uso da *razón* como método de análise da realidade.

Os ilustrados franceses conforman o núcleo esencial do movemento da Ilustración. Son eles os dinamizadores dun proceso ideolóxico e político que se estendeu por toda Europa e América con desigual fortuna. En Inglaterra, A. Smith establecerá os primeiros elementos dunha economía política burguesa. En Italia, Vico será un puntal filosófico. En Rusia, Lomonosov fará ciencia positiva. En España, Sarmiento e Feixoo recollerán unha parte daquela atmósfera intelectual innovadora que viña de París. Nos EE.UU., Washington e Jefferson tratarán de racionalizar o discurso político americano. Catalina II será un personaxe importante dunha realeza deslumbrada polas novas ideas. En Alema-

nia, Kant sistematizará dunha maneira compacta o discurso racionalista e progresista dos ilustrados.

Pero o núcleo máis sobranceiro estaba en Francia. Dunha banda, o xenio de Voltaire, Rousseau e Diderot. Doutra, o materialismo consecuente e fondamente razoador de Helvétius e D'Holbach. Eles son os herdeiros e continuadores críticos de Descartes, Locke e Newton. Parece como se as ideas sucederan ás ideas... Parece, pero non é así. As condicións materiais de existencia eran moi distintas das que vivira Europa no XVI e no XVII. Os ilustrados traballan nunha situación socioeconómica diferente e son sabedores de que a conciencia social das xentes do seu tempo estaba a cambiar. O Antigo Réxime, teoricamente, xa estaba empezando a morrer...

O NOVO ESTADO

Este grupo de intelectuais modernos que son os ilustrados vanse converter moi pronto na avangarda da burguesía, unha clase con máis poder económico cada día e en ascenso social imparable. Seguindo o vello ideal utópico platónico, vanse propoñer como obxectivo fundamental a construcción dun novo Estado, dun novo modelo *teórico-práctico* de Estado. Pretenderán configurar un Estado de novo tipo, en definitiva, o Estado que necesitaba a burguesía para tratar de impoñer o seu dominio de clase.

Desta maneira, os ilustrados franceses porán en marcha un movemento de crítica filosófica asistemática (chamaranse a si mesmos *les philosophes*), de crítica social, económica e política e de subversión cultural e pedagóxica, que se transformará nunha importantísima teoría revolucionaria. A Ilustración pasará a ser así a razón necesaria, aínda que non suficiente, da Revolución de 1789[1]. Porque, no fondo, estaban as razóns económicas e sociais, as condicións obxectivas que a propiciaron: explosión demográfica do XVIII, crecemento das cidades, crise ideolóxica da Igrexa e relacións corruptas co vello Estado, etc. Non obstante, son os ilustrados os que elaboran o *deseño teórico* do proceso revolucionario, a *teoría* que se necesitaba para a acción política desexada por todo o Terceiro Estado.

Montesquieu, o *aîne* da Ilustración, o avó da *intelligentsia* do XVIII francés, é o primeiro arquitecto dese novo Estado. *O Espíritu das leis* é o armazón que lle servirá de base e, ó mesmo tempo, o anuncio da caída do Estado esclerotizado do Antigo Réxime. Louis Althusser, nun sagaz estudio, afirma:

---

[1] VILLAR, P., *Oro y moneda en la Historia (1450-1920)*, Ariel, Barcelona 1981, Cap. X.

> Aprécianse en Montesquieu as alegrías profundas do home que descobre. El sábeo. Sabe que aporta ideas novas, que ofrece unha obra sen precedentes... Dase conta... que enuncia *verdades novas*... Dase perfecta conta... de que o seu pensamento *abre un novo mundo*. Nós xa nos habituamos a este descubrimiento. E cando celebramos a súa grandeza, non podemos abstraernos do feito de que *Montesquieu está xa fixado na necesidade da nosa cultura,* como unha estrela no ceo, e concibimos mal o necesitado que estivo de audacia e de paixón para abrirnos ese ceo no que o inscribimos [Suliñados nosos][2].

Montesquieu levará a cabo igualmente un labor continuado de desmitificación do eurocentrismo. As súas *Cartas persas* son un exemplo elocuentísimo do seu empeño en afirmar o relativismo cultural.

As bases económicas dese Estado *novo,* o que Marx denominaba en términos de economía política a "anatomía da sociedade"[3], tiñan sido colocadas xa no primeiro desenrolo capitalista do século XVIII en Inglaterra. Sobre esta infraestructura, Locke e Newton son o enlace entre o despertar burgués, urbano e cidadán do Renacemento, os descubrimentos e a constitución do mercado mundial (Galileo, Maquiavelo, Bruno) e o movemento ilustrado. Hai, por tanto, unha nidia correlación, neste período de tempo, entre Historia social e económica e Historia da cultura e da educación (Comenio e o nacemento histórico da Didáctica moderna como disciplina necesaria para o desenrolo capitalista). O século XVII cumple a súa función de pivote entre o *Ancien* e o *Nouveau Régime*[4]. O absolutismo do XVII[5] é o canto do cisne do modo de producción feudal no que serán os países capitalistas avanzados pouco tempo despois. O demais será tardofeudalismo, rémora histórica, flocos do desenrolo desigual. Os Estados monárquicos serán liquidados coa propagación universal dos principios da Revolución francesa de 1789 ou tratarán de adaptarse ós novos tempos pactando abertamente coa burguesía (Inglaterra é exemplo e primeiro modelo).

O Estado ilustrado ía requerir tamén unha organización política nova. O propio Montesquieu aporta elementos fundamentais para darlle forma a esa nova organización política estatal. Voltaire fará, neste capítulo, unha contribución histórica capital *(Le siècle de Louis XIV)*. Este Estado debería ser capaz igualmente de establecer unha educación e

---

[2] ALTHUSSER, L., *Montesquieu: la política y la historia,* Ariel, Barcelona 1979, pp. 8-9 da Introducción.

[3] Cfr. prólogo da súa *Contribución a la crítica de la economía política.*

[4] Vid. Cap. XXIV, do vol. 1 do *Capital* de Marx (ed. do FCE).

[5] Un bo estudio da época atópase en A.D. LUBLINSKAYA, *La crisis del siglo XVII y la sociedad del absolutismo,* Crítica, Barcelona 1979.

unha cultura radicalmente distintas. Diderot, Helvétius, D'Holbach, Rousseau e o mesmo Voltaire serán os forxadores desa educación e desa cultura orixinais. Por último, dun Estado con tales características debería xurdir un novo tipo de cidadán e un home novo. Ese será o empeño particular de Diderot e, sobre todo, de Rousseau (o *home universal* que, de facto, non será máis que o *home burgués*).

Así vai nacendo unha nova conciencia social que, de momento, chega a sectores moi reducidos da sociedade (as minorías ilustradas), pero que, coa Revolución de 1789, adquirirá unha amplitude de masas e encherá a época contemporánea.

EDUCACIÓN E CULTURA ILUSTRADAS

Como consecuencia de todo iso, aumenta a conciencia da necesidade da intervención do Estado na educación dos cidadáns, é dicir, nace a primeira conciencia contemporánea do que será a *educación pública*.

Trataríase, pois, de construír un sistema educativo axeitado ás necesidades que se prevén para o novo Estado. Ou o que é o mesmo, un sistema educativo *ó servicio* do novo Estado. Os ilustrados van tomando progresivamente conciencia da importancia capital da educación para a implantación e mantenemento do Estado burgués que pretendían poñer en pé. E chegarán a concluír, mesmo, que non hai revolución política posible se non vai acompañada dunha revolución educativa paralela. Deste modo, a educación empeza a ser considerada como unha palanca de transformación social de primeira categoría.

Ábrese así un lento, longo e profundo proceso histórico que non culminará completamente ata máis alá da final da segunda guerra mundial e iso en moi contados países. Trátase dun típico fenómeno histórico de *longa duración,* que se abre coa publicación do *Emilio* de Rousseau (1762) e do *Ensaio de educación nacional* de La Chalotais (1763). E vaino facer nas súas dúas vertentes principais: 1) tomando a educación como un fenómeno social e político, pero tamén como un acto creativo, xenerador de cultura e capaz de conseguir un novo modelo de home (Rousseau) e 2) considerando exclusivamente a educación como un aparato do Estado (La Chalotais).

Condorcet, en vésperas da Revolución, sería xa un primeiro intento de síntese destas dúas dimensións da educación. Pestalozzi, no primeiro tercio do XIX, xa foi máis ca un intento. Os homes do último tercio decimonónico, particularmente Jules Férry, falarán dunha "escola para todos" e dunha "nova educación" gratuíta, obligatoria, pública e laica. A principios do XX, a Escola Unica e Activa é algo máis ca unha reivindicación. As dúas guerras mundiais proporcionáronnos os datos que nos faltaban. Péchase o proceso cando, en 1945, a educación é un problema planetario indisolublemente ligado ós sistemas estatais e ás

relacións internacionais. Dende entón ata hoxe, estanse a tratar de perfilar os sistemas educativos de cada país, partindo do suposto de que a educación é unha cuestión fundamental do Estado e un dereito básico do ser humano.

Rousseau, no *Emilio,* elabora os principios nos que se debe basear a educación *nova* que o *novo* cidadán do Estado *novo* necesitaba. Con esa educación cría Rousseau que atopariamos por fin o home *universal,* o home reconciliado coa súa verdadeira natureza e renacido da súa historia auténtica. En realidade, Rousseau estaba parindo algúns dos rasgos do home burgués contemporáneo. Por iso, a teoría rousseauniana só se encarna na realidade social moitos anos máis tarde. Emilio será o *self made man* americano..., tal e como o describe J. Dewey en *Democracia y educación.* Eís o home burgués e o cidadán do novo Estado que se irá construíndo en boa parte do planeta a partir de 1789.

Helvétius chega máis lonxe que Rousseau na consideración da educación como asunto de Estado. Para Helvétius *(De l'Esprit),* a educación non é só unha cuestión fundamental de Estado, senón unha tarefa *que debe figurar na Constitución.* Xa é máis ca *un servicio;* é un *dereito constitucional.* E debe ser así porque "todo o que non recibimos ó nacer — como tamén dicía Rousseau— debémosllo á educación". "Educación" é, para Helvétius, sinónimo de "circunstancias". Pouco tempo despois, Robert Owen falará tamén das "circunstancias sociais" como factor determinante do proceso educativo. E Marx, nunha das súas *Teses sobre Feuerbach,* engadirá: efectivamente, o ser humano é un producto das "circunstancias" (como diría Ortega, en España, a principios do XX...), pero tamén as "circunstancias" son producidas polo ser humano (relación dialéctica).

O punto de partida de Helvétius é maximalista e reduccionista, pero ten un efecto moi san e liberador naquel momento: *obxectivamente,* opoñíase á sacrosanta *desigualdade* consagrada pola Igrexa[6]. Para Helvétius, todos nacemos iguais. Logo, as desigualdades sociais, nacionais, culturais, sexuais, etc. son o producto dunha educación discriminatoria e inxusta.

D'Holbach, pola súa parte, como Voltaire, utiliza tamén a crítica como arma da revolución teórica. E inicia esa crítica "empezando polos deuses do ceo", como fará anos máis tarde Freud na súa historia crítica da cultura. A Igrexa, bastión principal e soporte ideolóxico do Antiguo Réxime, será o obxectivo e branco principal desa crítica. Os títulos das súas obras son xa suficientemente explícitos: *O contaxio sagrado, O*

[6] Vid. HELVÉTIUS, *De l'Esprit,* Ed. Sociales, París 1968, passim.

cristianismo desvelado, Historia crítica de Xesucristo. En D'Holbach atópase o esencial do movemento anticlericalista contemporáneo.

Voltaire, en cambio, será máis prudente. Trata de preservar a dimensión sobrenatural da relixión. Pretende que a relixión sexa a garda dos bos costumes *(Essai sur les moeurs)*. Pero arremete contra as formas típicas de utilización do poder temporal por parte da Igrexa. Pola súa banda, Rousseau mantén a relixión en canto expresión principal do *sentimento popular* (el é a primeira conciencia crítica da Ilustración e o precursor do Romantismo).

Todos eles (Helvétius incluído) formulan a súa crítica *événementielle* utilizando como "pretexto" o traballo dos xesuítas nos ámbitos da política, a educación e a cultura. Parten do suposto de que o xesuitismo é a ideoloxía punta da Igrexa de Roma ó longo do XVIII. A Igrexa, en tanto que superestructura político-ideolóxica dominante no modo de producción feudal, é o seu inimigo principal.

Tódolos ilustrados serán deudores ata a fin —e tamén escravos— da metodoloxía científico-natural[7], pero todos serán igualmente copartícipes na apertura de novos e amplísimos horizontes no ámbito das ciencias sociais.

Se Montesquieu foi o iniciador dun proceso que xa estaba no ambiente coa revolución do paradigma científico-natural, Voltaire será o gran pai da Ilustración no eido da cultura e da crítica histórica. Tan é así que o XVIII será considerado pola Historia como o século volteriano *par excellence*. A autoridade indiscutible do mestre francés, a súa actividade polifacética e o seu ascendente moral sitúanno á cabeza do movemento ilustrado. El é o gran coñecedor dos procesos socioeconómicos, científicos e culturais que estaban a ter lugar en Inglaterra. É o primeiro en escribir unha nova Historia, en revolucionar o seu método e en levar adiante unha nova lectura do pasado da Humanidade. Como súa será tamén a agudísima utilización da crítica en *Cándido* ou no *Tratado sobre a tolerancia*.

Diderot virá a ser, xunto con Voltaire, o home-síntese da Ilustración. El é o gran traballador, o organizador. El é o home das ciencias e das novas letras críticas (con D'Holbach); o teórico da cultura científica ilustrada; o gran pensador, promotor e animador da *Enciclopedia*. Diderot é a síntese personificada do movemento ilustrado.

Polo que respecta á educación, Diderot porá o acento no carácter cívico e moral da nova *educación pública* que se debería construír e, sobre todo, no seu papel de forxadora do novo *espíritu nacional* que se necesitaba. Espíritu que estaba en franca oposición coa atmósfera sectaria,

[7] Vid. análises de Engels sobre o socialismo utópico e a Ilustración.

confesional e privada da educación *doméstica, relixiosa* e *particular,* como el mesmo di. Atopámonos aquí, unha vez máis, co concepto da *unitariedade platónica:* a educación como mecanismo ideal para a asimilación e asunción das leis. Non en van, Rousseau xa considerara a *República* como o mellor tratado de historia da educación que se escribira nunca. A pauta platónica é seguida por Rousseau no seu razoamento pedagóxico do *Emilio.* O concepto clave que utiliza Rousseau no seu traballo será o concepto de *liberdade:* liberdade natural, civil e moral, en tres estadios progresivos nos que a liberdade se perfecciona sucesivamente e que responden a unha concepción da Historia e do Estado que esboza pormenorizadamente no *Discurso* e no *Contrato.* Eís a categoría fundamental do contido doctrinal da Revolución de 1789.

As aportacións de Rousseau, Helvétius e Diderot á análise das características e a función social do fenómeno educativo, converten á educación nun dos grandes protagonistas do movemento ilustrado. Para tódolos ilustrados, o Estado será a máxima autoridade responsable en materia de educación. Segundo iso, o sistema educativo debe ser un sistema unificado e controlado polo Estado. "En todo establecemento escolar do Estado —di Diderot— os nenos e os xoves deben ser educados *da mesma maneira* e con *idénticos obxectivos* (educación unificada e non discriminatoria e formación de cidadáns responsables). Iso implica unha *centralización* do proceso educativo. A educación deberá posuír ademais un carácter público e oposto á privada. Pero dicir *pública,* engade Diderot, quere dicir *colectiva.* E unha educación colectiva non poderá ser outra cousa, no novo Estado, senón *nacional.* En resume, educación estatal, pública, centralizada, colectiva, nacional... Velaí o programa pedagóxico ilustrado.

H. B.

Igualdade e desigualdade nas pesquerías galegas de mediados do século XVIII(*)

Xoán Carmona Badía

O aspecto máis coñecido das pesquerías galegas do século XVIII é o proceso polo que os fomentadores cataláns, recén chegados durante a segunda metade do século, vanse facendo propietarios da práctica totalidade dos establecementos de salga do peixe e dunha parte das embarcacións e aparellos, de xeito que se pode dicir que a principios do século XIX forman xa unha caste de burguesía marítima, propietaria dunha parte substancial dos medios de producción na nosa beiramar[1].

Os autores da época da Ilustración e boa parte dos do século XIX sobrancearon a agudización das desigualdades sociais que significaba a penetración catalana e debuxaron nos seus escritos un idílico igualitarismo previo a ela que contrastaba vivamente coa nova situación de desigualdade e desposesión. Os mariñeiros galegos serían así, antes da chegada dos cataláns, "pescadores y comerciantes de salazón"[2] nunha beiramar que vivía "en el seno de la paz y la abundancia, gozaba de los frutos de la costa y suelo, sin la zozobra de perderlos en el futuro; extraíalos en naves propias a los países extranjeros y las retornaba carga-

[1] A. Meijide Pardo, "Contribución de los catalanes al desarrollo de la industria pesquera de Vigo (1750-1815), *Aportación española al XXI Congreso Geográfico Internacional*, Madrid, 1969; do mesmo autor *Negociantes catalanes y sus fábricas de salazón en la ría de Arosa, 1780-1830*, Coruña, 1973 e mais "Aspectos de la vida económica de Vigo en el siglo XVIII", en *Vigo en su historia*, Vigo, 1980. Luis Alonso Álvarez, *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen (1750-1830)*, Madrid, 1976; do mesmo autor, "As revoltas preindustriais en Galicia: o ludismo", *Grial*, n. 66, 1969.

[2] C. González de Zúñiga, *Medidas que se deben adoptar para el fomento de la pesca y salazón en todas las costas y rías gallegas*, Pontevedra, 1850, pp. 5.

das de muchos géneros de preciso consumo, y de gruesas sumas que aumentaban su moneda"[3].

Nas páxinas que seguen imos tentar demostrar que, se ben o establecemento dos cataláns acentuou a diferenciación social na beiramar, isto non quere dicir que esta non existira previamente. Polo contrario, nun sector productor dunha mercadoría tan perecedeira como a pesca, tiña que darse unha clara orientación mercantil e, en relación con ela, unha cando menos relativa diferenciación social. Faremos referencia en primeiro lugar a este último aspecto para pasar a continuación a estudiar a presencia do capital comercial no sector nas vésperas da penetración catalana. Ó relativizar unha vez máis as mudas acontecidas na época da Ilustración agardamos contribuír tanto a tarefa de pór aquela no seu xusto lugar, tantas veces esaxerado, como a evitar os intentos de lexitimación dos que se cren novos ilustrados.

AS DESIGUALDADES NA PROPIEDADE DAS ARTES

Nas maiores artes colectivas, cercos reais e traíñas, a desigualdade entre os interesados nelas era evidente na época do Catastro de Ensenada. Os cercos eran aparellos de enorme dimensión, que requerían para o seu largado dun "galeón" ou "trincado" e de varias embarcacións auxiliares, participando nas súas faenas un amplo número de mariñeiros que oscilaba entre os 40 das máis pequenas traíñas e os 100 ou 120 dos maiores cercos. Eran artes que pola súa magnitude e complexidade prestábanse pouco á súa apropiación individual, sendo polo contrario moi axeitados para o seu manexo dentro do marco dos gremios de mareantes, xa que se trataba de artes compostas que permitían que cada mariñeiro aportara un ou máis panos de rede para a formación do conxunto[4].

Pero se un pano de rede para contribuír ó armamento de calquera arte de cerco estaba ó acado individual dun amplo número de mariñeiros, as lanchas auxiliares estaban ó de bastantes menos, e o galeón para o transporte da arte ó de practicamente ningún. Deste xeito, o trincado, os rizóns e demais adherentes deles eran unhas veces, como no caso do porto de Camariñas, propiedade do conxunto dos membros das correspondentes compañas que no seo do gremio de mareantes se formaban para a pesca ó cerco ou traíña. Outras veces, o galeón era propiedade dalgún ou algúns particulares, xeralmente comerciantes, que a cambio de pór a embarcación, rizóns, cairos, e demais adherentes per-

[3] J. Cornide, *Memoria sobre la pesca de la sardina en las costas de Galicia*, Madrid, 1774, pp. 59.

[4] Unha boa descripción das artes de pesca deste época en Sañez Reguart, *Diccionario histórico de las artes de pesca nacional*.

cibía, sen necesidade de ir ó mar, un certo número de quiñóns sobre o producto da pesca. Deste carácter privado da propiedade do galeón do cerco ou traíña ofrecen exemplos xa para os séculos XVI e XVII autores como Pérez Constanti e Casto Sampedro; o primeiro destes autores cita unha escritura asinada no porto de Noia no ano 1575 pola que un tal Pedro Alonso "se obligó a dar el trincado y todas las trallas que sean necesarias y por razón del trincado a de llebar todo dho invierno tres quiñones de sacada y otras tres por las dhas. trallas..."[5], namentras que o polígrafo pontevedrés cita outra referente á súa vila pola que no 1628 "Gregorio García ha de poner trincado, concaira y todos los demás aderentes que le son necesarios y dos quiñones de red"[6].

Se nas escrituras citadas dos séculos XVI e XVII os propietarios dos galeóns eran os propios atalieiros dos cercos, no XVIII espreitase xa a presencia entre aqueles de comerciantes non matriculados. Así en Pontevedra aparece un D. Juan Antonio Poladura, "mercader asturiano" como propietario do galeón do único cerco existente na vila no ano 1752[7]. No porto de Ares, no mesmo ano, existían tres traíñas, das que os respectivos galeóns pertecían a un pequeno fato de 5 persoas, comerciantes de aceite, xabón, sardiña, ningún deles matriculado.

Polo tanto, na época do Catastro, o feito de que as embarcacións de maior porte foran propiedade ben dalgún mariñeiro matriculado ou ben dalgún comerciante, daba fe da existencia tanto dun elemento de diferenciación entre os mariñeiros propietarios e os que non o eran, como dun primeiro nivel de penetración do capital mercantil no sector extractivo.

Pero o primeiro destes fenómenos no se restrinxía ás máis complexas artes de cerco, senón que se achaba presente na maior parte das artes, nas que o sistema de parcería marítima estaba montado sobre a base da propiedade privada das dornas ou pequenas lanchas utilizadas na pesca ó xeito. Así por exemplo pénsese que no ano 1761 hai na vila de Cangas 43 matriculados que posúen cada un unha "lancha de pescar sardina" frente a 223 "marineros sueltos que sólo llevan quiñón" nas lanchas dos anteriores "con la advertencia de que dichos marineros sueltos, una semana ban en una lancha y otras en otra, sin que tengan obligación de compañía, más que tan solamente la parte de ganancia

---

[5] Pl. Pérez Constanti, *Notas viejas galicianas*, Santiago, 1925, pp. 113.

[6] C. Sampedro, *Documentos, inscripciones y monumentos para la historia de Pontevedra*, Pontevedra, 1903, vol. III, pp. 434.

[7] Para evitar a acumulación de citas a pé de páxina, enténdase que as referencias á pesca e comerciantes a mediados do XVIII das que non se explicite outra cousa atópanse nos libros do Catastro ou das súas Comprobacións da parroquia ou vila correspondente, que se poden consultar no Archivo General de Simancas.

que les corresponde..."; en Vilanova de Arousa son 9 "los marineros que tienen dorna" frente ós 40 que "sirven en estas dornas"; no porto de Carril a proporción é de 12 a 70; no do Grove, de 89 a 147; no de Laxe, onde a pesca ó cerco coexiste coa do xeito, os 4 propietarios destas lanchas teñen traballando á parte a outros 20. Finalmente, e para non nos alongar demasiado, ímonos referir a un porto cantábrico, o de Foz, onde se dá unha desigualdade semellante, co engadido de que aquí tamén participan na propiedade das lanchas comerciantes e fidalgos que posúen 4 das 6 lanchas existentes no porto.

En definitiva, a desposesión dos mariñeiros galegos a mans dos cataláns á que se refiren autores como Cornide, Sarmiento, González de Zúñiga, Díaz de Rábago, etc., debe ser relativizada, xa que por moito que traballasen en réxime de parcería e que os propietarios das lanchas fosen tamén en moitos casos matriculados, as tres cuartas partes dos mareantes do país estaban xa desposuídos da propiedade das lanchas de pesca antes da penetración catalana. O feito de que posuíran algún pano de rede para armaren o xeito ou outras artes non modifica a argumentación, porque estes panos vannos conservar despois.

MARIÑEIROS RICOS, MARIÑEIROS POBRES

Esta estratificación entre os propios matriculados reflexábase no interior dos gremios, nos que os propietarios e patróns das lanchas e galeóns xogaban un papel preponderante. Eran eles os que exercían os postos directivos, os que representaban ós gremios nos contratos que estes asinaban e os que ostentaban os cargos que correspondían ó gremio nos concellos onde se localizaban[8].

Este estrato superior de mariñeiros era adoito propietario tamén das loxes de salga e dos fornos para obteren o saín ou graxa procedente das vísceras da sardiña, loxes estas que outras veces eran de terrestres (comerciantes, fidalgos, oficios públicos). En Vigo, principal localidade salgadora xa antes da penetración catalana, eran propietarios de bodegas deste tipo cinco matriculados daquel estrato superior de entre os que destacaba Juan Fernández del Villar, que fora procurador do gremio do mar, que tiña unha no Berbés e outra en Teis.

Outra das chaves da posición deste estrato privilexiado de matriculados era a posesión nalgúns casos dos pataches, pinazas e vascotes, barcos todos eles de pequeno porte destinados ó comercio de cabotaxe nun radio que cara ó Sul non pasaba normalmente de Alicante, e cara ó Norte, de Burdeos. Así, os matriculados de Vigo ós que faciamos refe-

---

[8] X. Carmona, "Producción textil rural e actividades marítimo-pesqueiras na Galiza, 1750-1905", tese de doutoramento inédita, cap. VII.

rencia no párrafo anterior eran propietarios dos pataches de entre 10 e 20 toneladas antigas de porte que con 6 ou 7 tripulantes viaxaban como o Ntra. Sra. de la Barca "a Cádiz con frejoles y jamones y vuelbe con aceite, aceitunas y talavera ordinaria" ou a "paraxes de Barlovento en este Reyno" para mercaren a casca precisa para encascar as redes. Pero, sobre todo, estes pataches tiñan como ocupación principal a de transportar a sardiña, basicamente salgada, ó País Vasco, ó Sul español, e moi principalmente a Portugal, cliente básico da sardiña galega entre 1713 e 1779[9].

Este estrato superior de matriculados propietarios deste tipo de buques e ás veces das loxes de salga, que son ó tempo comerciantes de sardiña, non era exclusivo do porto de Vigo. Son xa na década de 1750 un estrato moi diferenciado dos demais mariñeiros, e que se seguen nos gremios é precisamente porque resultan un excelente lugar desde o que defender os seus intereses particulares. Na illa de Arousa, en Riveira, no Caramiñal, o en Pontevedra era normal atopar matriculados propietarios de barcos "de cubierta en que beneficia sardina al Reino de Portugal". Nas Rías Altas o destino é máis ben o País Vasco, existindo igualmente pataches propiedade de matriculados que como en Camariñas "finalizada la pesca de la sardina después de salada esta los yndibiduos de cada patache los cargan y equipan con ella y transportan al puerto de San Sebastián de Biscaia en donde la venden y su ymporte emplean en yerro que de buelta de este viaje en todo el que se ocupan los tres meses de marzo, abril y maio venden en el reino...". En Muros, onde a penetración dos terrestres na propiedade das embarcacións era maior, dedicábase a un tráfico semellante nada menos que 8 pataches e 10 pinazas.

Para rematar coas consideracións sobre estes matriculados que deveñen comerciantes cómpre indicar que o maior desenvolvemento deste grupo que se pode observar en Vigo na época do Catastro de Ensenada débese non só a importancia deste porto como remitente de peixe salgado a Portugal, senón tamén posiblemente a un fenómeno que sobre todo a comezos da década de 1740 contribuíu a enriquecer a algúns matriculados e comerciantes daquela ría. Estamos a nos referir ás actividades corsarias para as que a ría de Vigo ofrecía tanto un magnífico refuxio coma unha excelente posición xeográfica, nomeadamente para interferir e apresar os buques empregados no comercio anglo-

9 A. de Oliveira e J. García Lombardero, "Algúns dados en torno das relaçoes económicas entre o Porto —sua regiao e a Galiza na época moderna— séc. XVII-XVIII", *Revista de História*, 1979; X. Carmona e J. García Lombardero, "Tradición e modernización nas pescarias galegas. Séculos XVIII e XIX", *Actas do Colóquio "Santos Graça" de Etnografia Marítima*, Póvoa de Varzim, 1985, vol. II.

portugués, que, tras do tratado de Methuen, viña acusando un incremento continuo. Capitáns corsarios serán, ó menos temporalmente, boa parte dó estrato superior de matriculados ó que vimos facendo referencia. Pola banda dos armadores destes buques corsarios atopamos fundamentalmente a comerciantes instalados en Vigo —aínda que moitas veces de orixe foránea— como era o caso do boucense Alexandro Ozores, dos asturianos Matheo Mayores e Joseph Menéndez, ou do propio cónsul francés Pedro Thournelle. Incluso nalgúns casos nos que se usan como corsarios os pequenos pataches vigueses, actúan como armadores os matriculados propietarios deles, que practican unha caste de corso "de baixura" consistente en abordaren ós buques anglo-portugueses no momento en que abeiraban á costa norte portuguesa, sen necesidade polo tanto de se alonxaren das propias costas galegas.

O corso foi un dos estímulos que animou a non poucos comerciantes a establecérense durante o século XVIII na ría de Vigo. De feito, todos os comerciantes ós que fai referencia o Catastro de Ensenada como veciños daquela vila participaron algunha vez como armadores en expedicións corsarias, sendo moi poucos de entre o maior número dos que figuran nas listas do *Almanak Mercantil* dos anos finais do século os que non teñen igualmente documentada a súa participación no mesmo negocio[10]. O corso foi así un dos negocios centrais da "burguesía" mercantil viguesa do século XVIII tal e como no seu día xa indicou José María Álvarez Blázquez[11].

Para os mariñeiros que embarcaban no corso, este significaba a posibilidade duns ingresos suplementarios. Pero, sobre todo, para os capitáns e pequenos armadores representaba a posibilidade de acumulación e ascenso social que axudaba a consolidar a preponderancia no conxunto dos matriculados do estrato superior. Así, non é estraño ver a capitáns como Domingo L. Estrada, Juan F. Villar ou Juan de Cores "el mozo" mercando terras e rendas á volta das súas campañas corsarias, ou a outros, como Francisco Thasorelo, facéndose coa propiedade dalgunha nova embarcación[12]. O corso será, xa que logo, un elemento máis dos que incidirán, sobre todo na ría viguesa, na diferenciación social entre os distintos grupos de mariñeiros.

COMERCIANTES TERRESTRES NOS NEGOCIOS DO MAR

Se nos apartados anteriores constatamos a diferenciación social dentro dos propios matriculados, nos párrafos seguintes ímonos referir á

---

[10] *Almanak mercantil o Guía de Comerciantes para el año 1807*, Madrid, 1807, pp. 263-266.

[11] J. M. Álvarez Blázquez, *La ciudad y los días*, Vigo, 1960.

[12] X. Carmona, "Producción...".

outra presencia que contribúe a romper a imaxe de igualitarismo e isolamento do sector: á existencia de varias vías, tres en concreto, de penetración do capital mercantil procedente do exterior no propio sector pesqueiro. Ímonos referir brevemente primeiro á propiedade das loxes e barcos destinados ó transporte da sardiña, para finalmente falar cun pouco máis de vagar dos contratos de cambio marítimo.

Como xa dixemos, a maior parte das loxes de salga pertecían ó estrato superior de matriculados; pero, ó seu carón existía tamén un grupo de propietarios de distinta procedencia; de entre eles, o grupo máis significativo era a mediados do século XVIII o dos comerciantes de sardiña co interior portugués, un comercio que estaba cáseque monopolizado polos veciños das parroquias de Lougares, Covelo e Paraño, na redonda da actual vila de Mondariz, que nunha escritura de 1761 declaran "estar empleados en el continuo tráfico y comercio de sardina, que compran en este Puerto y la conducen en carros para beneficiar en el Reino de Portugal"[13]. Durante o segundo tercio do século XVIII algúns destes traficantes vanse instalar en Vigo, adquirindo ou construíndo loxes de salga, de xeito que das 13 loxes que existen en dita vila a principios dos anos 1760, 5 son propiedade de tratantes procedentes das parroquias citadas.

Noutros portos galegos máis alonxados de Portugal, como Coruña ou Ares, nos que a documentación permite constatar tamén o predominio dese estrato superior de matriculados, son estes as máis das veces os propietarios das loxes e comercializadores do producto en barcos igualmente propios, pero en todo caso e con certa frecuencia constátase a presencia de comerciantes non matriculados como D. Miguel Inclán en Vilaxoán ou Bernardo Pastor na Coruña.

Outra forma de participación do capital mercantil nas pesquerías anteriores á penetración catalana, moi espallada non só na ría de Vigo, senón tamén noutras, era a que se realizaba a través dos empréstimos "a la gruesa", denominados tamén de "cambio marítimo" ou "a riesgo de mar"[14]. Mediante este tipo de contrato un comerciante adiantaba unha cantidade de diñeiro ó propietario/patrón dun barco, ben para atender ós gastos dunha expedición ou ben para investir en mercadorías a vender no porto de destino; a remuneración do capital adoptaba a forma dun interese fixo sobre a cantidade adiantada, perdendo o diñeiro o emprestador en caso de naufraxio. Coexistían, xa que logo, neste tipo de contrato, elementos de empréstimo con elementos de seguro maríti-

---

[13] AHPP, *Protocolos*, esc. Parcero de Barros, 1761, fols. 28-31.

[14] R. de Roover, "The organization of trade", in *The Cambridge Economic History of Europe*, vol. III, Cambridge, 1965, especialmente pp. 53-55; A. H. de Oliveira Marques, *Para a história dos seguros em Portugal*, Lisboa, 1967.

mo, xa que en caso de perda da expedición, unha parte da mesma ficaba asumida polo emprestador. Deste xeito, podíase recorrer ó cambio marítimo tanto por falta de recursos para emprender unha expedición como por querer asegurar unha parte do valor da mesma.

O cambio marítimo era un instrumento absolutamente xeralizado no comercio marítimo vigués dos 50 anos centrais do século XVIII. Dos máis de douscentos empréstimos "a todo riesgo y ventura, sobre quilla y costado" protocolizados polo escribán vigués J. A. Blanco entre 1727 e 1765[15], aproximadamente a metade corresponden a empréstimos efectuados "para el tráfico y comercio de sardina" en diversos portos portugueses, especialmente Porto e Coimbra e algo máis da cuarta parte a expedicións comerciais con destino a Andalucía, e especialmente a Cádiz, posiblemente con sardiña, feixóns, xamóns, calcetas e lenzos. A moita distancia están os empréstimos para expedicións destinadas ó "trato y comercio de la casca en los puertos de Barlovento de este Reino" e mais os que van con suministros para o arsenal ferrolán, así como algúns exemplos esporádicos para expedicións a Francia, Asturias, Cataluña, País Vasco ou illas británicas.

CADRO I

Destino das expedicións para as que se contratan empréstimos a risco marítimo perante o escribán vigués J. A. Blanco entre 1727 e 1765:

Portugal	119
Andalucía	74
Barlovento	11
A Graña	11
Francia	4
Asturias	1
País Vasco	6
Illas británicas	2
Cataluña	1
Total	229

As cantidades emprestadas varían habitualmente entre os 1.000 e os 8.000 reais, aínda que hai casos excepcionais en que se chega ós 20.000,

[15] AHPP, *Protocolos*, esc. J. A. Blanco.

sendo o valor medio dos 229 contratos obxecto da nosa análise o de 3.200 rs. Os intereses variaban segundo a distancia dos destinos, existindo para cada un deles un tipo normal. Así, o "premio de la demora de la paga y riesgo de fuego, viento y otros más peligros de la mar" adoitaba ser dun 8% para A Graña/Ferrol, dun 10% para Porto, dun 15% para Coimbra, dun 16% para San Sebastián e dun 20% para aqueles lugares máis alonxados como Andalucía, Francia ou mesmo o Sul de Portugal.

Os prestatarios ou tomadores do cambio marítimo eran, na práctica totalidade dos casos, as tripulacións dos pequenos vascotes e pataches, que se obrigaban mancomunadamente a pagar a volta da viaxe, mentres que os emprestadores constituían un conglomerado diverso no que predominaban os comerciantes non matriculados, entendendo por tales aqueles que non van ó mar nin en actividades comerciais nin ó servicio da Armada. Este grupo de dadores está presente no 56% dos contratos e nel figuran algúns dos principais comerciantes vigueses de mediados do século como o castelán Mateo Linares, o francés Thournelle, ou os rioxanos Lorenzo Llorente e Francisco Romero Caballero.

Aínda que no conxunto do período só represente algo máis do 15% dos contratos, cómpre sobrancear o importante papel que xogaron os mercadores asturianos establecidos en Vigo na segunda e terceira década do século XVIII na introducción do cambio marítimo en Galicia. En tal sentido, son as casas comerciais de Alonso Vitorero e "Alejandro del Cantillo, Tovar y cía, formadas integramente por naturais do porto asturiano de Lastres, as primeiras que aparecen na documentación notarial outorgando este tipo de contratos, contratos que monopolizarán ata a década seguinte. A introducción do cambio marítimo supuxo probablemente un importante apoio ás exportacións a Portugal, ó facilitar capital para efectuar compras de mercadorías a uns matriculados que á altura de 1720 non debían estar demasiado sobrados del.

En realidade, a presencia de mercadores asturianos na Galicia do segundo cuarto do XVIII non se circunscribe a Vigo, detectándose tamén nas outras rías exportadoras de sardiña a Portugal, en especial Pontevedra e Arousa, onde destacan firmas como a de "La Riega y cía", principal casa comercial pontevedresa destes anos ou a de Domingo Olibar, con casa establecida en Vilaxoán e Pontevedra. Os mercadores asturianos, establecidos contra 1720/1730, co gallo do comercio de sal, ferro e outras mercadorías serán a punta de lanza dun grupo máis amplo que arribará a Galicia nos anos seguintes, tal como se manifesta no Catastro de Ensenada que amosa unha importante presencia asturiana no comercio maiorista de varias das principais vilas galegas, especialmente en Pontevedra, Vigo, A Coruña, Padrón, Ourense e Ribadeo.

Logo dos comerciantes non matriculados, o segundo grupo de emprestadores a risco marítimo sería un heteroxéneo conglomerado de oficiais da mariña, boticarios, escribáns e rendistas, que en conxunto se poderían adscribir desde o punto de vista da súa clasificación como grupo social ó da tradicional fidalguía, un grupo reducido a poucas persoas pero que representa o 31% dos empréstimos. Podiamos definir a este grupo como unha caste de "fidalguía portuaria", que exercendo profesións asimilables á fidalguía, atopaban no cambio marítimo unha boa oportunidade de colocar os seus aforros.

CADRO II

Distribución dos dadores de diñeiro a cambio marítimo en Vigo nas escrituras asinadas perante o escribán J. A. Blanco:

Matriculados-comerciantes	12%
Comerciantes non matriculados	56%
Fidalguía portuaria	31%

Finalmente, tamén participan como emprestadores —aínda que en moita menor medida que os membros dos grupos anteriores— algúns mariñeiros do estrato superior de matriculados. Estes, que figuran como dadores de pouco máis dun 10% dos contratos, contabilizan unha media empréstimos/persoa moi inferior ós outros grupos, dando a sensación de que para eles era unha actividade meramente ocasional.

En resume, o cambio marítimo e a participación na propiedade das embarcacións de pesca e transporte son vías de penetración do capital externo ó sector nas pesquerías galegas da etapa anterior á chegada dos fomentadores cataláns. Pero tamén o capital procedente do propio sector incide nel a través da detentación por parte dun estrato superior de matriculados dunha boa parte das lanchas, aparellos, embarcacións de transporte e loxes de salga. Deste xeito, a estructura das pesquerías na etapa que noutro lugar temos alcumado de "exportación portuguesa" nin é o idilicamente igualitaria que afirman os autores da Ilustración nin o absolutamente rudimentaria e de subsistencia que afirman os fomentadores cataláns nos seus folletos do século seguinte.

As pesquerías galegas desta época tiñan unha baixa productividade por persoa empregada, problema de difícil solución porque existía unha poboación moi densa que, ó menos parcialmente, usaba as actividades marítimas como complemento á insuficiencia da súa agricultura. En ausencia de mudas nos mercados, o aumento da productividade significaba expulsión de man de obra do sector, algo que os gremios coa

súa ríxida regulamentación sobre artes intentaban evitar. Pero esta baixa productividade non era anormal nin en comparación con outros sectores económicos galegos, nin sequera con sectores análogos doutros países, se exceptuamos na fase de salga onde si se daba un certo atraso comparativo. En contrapartida, pódese dicir que as pesquerías galegas de mediados do século XVIII tiñan un carácter acusadamente mercantil, que absorbían capital tanto de dentro como de fóra do sector, e que estaban dando lugar a un proceso de diferenciación social no seu interior do que se vía o agromar dun grupo burgués de base marítima. As pesquerías galegas podían estar todo o eivadas que se queira, pero en absoluto eran un sector de subsistencia. E en todo caso, o seu nivel de integración mercantil era sen dúbida de ningún tipo o máis elevado de toda a economía galega.

X. C. B.

(*) A investigación da que procede este traballo forma parte do proxecto "O aproveitamento dos recursos marinos de Galiza, 1750-1940", subsidiado pola DGICYT e pola Consellería de Pesca da Xunta de Galicia.

Os ilustrados e os camiños de Galicia

Manuel X. García-Fuentes de la Fuente

No século XIII rómpese coa política imobilista dos Austrias e a súa total despreocupación polos camiños e vías de comunicación en xeral. É así que no século XVIII unha das principais preocupacións da monarquía, especialmente con Carlos III, será a de lograr un equipamento xeral do país, cunha política favorecedora do comercio, a industria, e a agricultura, para a que era ineludible reforzar a infraestructura viaria.

Esta visión por parte da monarquía era claramente compartida e apoiada por toda unha serie de pensadores e políticos ilustrados a nivel de todo o Estado, que tiñan como grande afán o de potenciar non só a agricultura senón tamén a industria, o comercio e a poboación, como no caso galego ocorre con Cornide, Labrada, Sánchez e Somoza.

As iniciativas por parte da monarquía son apoiadas por un conxunto de disposicións non só referidas á construcción de camiños senón tamén a favor da liberdade de comercio interior e o seu libre tránsito, así como a creación dos primeiros servicios de carruaxes, a creación dos servicios de correos desde principios de século, o interese por manter e mellorar o servicio de postas e mesóns como lugares de avituallamento, etc. Todas elas son medidas que ilustran do grao de preocupación polo tema e, qué dúbida hai, teñen unha grande importancia.

Todas estas iniciativas por parte da Coroa incidirán sobre Galicia de acordo coas diferentes densidades demográficas e ocupacionais. A realidade demográfica de Galicia na segunda metade dos século XVIII é algo suficientemente estudiado na moderna historiografía, polo que nos propromos como unha das partes introductorias deste traballo lanzar unha serie de hipóteses baseándonos nos datos demográficos xa coñecidos a través dos estudios dos arquivos de diferentes parroquias e

censos. Relacionaremos tamén os diferentes pesos demográficos da Galicia Norte e a Galicia Sur coa apertura do primeiro Camiño Real de acceso a Galicia e a súa posterior posible incidencia sobre as dúas partes.

Os primeiros anos do século XVIII en Galicia caracterízanse por un aínda claro dinamismo de crecemento demográfico sostido após a fase puxante de finais do século XVII, que aínda que desigualmente repartidos desde o punto de vista territorial, foi vigoroso. Este crecemento estaría motivado, como principal factor, pola aparición e paulatina difusión do millo en Galicia a mediados do século XVII, co conseguinte aumento de superficie cultivada (J.M. García, Santiago de Compostela, 1979).

No segundo tercio do século XVIII comezan a aparecer síntomas efectivos de terse acadado os teitos poboacionais en numerosas zonas, A Lanzada, O Barbanza, etc. Esta tendencia avanzaría escalonadamente, desde o punto de vista físico e cronolóxico, da costa ó interior, xeneralizándose coa afectación das últimas zonas como a do Xallas, Terra de Montes e parte da provincia de Mondoñedo.

En xeral, a partir da segunda metade do século XVIII, a tendencia común é de estancamento demográfico e nalgúns casos de claro retroceso que denota o grao de saturación da poboación, aínda que nalgúns casos relativos á Galicia interior, nestas mesmas datas pode constatarse como a introducción da pataca supuxo unha relativa mellora.

En todo isto inciden procesos de crises radicais de mortalidade que acadan o seu cénit no ano 1769, con perdas de poboación de arredor do 25 por cento, como é o caso de Xallas onde a mortalidade se multiplica por sete (B. Barreiro Mallón, *La jurisdicción de Xallas en el siglo XVIII*, Santiago de Compostela, 1977).

En resume, os estudios demográficos adoitan dividir a Galicia en dúas grandes zonas; por unha banda a Galicia occidental e costeira, cun grande crecemento da poboación e onde a entrada de millo de forma masiva desde o século XVII provocaría fortes avances da poboación, e pola outra, a Galicia interior e oriental, menos poboada, con moi baixa densidade de poboación, con crises de mortalidade acusadas e cun tipo de emigración estacional en dirección a Castela.

Por outra parte, obsérvase sobre os datos proporcionados polo Catastro de Ensenada (1752) unha intensidade demográfica que permite diferenciar á Galicia Norte, coas provincias de Betanzos, A Coruña, Lugo e Mondoñedo, da Galicia Sur, formada polas de Santiago, Tui e Ourense.

Segundo o Catastro, Galicia contaba cunha poboación de 1.299.312 habitantes, repartidos da seguinte maneira:

GALICIA NORTE

Betanzos	95.997
A Coruña	40.387
Lugo	225.978
Mondoñedo	78.078
	440.420

GALICIA SUR

Santiago	412.757
Tui	164.869
Ourense	281.266
	858.892

É moi claro, xa que logo, que o maior peso demográfico o representa a Galicia Sur, cunha porcentaxe do 66,10 sobre o total da poboación, frente á Galicia Norte que só chega ó 33,89 por cento.

Non obstante, trinta e cinco anos despois o censo de Floridablanca (1787) dá os seguintes resultados:

GALICIA NORTE

Betanzos	140.429
A Coruña	49.956
Lugo	233.105
Mondoñedo	85.065
	508.065

GALICIA SUR

Santiago	398.049
Tui	145.077
Ourense	249.124
	837.250

A toma de entidade demográfica do eixo A Coruña-Ferrol-Betanzos, manifféstase claramente ó pasar de 440.420 habitantes a 508.065 entre a realización de ambos catastros.

As provincias que sofren un espectacular aumento entre os anos 1752 e 1887 son as de Betanzos (un 46,3%) e A Coruña (un 23,7%), mentres que Santiago perde un 3,6% e Tui un 13%.

Para explicar este último xiro da poboación habería que ter en conta unha serie de feitos tales como o auxe do porto da Coruña, a suposta

importancia do arsenal de Ferrol, a ubicación na Coruña da Capitanía Xeral e, se cadra, a apertura da práctica totalidade do Camiño Real a Galicia.

Non obstante, é un feito probado que a Galicia Sur supera amplamente en número de habitantes á Galicia Norte. Se esta realidade xa existía antes de iniciar e decidir a dirección do Camiño Real de acceso a Galicia é un feito que plantexa numerosos interrogantes.

¿Cal foi a razón que moveu ós Borbóns, por medio de Esquilache, Superintendente Xeral de Camiños, a levar o camiño forzosamente polo Norte?

¿Foi o arsenal de Ferrol exclusivamente como sempre se sobreentendeu?

¿Foi o porto da Coruña? ¿Foi a Capitanía Xeral ou a Audiencia?

Cremos que foi un conxunto de todos estes intereses que enlazaban perfectamente entre si desde o punto de vista comercial, militar e xeográfico.

Xa Campomanes, en 1764, nun informe fiscal dirixido ó ministro Grimaldi sobre a emigración e a industrialización de Galicia, propuña solucións de carácter positivo encamiñados a evitar o paso de galegos a Portugal por medio do incremento das fontes de riqueza en Galicia, o que faría innecesaria a emigración. "El remedio está en dar actividades a Galicia, fundando hospicios en las capitales, estableciendo la hilaza de algodón, fomentando la pesquería de la sardina, erigiendo un consulado de comercio, con su secuela favorable sobre la industria —pensaba o mesmo Campomanes— proporcionaría medios de trabajo a sus naturales. Las hilazas de algodón y tejidos bastos de lino y cáñamo serían fuente de actividades para las mujeres y niñas, y América constituiría un excelente mercado para absorber su producción. De igual modo este comercio sería el medio idóneo para importar de retorno azúcar en abundancia, lo que redundaría en prejuicio del comercio de Portugal".

Poucos aspectos da realidade económica galega escaparon dos intereses do pensamento dos ilustrados do propio país. Averiguaron, analizaron e, normalmente, criticaron unha realidade tan difícil que supuña, en palabras dalgún deles, "un estorbo" que limitaba a economía, o comercio e, en definitiva, calquera asunto conflictivo que entorpecía, dunha ou doutra maneira, a mellora e o progreso na calidade de vida da poboación galega.

Se, como sinalaba D'Alambert, a Ilustración o discutiu, analizou e axitou todo, debemos dicir en xustiza, que relativo ós camiños de Galicia, nos seus escritos nunca deixaron os ilustrados galegos de propor tanto as necesarias reformas nos camiños xa existentes como os novos camiños que deberían construírse.

Nomes como Cornide, Pedro Antonio Sánchez, Lucas Labrada, Somoza de Monsoriú ou Sarmiento ou Herbella, preocuparanse na súa totalidade, aínda que con distintos graos de atención, de enxuiciar o estado das vías de comunicación de interior do País Galego e das conexións co exterior.

Nos últimos anos da década dos oitenta, o conde de Floridablanca solicitaba á cidade de Santiago "un informe sobre el estado en que han quedado los puentes y caminos de la provincia de resultas de las pasadas avenidas".

A cidade de Santiago recolle o informe elaborado por José Cornide, entre 1785 e 1786, na súa calidade de Rexedor perpetuo da cidade e Deputado da Xunta Nacional de Camiños a proposta das cidades de Galicia.

José Cornide elabora, con motivo do informe pedido por Floridablanca, un amplo resume dos principais camiños existentes en Galicia, do seu estado de conservación e do custo que suporía acometer as súas reparacións en caso necesario. Tamén explicaría Cornide os beneficios que se obtiñan nalgúns productos que transitaban polos camiños con consideracións feitas "despues de haber recorrido en diversas direcciones más de 300 leguas, confrontando, arreglando y enmendando los pocos correctos mapas que hasta ahora se han impreso en el Reino".

Analiza Cornide sobre o terreo o verdadeiro estado dos recursos viarios de Galicia, e conclúe dicindo que "para poner corrientes los 15 caminos que pasan por esta Provincia y fabricando de nuevo los puentes precisos se necesitan 2 millones y doce mil Rs sin contar con el camino transversal que la corta de Norte a Sur".

As estimacións de gasto para as diferentes partes serían as seguintes:

"Por cuenta de los arbitrios que se propondrán se destinará:

para el camino de Mellid ..... 80.000 Rs
para el del Ribero de Avia ..... 84.000 Rs
para el del Puente Vea ..... 60.000 Rs
para el de Rianjo, Puebla ..... 183.000 Rs
para el de Noia, Muros ..... 494.000 Rs
para el de Puente Maceira ..... 202.000 Rs
para Portomouro, Jallas, Camariñas ..... 74.000 Rs
para el Puente Albar, Bergantiños, Corme y Malpica ..... 69.000 Rs
parael de la barca de Chaian ..... 55.000 Rs
para el primero de travesía de La Coruña a Malpica,
Corme, Camariñas y Corcubión ..... 44.000 Rs
para el segundo camino a Camariñas y Corcubión ..... 39.000 Rs
para el tercero a Noia, Muros ..... 80.000 Rs

para el cuarto al Ribero de Avia .....17.000 Rs
para el quinto a Orense .....144.000 Rs
para herramientas .....30.000 Rs".

Para facer frente a todos estes ineludibles gastos —a xuício de Cornide— propón que se manteñan as contías dos arbitrios establecidos e, no caso de que non sexan suficientes, pide un arbitrio de "ocho maravedíes en cada quartillo de aguardiente sobre toda la que se consuma en el distrito de su Provincia que calcula la Ciudad ascenderá un año con otro a 100 mil Rs de vellón poco más o menos que sino pareciesen suficientes podrán aumentar añadiendo algo a lo que propone la Ciudad".

Finaliza Cornide o seu informe coa enumeración das obras "de más urgente necesidad" coas estimacións de custo de cada unha delas:

"el Puente Nafonso .....400.000 Rs
el Puente Ceso (mudándolo) .....40.000 Rs
el Puente Villar .....8.000 Rs
el puente San Justo .....80.000 Rs
reparos en los puentes Pedre y Maceira .....190.000 Rs
un puente en el Tambre más arriba de Mezonzo .....60.000 Rs
Puente de Traba a Sísamo .....25.000 Rs".

Cornide, como home ilustrado e coñecedor das diferentes necesidades da economía e da sociedade galega, elabora un acertado e detallado informe sobre os recursos viarios e as necesarias medidas a tomar.

Non hai dúbida que se para a elaboración deste informe solicitado por Floridablanca é comisionado Cornide na súa calidade de Deputado da Xunta Nacional de Camiños é polo seguro coñecemento da realidade que se lle supuña, polo prestixio que tiña e pola súa condición de rexedor perpetuo de Santiago, deputado do Reino de Galicia, académico fundador da Academia de Agricultura e membro das Económicas de Santiago e Lugo.

Outro ilustrado que puxo o seu interese nos necesarios intercambios de mercancías na poboación galega foi o crego Pedro Antonio Sánchez que na súa *Memoria sobre los abastos y policía de Santiago* fai referencia razoada e á vez rotunda, dicindo que (p. 221) "La abundancia y riqueza de esta ciudad, sea en orden a las provisiones diarias, sea relativamente al despacho de los artefactos de los menestrales que la habitan, será siempre proporcionada a la riqueza y abundancia de las gentes de los campos que la rodean. Si, pues, los encargados de promover el cómodo precio en los abastos, quieren desempeñar felizmente su comisión, habrán de poner los ojos, no en el pequeño recinto que encierran

las murallas, sino en las parroquias que hayan de concurrir a vender. Proteger al paisano contra las vejaciones que suelen hacerle, ver como conseguir que se le socorra en los malos años, animar su industria, estimular sus deseos con una libre venta, removerle en cuanto sea dable todos los estorbos, sea de malos caminos, sea de vejaciones en la ciudad, sea de bagajes, cuando vienen con cargas de carros o bestias, todo será una verdadera sementera para Santiago de las que recogerá copiosas cosechas. (...). Si el paisano está rico tendrá más superfluo que dividir con nosotros. Así nos venderá más y comprará más a los artesanos. Si los caminos se mejoran será el porte mas cómodo, concurrirán a vender en más número y de más lejos. Si no hay vejaciones, la industria será más activa y por consiguiente mayor la riqueza, tanto de la ciudad como de las aldeas".

Todas estas e outras consideracións do coengo Sánchez recollidas na súa *"Memoria sobre los abastos..."* ilustran respecto da súa opinión sobre da rede viaria. Introducen, ademais, —Sánchez así o fai— o calificativo "estorbos" para definir as dificultades que os camiños provocaban no desenvolvemento económico e na vida da poboación.

Na mesma *"Memoria sobre os abastos..."*, Sánchez alude tamén ó feito de que "Muchos montes que distan tres y cuatro leguas de aquí, producen leña en tanta abundancia, que los naturales los queman de cuando en cuando, a fin de que queden descubiertos para el pasto. De ellos nos vienen algunas cargas de carbón, pero ningún carro, por estar los caminos descompuestos y enteramente impracticables" (p. 206).

Non obstante, o auténtico punto negro do mercado interior galego delimítao Sánchez no impacto que sobre a economía galega se obtería da navigación do Miño "Representación al inmortal rey D. Carlos III sobre la navegación del Miño" en *La economía gallega en los escritos de...*, (p. 253), onde di: "Esta falta de extracción hace que los naturales del Ribero miren con igual horror la abundancia que la escasez de la cosecha. Un año muy abundante es para ellos el más cruel azote", e continúa dicindo que "siendo transportado el vino por caminos quebrados en bestias, que solo hacen al día cuatro o cinco leguas de jornada, y que no tienen algún retorno, no pueden menos que subir enormemente".

Sánchez esta aludindo ó problema de producción e mercado do que Dopico, *A Ilustración e a Sociedade Galega*, di: "E é que na Galicia do Antigo Réxime, na Galicia da penuria e da emigración, acontecen tamén problemas derivados da superproducción". En palabras posteriores e seguindo coa análise da obra de Sánchez dinos: "Ós problemas da comercialización do viño engade Sánchez os do peixe, madeiras e lenzos galegos. No seu proxecto de navegalibidade do Miño, Ourense converteríase nun gran centro comercial a partir do que se despacharían a Castela os devanditos productos a cambio de cereais e doutros productos casteláns. Isto lévanos directamente a unha vella teima ilustrada: a

mellora do transporte provoca a ampliación do mercado, e esta á súa vez dálle pulo á producción interior".

Se Sánchez se refire ós grandes problemas de transporte na economía galega, outro ilustrado, Lucas Labrada, insistirá con teima no mesmo, elaborando análises económicas do Reino de Galicia. Plantexamentos que, en conxunto ilustrados, eran recibidos polos poderes reais, propietarios, igrexa e demais ramificacións co poder central en Galicia, con certa xordeira.

Non obstante, Lucas Labrada, se cadra, irá máis alá, iniciando o capítulo da súa obra *Descripción económica del Reino de Galicia,* dedicado á descripción dos camiños antigos e modernos do Reino de Galicia, coas seguintes afirmacións: "Una provincia, por la mayor parte montuosa cual es Galicia, con los peores caminos transversales que se pueden imaginar, mal puede adelantar sin ellos la cultura de las tierras, ni dar salida a sus productos. Tampoco puede ponderarse bastantemente el beneficio que la debe resultar de que se hagan transitables para todo género de acarretos".

Esta afirmación feita por Labrada sería suficiente para dar por sabida a opinión que tiña ó respecto, pero nin moito menos foi isto o único que tiña que dicir. Continúa Labrada, despois de sentada esta afirmación, cunha detallada descripción dos camiños galegos acompañada dunhas reflexións que poden entenderse cos termos e palabras que J. M. Beiras describe no prólogo a *La economía gallega en los escritos de Pedro Antonio Sánchez,* cando di que "lo curioso e interesante del enfoque dado al problema por los ilustrados gallegos reside en el hecho de que no se centre obsesivamente y por mimetismo en la necesidad de "accesos" al país, sino en la importancia de la red viaria interior".

Labrada, certeiro calificador da realidade dos camiños galegos, continuará cun rápido percorrido histórico as obras de camiños en Galicia, situándose rápido nas necesarias construccións feitas nos últimos anos do s. XVIII e principios do XIX, nos momentos imediatamente próximos ós seus días, e explica como "se ha franqueado y construído con la mayor solidez uno que va desde La Coruña a Santiago (1764-1775), se ha hecho lo mismo con el que desde la misma ciudad se dirige a Madrid (iniciado en 1763) pasando por las de Betanzos y Lugo. Se ha construido también otro desde la ciudad de Santiago hasta la villa de Pontevedra y desde ésta a Pontesampaio y Tuy, gran parte de la cual ha sido obra del difunto Arzobispo de Santiago el Excelentísimo señor don Sebastián Malvar".

Labrada continúa na súa descripción acumulando xuícios moi atinados, como no parágrafo onde di: "la gran utilidad que de estas obras ha resultado al público solo puede ponderarlas el que compare su estado anterior con el presente, los montes que se han rompido, los pantanos

y lagunas cuyo paso se ha facilitado, notando la diferencia que hay en el día de hacer comodamente los transportes de frutos y efectos de unos a otros pueblos de los que caen en estos caminos, con la penalidad con que antes se veían obligados a conducirlos a lomo, circunstancia que tanto agravaba los precios de los géneros que se transportaban".

Parágrafos de Labrada estés últimos, dos que se fixeron eco Dopico e Beiras na súas xa nomeadas, facendo fincapé e afirmando o primeiro de como este ilustrado "relaciona el nivel de precios y las facilidades del transporte" (p. 191, op. cit.),. e o segundo afirmando tamén nós gordianos do pensamento destes ilustrados galegos con conclusións como a que di que "los hombres de la Ilustración gallega de que el desarrollo interno requiere sobre todo la intercomunicación de las comarcas entre si y con los núcleos urbanos" (p. 25, op. cit.).

Nada, ou moi pouco, foi posible facer no relativo á extrema necesidade que Galicia tiña de moitos e bons camiños. O labor dos ilustrados foi importante e necesario desde o punto de vista da conciencia que criaron coas súas múltiples e razoadas afirmacións e descripcións da rede viaria galega que en palabras de Dopico sería:

"Trátase de obter un incremento global que, aínda partindo da agricultura, abranguería, en xeral, ós sectores industrial e comercial. A loita contra da ociosidade e mais a poboación improductiva pasa ó primeiro plano, e considérase asimesmo esencial o incremento da demanda mediante a ampliación do mercado interior e exterior".

No conxunto dos plantexamentos dos diversos ilustrados galegos non podemos esquecer a existencia doutros ilustrados, tal vez non tan chamativos como os que nomeamos, pero non menos importantes. Estámonos a referir a xentes como Francisco Somoza de Monsoriú, Juan Francisco de Castro, Herbella ou Raimundo Ibáñez ou Pereira ou Suárez Freire. Dos plantexamentos de todos eles non habería máis que dicir que tiveron unha total sintonía cos plantexamentos ilustrados en xeral, entendendo isto cos propios elementos diferenciadores de cada quen, en ocasións aparentemente contradictorios, que non eran outra cousa máis que o maior calado dos plantexamentos de Labrada e o máis tépedo ou moderado de Cornide, ou de Somoza de Monsoriú.

As opinións de Somoza, aínda que certamente se poden calificar de moderadas, foron obsesivas na súa preocupación polo poderío productivo da poboación, facendo súa a idea de Campomanes da poboación desde o punto de vista financeiro, dese "capital humain" do que nos fala B.A. Pierrelle no seu interesante artigo "Le Ministre campomanes" *Travaux et recherches de la Faculté de Droit e des Sciences Economiques de Paris, E Historiques,* 9, (1966).

Nos primeiros anos do s. XIX é o momento no que se van expresar dúas opinións por parte de dous ilustrados, Lucas Labrada (1804) e

Suárez Freire (1813), enxuiciando os camiños construídos á final do s. XVIII e o que na súa opinión debería facerse.

Lucas Labrada, como sempre, máis amplo e preciso que os demais do seu tempo, di: "El Consulado faltaría en cierto modo al conocimiento que tiene de la ilustración del público sobre estas ventajas si se detuviese más en ponderarlas y en recomendarlas: mas de ningún modo deberá prescindir de manifestar con el mayor gozo que si los ya citados caminos (caminos hechos en el s. XVIII) proporcionaron las que lleva expuesto, a pesar de que la mayor parte de ellos atraviesan el Reino por los parajes más estériles de él, el que por Real Orden de 18 de junio de 1803 se ha servido S.M. mandar construir desde Benavente a Vigo, pasando precisamente por la Puebla de Sanabria y Monterrey, con hijuelas a las ciudades de Santiago y Tuy, y a la villa de Pontevedra, es la obra más completa que se puede idear en la materia y que va a dar un movimiento muy rápido a la felicidad del Reino de Galicia" (op. cit., p. 159).

Tamén Suárez Freire escribe no ano 1813 unhas consideracións nas que rexeita rotundamente a instalación do camiño de acceso a Galicia polo Norte, reclamando o novo camiño de entrada polo Sur, "más rico en producción agraria y con mayor número de habitantes" ("Viage de Galicia desde la villa de Benavente o breve descripción de sus dos carreteras: de la construida desde Astorga a La Coruña y de la que debe construirse desde la villa de Benavente a la ciudad de Orense, Santiago y Vigo, con algunas observaciones acerca de las obras, utilidad y circunstancias de cada una", Santiago, 1913).

M. X. G-F de la F.

Industria textil rural e cambios demográficos na Galicia cantábrica, 1750-1860

Pegerto Saavedra

O predominio absoluto do sector agropecuario no conxunto da economía galega é unha constante que moitos traballos de investigación e divulgación teñen sinalado ata tal punto que falar da economía galega era falar da agricultura e da gandería e, de maneira excepcional, da pesca. Pero, así e todo, o peso do sector agropecuario, con ser evidente, non acadou sempre o mesmo grao, sendo preciso, neste aspecto, distinguir épocas e comarcas. Botando man do afortunado título dun interesante traballo dos profesores X. Carmona e X. García Lombardero[1], poderiamos dicir que Galicia non sempre desempeñou o único papel de "perante de aldea" —ou sexa, o de simple exportadora de productos gandeiros de cara ós mercados urbanos—, sostivo tamén durante varias décadas unha importante "fábrica dispersa" ou industria textil rural capaz de suministrar cada ano millóns de varas de lenzos ós mercados de Indias e, principalmente, de Castela. Para non poucas economías campesiñas as exportacións de lenzos eran, cabo do 1800, máis importantes cás de gando.

O aumento espectacular de feiras e mercados que ten lugar no século XVIII e a renovación da burguesía (ou mellor, a aparición dunha nova burguesía a partir de 1760) son feitos que están moi ligados ó desenvolvemento da industria textil. Na segunda metade do século XVIII

[1] Cfr. X. Carmona e X. García-Lombardero, "De fábrica dispersa a pariente de aldea: la cuestión industrial en los orígenes de la Galicia contemporánea", *in* E. Fernández de Pinedo e J. L. Hernández Marco, eds. *La industrialización del norte de España*, Barcelona, 1988, pp. 80-98.

e no primeiro tercio do XIX unha elevada porcentaxe de campesiños tivo unha importante fonte suplementaria de ingresos na producción e comercialización de lenzos, ben que esta actividade non chegase a producir unha descomposición do mundo rural tradicional como aconteceu noutras partes. Comparada coa doutras partes de Europa — Bohemia, Saxonia, Países Baixos, Bretaña...— a importancia da industria textil rural que florece en Galicia no período 1770/80-1820/30 pode parecer cativa, pero se a comparación se fai dentro da propia Galicia, atendendo a criterios cronolóxicos e vendo qué incidencia ten en certas comarcas esta actividade, en diversas fases, non será entón ousado soster que a situación de fins do XVIII e comezos do XIX presenta unha certa novidade, aínda que non supoña unha ruptura (entre outras cousas porque a fabricación e venda de lenzos non era nin moito menos descoñecida antes). Tal foi o que quixemos indicar e salientar en anteriores investigacións nas que nos ocupamos da "protoindustria" da provincia de Mondoñedo: queriamos chamar a atención sobre a importancia do textil rural a fins do Antigo Réxime, cando, salvando a X. Carmona e ó autor destas liñas, polo que a Galicia toca, ninguén sabía gran cousa do tema. Nunca pretendemos defender que a "protoindustria" provocase en Mondoñedo as mudanzas que si causou nas rexións denantes mencionadas, pois xa deixamos ben claro entón que nin a localización xeográfica da actividade textil ía ligada a un proceso de especialización agraria, nin se producía unha descomposición do campesiñado, nin desaparecían as dependencias da herencia nin, en definitiva, cambaiban substancialmente os patróns de comportamento demográfico, entre outras razóns porque, con ser importante, a fabricación e venda de lenzos era unha actividade complementaria dun campesiñado cunha relativa fortaleza[2].

Pero con independencia de que sexa ou non lícito falar de "protoindustria", parécenos que non se pode negar a importancia real da fabricación e venda de lenzos no conxunto da economía galega da segunda metade do XVIII —e de antes, inclusive— e do primeiro tercio do XIX, por máis que esta industria pasase moito tempo desapercibida para os historiadores (pese a que Campomanes, Consul Jove ou Labrada escribiron importantes páxinas sobre o tema). Non foi realmente ata avanzada a década de 1970 cando se inician as investigacións que irían descubrindo a organización da producción e comercialización de lenzos e a localización xeográfica desta actividade segundo pode comprobarse nas publicacións aparecidas desde 1982, ben que o traballo máis

---

[2] P. Saavedra, "Desarrollo y crisis de la industria textil en Galicia: la lencería, 1600-1840", *Cuadernos de Investigación Histórica*, 7 (1982); *Economía, Política y Sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Xunta de Galicia, 1985. Con carácter divulgativo a voz "Liño", na *Gran Enciclopedia Gallega*.

ambicioso non viu a luz cando escribimos estas liñas[3]. Nas páxinas que seguen, que por forza han ser breves, queremos facer, primeiro, algunhas consideracións sobre as características xerais da industria rural doméstica —en acertada denominación de X. Carmona— e logo presentar unha serie de datos, basicamente de tipo demográfico, que poden ser indicativos dos efectos que na Galicia cantábrica tivo tanto a expansión do textil como o seu esmorecemento. A tal fin botaremos man do Catastro de Ensenada, dos censos de 1768, 1787, 1857 e 1860, dalgún rexistro parroquial e doutras fontes secundarias. Os parámetros demográficos das zonas con e sen industria textil que para 1787 ofrece o censo de Floridablanca foron xa estudiados polo prof. Eiras Roel nun traballo recente[4]; a nosa intención non é fixarnos nun momento determinado, senón prestar atención ós cambios que se producen co desenvolvemento da fabricación de lenzos e coa súa desaparición.

A) *Características xerais da producción e comercialización de lenzos*

Ó longo da Idade Moderna a Galicia cantábrica mantivo sempre unha certa tradición industrial e comercial. Polos portos de Ribadeo, Viveiro e Santa Marta de Ortigueira saen no decorrer do XVI madeiras, viño, pescado e ferro en dirección a Lisboa-Sevilla ou a Asturias, Cantabria e País Vasco. Se ben funcionou algunha ferrería no correxemento de Viveiro, no Valadouro e no Val de Lourenzá, foi nas terras montañosas próximas ó río Eo onde esta actividade tomou un pulo que mantivo ata o século XIX. As exportacións de madeira e o traballo de mazos e ferrerías constituíron sectores importantes da economía da bacía do Eo, e moitos fidalgos non tiñan reparo en tomar parte nestas actividades. Por iso non nos cabe a menor dúbida de que para entender o "espíritu empresarial" de don Antonio Raimundo Ibáñez han terse en conta polo menos dous feitos: dun lado a situación de expansión industrial e comercial pola que atravesa a Galicia da segunda metade do XVIII, coa aparición dunha burguesía nova con algúns membros que

---

[3] Vid. obras das notas anteriores, e ademais X. Carmona, "Producción textil rural e actividades marítimo-pesqueiras na Galiza, 1750-1905", Santiago, 1983, tese en vías de publicación, e que constitúe a investigación mellor sobre o textil galego. Do mesmo autor, "Clases sociales, estructuras agrarias e industria rural doméstica en la Galicia del siglo XVIII", *Revista de Historia Económica*, 3 (1984); "L'industria rurale domestica in Galizia (seccoli XVIII e XIX)", *Quaderni Storici*, 52 (1983), e "A formaçom do atraso economico. Alguns elementos da historia comparada", *IIas. Xornadas de Historia de Galicia*, Ourense, 1986. Aínda que non abordaron o estudio da industria textil rural merecen citarse, polo seu interese, as obras de L. M. Enciso Recio e A. Meijide Pardo, respectivamente, *Los establecimientos industriales españoles en el siglo XVIII. La mantelería de La Coruña*, Madrid, 1963, e *Economía marítima de la Galicia cantábrica en el siglo XVIII*, Valladolid, 1971.

[4] Vid. A. Eiras Roel, "Reflexiones sobre el problema de la proto-industria rural en la antigua provincia de Mondoñedo-El test de los comportamientos demográficos: primera aproximación", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 100 (1984-85).

acumularon capital con certa rapidez. Un exemplo témolo en Andrés García, rioxano establecido en Santiago, que importa liños por Ribadeo e aparece ó principio vencellado a construcción de Sargadelos[5]; doutro lado non ha de esquencerse a tradición que no traballo do ferro existía, desde moi antigo, na montaña lucense-asturiana da que era natural Ibáñez: na súa crianza puido contemplar nos boscos natais o funcionamento de ferrerías e mazos e ter coñecemento de proxectos para levantar novos "inxenios", e, logo en Ribadeo, foi testigo do crecemento do tráfico portuario e do desenvolvemento que ía adquirindo a fabricación de lenzos. Non podemos agora deternos nestes problemas que ocuparían demasiado espacio xa que o noso propósito non é falar da siderurxia de Sargadelos senón da industria rural doméstica, actividade menos espectacular pero de grande importancia para moitas economías campesiñas.

Desde fins do século XVI, polo menos, está atestiguada na Galicia cantábrica a fabricación de lenzos para exportalos a Castela ou mesmo ás colonias de Ultramar. No mercado de Mondoñedo abastecíanse as naves que saían de Viveiro ou Ribadeo e a el concorrían tamén comerciantes de diversas partes da coroa de Castela. Na segunda metade do XVII os "Cinco Gremios Mayores" de Madrid puxeron factores na cidade mindoniense para que mercasen lenzos e os remitisen á Corte. Nos inventarios *post mortem* que se conservan aló, para 1590-1750, dos labregos de Lourenzá, Valadouro e parroquias próximas á desembocadura do Eo (Sante, Abres...) aparecen grandes cantidades de liñaza (unha fanega en moitas ocasións, e ata dúas por veces), o que reflexa a importancia que tiña o cultivo do liño e a posterior venda de lenzos. Dado que ata entrado o século XVIII non parece que se traballase outro liño que o cultivado no país, a industria dos lenzos localizábase nas terras baixas, nas casas dos labregos abastados, dos que máis liñaza podían sementar. O proceso de comercialización, como claramente permiten comprobar diversas escrituras de protocolos xa da primeira metade do XVII, estaba moi fragmentado, toda vez que os lenzos eran levados a Castela por segadores temporeiros, arrieiros maragatos ou comerciantes profesionais[6].

Aínda que as medidas político-económicas das décadas de 1770-80, que permitían as importacións directas de liño "do Báltico" ou "de Holanda", favoreceron considerablemente a expansión da industria textil, a cada paso estamos máis seguros de que antes desas medidas, e polo

---

[5] Sobre o comerciante Andrés García, cfr. X. R. Barreiro Fernández, "La burguesía compostelana: la familia de Andrés García, 1760-1815", *in* R. Villares (Coordinador), *La ciudad y el mundo urbano en la historia de Galicia*, Santiago, 1988.

[6] Cfr. P. Saavedra, "Desarrollo y crisis...", art. cit.

menos desde o segundo cuarto do século XVIII, tivera xa lugar un forte pulo a producción e venda de lenzos. O feito de que nos anos 1730-1750 abonden nos protocolos as escrituras relacionadas con cargas de lenzos enviadas a Castela ou de que se faga mención de teares novos montados nas casas campesiñas, son probas do que dicimos. A mesma proliferación de feiras e mercados, que xorden nunhas e noutras partes de Galicia a miúdo sen ningún tipo de autorización (a propia xerarquía eclesiástica tentou, sen resultado, arredor do 1748, prohibir as feiras que se celebraban en domingo) é unha consecuencia do aumento dos intercambios, principalmente de lenzos e gando[7]. Se no Catastro de Ensenada, de 1749-53, se censan persoas que teñen como adicación suplementaria a importación de liño de Castela é porque, a esa altura, a materia prima do país xa non daba abasto, e as fallas remediábanse traendo algunhas cargas da provincia de León, labor que podían facer só segadores que voltaban de facer a temporada. O feito de que na mesma fonte que vimos de mencionar apareza un grupo ben definido de comerciantes de lenzos, asentados en cidades e vilas e nalgunhas aldeas do litoral e dos vales, parte deles fidalgos, que andan polas casas particulares e polas feiras para acopiar a mercancía que logo mandan a Madrid ou Valladolid (ás veces como simples comisionistas) é un indicativo máis do que vimos dicindo[8]. Algúns destes comerciantes chegaron a acadar un notable "xiro" e inclusive a establecer un limitado *putting-out-system* cando se adicaron á importación de liño de Castela ou "do Báltico" vía Bilbao, antes de que os cargamentos puidesen chegar directamente a Ribadeo. Un Juan Lozano, por exemplo, veciño de Celeiro de Mariñaos tiña en 1767 tres teares alugados a mulleres de San Martiño de Mondoñedo, Vilaronte e Barreiros, e entre as súas débedas activas figuran 31 varas de lenzo angosto por unha arroba de liño castelán da-

---

[7] Unha relación completa de feiras e mercados en J. García Lombardero, *La agricultura y el estancamiento económico de Galicia en la España del Antiguo Régimen*, Madrid, 1973, apéndice III. Nas *Memorias* de Larruga hai abundante información sobre as características de cada feira e mercado e sobre a súa antigüidade. Como ten demostrado X. Carmona ("Producción textil...", páxs. 113 ss.) había feiras nas que pouco máis que se vendían lenzos (é o caso da da Cañiza). Os lenzos galegos son un importante artículo de exportación polo porto da Coruña de 1765 a 1778, segundo se desprende do traballo de L. Alonso, *Comercio colonial y crisis del Antiguo Régimen en Galicia, 1778-1818*, Coruña, 1986. Por outra parte, se na década de 1680 se establecera a fábrica de mantelerías da Coruña foi porque existía unha grande tradición autóctona no traballo do textil; Vid. L. M. Enciso Recio, *Los establecimientos...,cit.*

[8] Para o caso de Mondoñedo, P. Saavedra, *Economía..., op. cit.*, páxs. 348 ss.; a importancia dos comerciantes de lenzos de Santiago en A. Eiras Roel, "La Burguesía Mercantil compostelana a mediados del siglo XVIII: mentalidad tradicional e inmovilismo económico", *in La historia social de Galicia en sus fuentes de protocolos*, Santiago, 1981.

do a tecer[9]. O caso de don José de la Vega y Río, de familia fidalga de Valadouro, morto en 1775 —antes por tanto de que comezaran as importacións directas— é máis significativo porque entre os seus deudores figuraban, debendo 115.813 reais, once comerciantes de Valladolid e seis de Madrid, ós que lles remitira con regularidade cantidades de lenzos, e había tamén 92 persoas que lle adebedaban liño que levaran fiado ("a crédito"), liño que en parte procedía "de Holanda" traído a través do porto de Bilbao[10]. A autorización das importacións directas ten importancia porque é unha resposta á necesidade de materia prima que viña padecendo unha industria textil en expansión.

Un indicativo tan fundamental para coñecer a importancia do textil rural como é o estudio do número de teares non pode utilizarse para toda a antiga provincia de Mondoñedo, salvo para 1787 —e non sen reparos—, pois unha fonte tan minuciosa como o Catastro de Ensenada non sempre fai mención dos devanditos artefactos ou profesións ligadas a eles. En parroquias nas que había fabricación e venta de lenzos, como nalgunhas do condado de Ribadeo ou do Valadouro, poida que non se relacione ningún tear, cousa que en principio sorprende, pero ha de terse en conta que o Catastro tende a "esquencer" as actividades de carácter feminino, e o fiado e o tecido eran, en Mondoñedo, ocupacións de mulleres. Para toda Galicia X. Carmona calcula que o "umbral absolutamente mínimo" estaría arredor do 1750 en 15.000 teares[11]. Sen dúbida, como o mencionado autor advirte, esta é unha cifra baixa (un artefacto por cada vinte veciños), que quizabes habería que subir ata 20 ou 25.000. De todos os xeitos o problema non está tan só en coñecer o número de teares nun ano determinado, senón tamén en averiguar a intensidade da súa utilización; parece que a meirande parte deles só traballaban tres ou catro meses ó ano, segundo a maior ou menor cantidade de liño que se dese fiado no ámbito de cada familia, pois a división de tarefas entre persoas de varias familias, sen ser descoñecida, non parece ter avanzado ata provocar unha especialización, salvo ocasional. A mesma diversidade de ganancias que o Catastro asigna as tecedoras dunhas e doutras parroquias, alí onde as menciona, é un reflexo da súa dedicación máis ou menos intensa: as da cidade de Mondoñedo e mesmo as da parroquia da Devesa, preto de Ribadeo, gañaban, segundo a avaliación fiscal do Catastro, 270 reais por ano (supoñemos que traballarían "a tempo completo"); as de Galdo, 100; as de varias parroquias

[9] Arquivo de Protocolos de Ribadeo, escb° A. Martínez, 1804.

[10] Arquivo Particular da Familia Pardo-Montenegro, Madrid.

[11] Vid. X. Carmona, "A formaçom...", *art. cit.*, páx. 91.

do correxemento de Viveiro 60, pero as de Bretoña só 30 reais[12]. En boa medida hai unha correlación entre maior nivel de ganancias e máis densidade de teares, xa que estes "inxenios" localízanse no litoral e terras baixas e son máis raros nas parroquias de montaña.

Despois de que os cargamentos de liño comezasen, arredor do 1777, a chegar directamente a Ribadeo e de que se estendesen os repartos a creto ou "ó fiado" entre os homes e mulleres que ían ós almacéns dos importadores e intermediarios a recollelo, a fabricación e venta de lenzos seguiu mantendo moitas características que a definen: a mesma localización xeográfica, o control da producción por parte do campesiñado, a comercialización a cargo de temporeiros que van ás segas, maragatos e comerciantes de profesión (algúns dos cales tamén envían a Castela gando, sobre todo bois). A industria textil rural seguiu sendo unha actividade propia das parroquias do litoral e vales, pouco practicada en cambio nas terras do interior e montañosas. Con independencia de que a relación de teares de 1787 sexa fiable[13], si parece homoxénea e permite facer ilustrativos contrastes: os teares censados son 1.867, pero están moi desigualmente repartidos, pois se de promedio en toda a provincia hai un por cada dez veciños, a relación baixa a catro na xurisdicción de Barreiros, a cinco en Galdo..., pero sobe a 25 nas xurisdiccións e coutos de "montaña", de agricultura con barbeito —que entón principiaba a superarse—, importante gandería e baixas densidades demográficas[14]. A maior proximidade ós portos facilitaba o acceso ó liño "ultramarino", pero esta non é razón suficiente para explicar que se mantivese a tradicional licalización xeográfica da industria textil; a fin de contas Muras e Bretoña non estaban tan lonxe de Viveiro ou Ribadeo como para que os veciños tivesen grandes problemas para ir a recadar o liño nunha época, polo demais, na que os labregos andaban légoas para ir ás festas, feiras ou romarías. As explicacións da localización comarcal da industria textil, antes e despois de que as importacións de liño desprazasen a producción autóctona, han de buscarse en boa medida nas características da agricultura de cada zona e nas estructuras demográficas moi relacionadas co tipo de agricultura.

Tamén no que toca á organización da producción e comercialización dos lenzos houbo poucos cambios desde a década de 1780. Un pequeno grupo de comerciantes importadores pasou a controlar os carga-

---

[12] Dátos procedentes do Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Catastro de Ensenada, varias parroquias.

[13] A relación de teares de 1787 foi publicada por E. Lence-Santar; vid. "Los lienzos en la antigua provincia de Mondoñedo", *Boletín de laComisión Provincial de Monumentos de Lugo*, IV (1951).

[14] Os datos en P. Saavedra, *Economía...*, páxs. 666-667, táboa 25 .

mentos de liño "ultramarino": ó primeiro algúns comerciantes afincados en Ribadeo (aínda que de orixe asturiana) como os Villamil e Raimundo Ibáñez; logo os maioristas de Compostela que tiñan factores en Ribadeo[15]: Antonio Casas, por exemplo, que chegou a ser un dos principais comerciantes da vila na primeira metade do XIX comezou sendo factor da casa Santamarina, de Santiago. No inventario de Andrés García e Cía., tamén de Santiago, feito en 1804, baixo o epígrafe "Linos de Ribadeo" relaciónanse 48 persoas que deben entre todas 1.591.127,2 reais: aparecen en lugar destacadó os principais comerciantes intermediarios de liño (mercábano en grandes cantidades ós importadores, para logo distribuílo entre os campesiños dos arredores ou do interior), como don Manuel Fernández Quintana, que adeuda 307.144,5 reais e don José Antonio Campoamor, que debe á casa de Andrés García 172.705,3 reais. Baixo o rótulo "Linos de Vivero" aparecen tres persoas, debendo en conxunto 105.928 reais. Noutra relación de deudores dun "Libro de caja" figuran 133 persoas da Galicia cantábrica e tamén da parte occidental de Asturias; entre todas debían 3.648.993,6 reais. Seguramente se trata tamén de intermediarios veciños de Viveiro, Ribadeo e mesmo de parroquias rurais: don Antonio Martínez, de Galdo, aparece como deudor de 133.692 reais; a viúva de don José Cortiñas, de Magazos, con 94.839,4; don Antonio López Villapol, de Viveiro, con 192.752,2; don Pablo Suárez Villamil, de Ribadeo, con 403.002,2; don Sebastián Piñeiro, da mesma vecindade, con 240.495... Algúns veciños de freguesías do Valadouro e de Bravos teñen débedas por encima dos 30.000 reais[16]. Á súa vez, nos inventarios e outros documentos destes intermediarios aparecen tamén longas relacións de deudores, a miúdo campesiños que levaron liño ó fiado ou que serviron de fiadores a outros: o inventado don José Antonio Campoamor mencionado antes, e que igual có de Andrés García corresponde a 1804, enumera ata 598 deudores por un total de 588.015 reais[17]. O "conservadurismo" duns e outros comerciantes ten sido destacado en diversos estudios como unha das causas do fracaso da industria textil. Algúns amosan un sistema de valores ben semellante ós da figalguía rendista (a viúva de Villamil, por exemplo tiña na súa casa de Ribadeo un oratorio particular con toda clase de elementos decorativos), outros aparecen vincula-

[15] Sobre os importadores, vid. X. Carmona, "Producción textil...", páxs. 125 ss. O comercio e os comerciantes da Galicia cantábrica foron obxecto de estudio por A. Meijide Pardo, *Economía marítima..., op. cit.*

[16] Arquivo da Universidade de Santiago, Protocolos, 7438. Tamén X. R. Barreiro Fernández, "La burguesía compostelana...", *art. cit.*

[17] Arquivo de Protocolos de Ribadeo, escbº T. Pillado, 1804.

dos ás novas correntes de pensamento[8], pero todos eles renunciaron a invertir e dirixir a producción de lenzos.

B) *A evolución da industria textil e a súa relación cos cambios demográficos*

Os aspectos referidos á organización da producción e comercialización dos lenzos, ós de que maneira parcial e breve acabamos de facer referencia, sonnos hoxe, gracias a unhas cantas investigacións que xa citamos, bastante ben coñecidos, o que non quere dicir que todo estea feito: a posible división de tarefas entre familias campesiñas nas fases do fiado e do tecido (división que podía existir ou non, segundo as zonas) e a mesma localización dos teares entre o campesiñado (¿estaban máis ben nas casas dos "bodegueiros", nas dos labregos abastados ou nunhas e noutras?) son, por exemplo, problemas que habería que estudiar mellor. É máis difícil coñecer e aquilatar a importancia real que para cada economía campesiña en particular e para unha comarca en xeral tivo a industria textil rural. Averiguar en qué medida a producción de lenzos sostén un crecemento demográfico ou provoca cambios nalgunhas taxas non é tan fácil como á primeira vista podería parecer. En certos momentos é imposible deslindar a responsabilidade que corresponde á agricultura e aqueloutra que corresponde á industria textil rural. Ademais, como esta última actividade era xa importante antes de 1750 os seus efectos deberon ser continuos en certas comarcas, se ben non tiveron sempre a mesma intensidade. Desde este punto de vista podemos admitir que a industria textil non foi quen de evitar o estancamento demográfico dalgunhas comarcas da Galicia occidental desde mediados do XVIII, pero se non fose por esta industria rural non se acadarían as densidades de 1700-1750, o estancamento demográfico teríase producido antes e a emigración sería aínda máis elevada.

Os problemas non han de plantexarse, por tanto, cavilando que o textil ten unha certa incidencia a partir dun momento determinado (a partir das importacións de fins da década de 1770) e ningunha antes. A posible influencia que a industria rural teña na evolución demográfica desde 1770/80 é a maiores da que xa viña exercendo (o que lle da máis relevancia). Tampouco se ha de esquencer algo que é fundamental e que con facilidade, cando se comparan parámetros de diversas rexións, pasa desapercibido: a *posible división sexual* de tarefas no ámbito da industria doméstica[9]. Os comportamentos demográficos non serán os

---

[18] D. Antonio Campoamor tiña dúas ducias e media de libros; algúns de tipo instrumental (*Aritmética de cambios, Manual de comerciantes*); outros piadosos (*Manojito de flores, Vida devota, de Sales*) e outros que demostran unha certa vinculación coa cultura francesa (*Diccionario de la Biblia*, en francés; *Aventuras de Telémaco*, na mesma lingua...). Referencias documentais da nota anterior.

[19] Aspecto este no que insiste, con toda razón, G. I. Gullikson en *Spinners and weavers of Auffay*, Cambridge Univ. Press, 1986.

mesmos alí onde *familias enteiras* traballen no textil, rompendo os vencellos co agro (como sucede en moitas zonas que serviron de "modelo" ós estudios sobre a "protoindustria") que onde se adiquen a fiar e a tecer somentes as mulleres, e non todas nin sempre todo o ano. Non é indiferente tampouco que os teares estean nas casas dos "bodegueiros" e "bodegueiras", nas dos labregos "medios" e abastados ou nas duns e outros.

E fundamental ter en conta que despois das importacións de liño "ultramarino", que facilitaban o acceso á planta ós campesiños que non a cultivasen, a industria textil rural seguiu tendo, segundo indicamos antes e demostramos hai anos, a súa localización xeográfica tradicional: a meirande concentración de teares dábase en 1787 nas zonas baixas, con altas densidades de poboación, acusada emigración masculina e elevado celibato feminino, cunha agricultura diversificada que requería un traballo intensivo. Pero a situación de 1787 non era algo novo, pois xa para 1750 o Catastro de Ensenada deixa ver interesantes contrastes entre as estructuras demográficas da "montaña" (con nada ou pouco textil) e do resto da provincia: despois do estudio do vecindario de 56 parroquias que totalizan 6.405 familias (ou grupos de corresidentes) comprobamos que nas zonas de "montaña", cunha agricultura en réxime de ano e vez, abundante gando e débil ou inexistente industria textil, as mulleres eran cabezas de casa tan só nun 13,6% dos casos, namentras nas zonas baixas, debido a abundancia de viúvas e solteiras que ás veces viven "solas de sobre si" —para escándalo dalgún eclesiástico demasiado rigoroso— as mulleres están á frente dunha casa nun 21% dos casos. Hai, polo tanto, unha relación entre celibato feminino e localización da industria textil, relación antiga e que ten que ver co mesmo sistema agrario. A producción de lenzos non evitou, xa que logo, a emigración masculina (nin sequera a temporal e estacional, ben documentada no val de Viveiro cabo do 1800), entre outras razóns porque en Mondoñedo o fiado e o tecido eran ocupacións exclusivamente femininas e a industria textil non chegou a ter tal importancia que tamén os homes pasasen a ocuparse nesta actividade de maneira que a producción se impuxese á tradición. Pero hai argumentos para pensar que sen industria a emigración sería máis elevada e a poboación mostraría unha menor vitalidade non só entre 1770/80-1830, senón antes incluso de 1750.

Que a industria textil rural da Galicia cantábrica non provocou cambios radicais nos comportamentos demográficos parece unha evidencia. Despois de estudiar o censo de 1787 o prof. Eiras Roel conclúe que non se perciben nas freguesías con máis densidade de teares aqueles parámetros propios de poboacións afectadas pola "protoindustria": adianto da idade da muller ó matrimonio, meirande fecundidade, me-

nor emigración, mortalidade infantil máis agravada...[20]. Pola nosa parte xa indicaramos, ó dar a coñecer a importancia do textil mindoniense, a súa localización en terras moi poboadas e con forte celibato feminino, e salientamos tamén que a fabricación de lenzos non trouxo consigo unha descomposición do mundo rural tradicional e non desvencellou ó campesiño do traballo da terra nin o casamento dos condicionamentos da herencia[21]. A fin de contas, sabemos por algúns inventarios *post mortem* e por contratos de dote que, senón todos, parte dos teares estaban nas casas dos campesiños medios e acomodados (empregando estes calificativos no seu valor relativo) e a elaboración de lenzos era ocupación suplementaria e non única[22]. Era, ademais, ocupación feminina, o que significa que, se os homes seguiron coas súas ocupacións tradicionais, a industria textil puido ter bastante máis importancia da que podería desprenderse da falla de cambios nos parámetros demográficos. En todo caso, o movemento estacional das concepcións, que como se sabe está moi condicionado polo calendario agrícola, mostra algúns cambios a fins do XVIII con respecto a épocas pretéritas que, quizabes só parcialmente, poderían relacionarse cunha máis intensa adicación á preparación de lenzos. Vexámolo nas parroquias de Santiago de Mondoñedo e A Devesa:

CADRO I

Movemento mensual das concepcións. Índices

a) Mondoñedo, 1630-54

I	II	IV	V	VI	VII	VIII	IX	X	XI	XII
88	111	96	114	116	121	110	77	83	93	102

b) Id., 1775-99

98	112	110	111	120	100	88	87	91	90	96

c) A Devesa, 1621-50

117	109	117	124	117	117	86	63	72	66	90

d) Id., 1775-99

99	100	93	112	125	113	89	97	92	102	93

Fonte: Arquivos parroquiais de Santiago de Mondoñedo e A Devesa.

[20] A. Eiras Roel, "Reflexiones sobre el problema de la protoindustria rural...", art. cit. Como este autor sinala prudentemente, as conclusións que se tiran do censo de 1787 non son definitivas para coñecer os efectos da industria textil sobre os comportamentos demográficos, xa que o censo foi elaborado cando apenas comezaran a deixarse notar as importacións. En calquera caso, hai grandes desacordos entre os estudiosos sobre a influencia da proto-industria nos comportamentos demográficos; moi interesante é, neste senso a obra citada na nota anterior, de G. I. Gullikson.

[21] Vid. P. Saavedra, "Desarrollo y crisis...", art. cit., e *Economía...*, páxs. 348 ss.

[22] O noso propósito de facer unha táboa representativa de inventarios con e sen teares non puidemos, de momento, levalo a efecto. Ata o presente poucos inventarios localizamos con teares, o que pode ser debido a que estes artefactos se considerasen propiedade das tecedoras, e non se inventariasen. De todas formas os que aparecen en recontos ou escrituras de dotes poñen de releve que había campesiños de certo acomodo que se adicaban a producción de lenzos. Claro que ha de terse en conta que o textil era actividade feminina e complementaria, e que en Galicia non había unha burguesía agraria, senón que, como diría Colmeiro, era considerado "rico" o labrego que collía pan para todo o ano. Por iso non é sorprendente que na casa dun labrego abastado houbese un tear, e esta clase de campesiños non é equiparable ós que en Holanda ou Centro-Europa teñen unha explotación extensa, que non lles deixa tempo para o traballo do liño, ocupación que quedaba para os equivalentes ós nosos "bodegueiros". Vid. X. Carmona, "A formaçom...", art. cit.

Quizabes sexan máis significativos os cambios (máis grandes por outra parte) que se aprecian na Devesa, pois Mondoñedo inclúe poboación rural e urbana, menos sometida esta á estacionalidade agraria. Na freguesía da Devesa, ó lado de Ribadeo, as concepcións aparecen, no século XVII, moi concentradas nos primeiros sete meses do ano, namentras no último carto do XVIII a distribución está máis equilibrada, o que podería relacionarse cunha actividade continua, ben na agricultura ben no textil, por parte das mulleres. Tamén no período 1775-99 redúcense moito, en comparanza con 1621-50, as concepcións de xaneiro-abril, época na cal se preparaban as teas que a fins da primavera ou principios do verán se vendían para Castela. Repetimos con todo que estas explicacións dos cambios dun período a outro están cargadas de elementos hipotéticos, en espera de estudios máis detallados.

Pero se a industria textil rural non mudou substancialmente certos parámetros demográficos (sobre todo o referido á idade da muller ó matrimonio), iso non significa que non tivese unha influencia importante no movemento da poboación. Algunha relación terá que haber entre o aumento do número de bautizados que ten lugar a fins do XVIII e no primeiro tercio do XIX e a instalación de teares novos nas casas campesiñas, orixinada polas importacións de liño. Hacia 1800 no correxemento de Viveiro había, polo menos, un tear por cada cinco veciños, e no condado de Ribadeo, segundo documentación descuberta por X. Carmona[23], eran excepcionais os fogares campesiños que non tiñan algunha relación coa fabricación de lenzos. A maior abundamento, hai que argumentar que desde a última década do XVIII as curvas de producción agraria, estudiadas xa hai anos por A. Eiras Roel, notan unha baixa, cousa que non sucede nin cos bautizados nin cos matrimonios, o que significa que a poboación ha ter fontes complementarias de ingresos diferentes da agricultura[24]. Porque, ó mesmo tempo que marchan en sentido oposto a poboación e a producción, elévase un pouco a relación bautismos-matrimonios e continúa a reducción da mortalidade de "párvulos". Os pequenos cambios na relación bautismos-matrimonios non son concluíntes, xa que están afectados polo aumento da ilexitimidade. Os cocientes foron: 4,43 en 1750-79, 4,95 en 1780-99, e 4,77 en 1800-29[25]. A evolución da mortalidade de "párvulos" (meno-

[23] Cfr. X. Carmona, "A formaçom...", art. cit.

[24] Vid. A. Eiras Roel, "Dîme et mouvement du produit agricole en Galice, 1600-1837", *in* J. Goy e E. Le Roy Ladurie, *Les prestationspaysannes*, París, 1982. Unha comparación entre poboación e producción agraria en P. Saavedra, "Transformaciones agrarias y crecimiento de la población en la provincia de Mondoñedo, 1500-1830", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 102 (1987).

[25] Vid. o cadro incluído en P. Saavedra, *Economía...*, páx. 94. Nalgunhas parroquias e aumento da fecundidade débese a cambios agrarios.

res de sete anos) si que nos parece interesante, pois vén caracterizada por un descenso na segunda metade do XVIII, particularmente notable na década de 1780, e por unha elevación, nalgúns casos grave, cara 1820-39, cando se produce a desindustrialización e aparecen brotes epidémicos. No cadro seguinte expóñense os datos que logramos reunir:

CADRO II

Evolución da mortalidade de "párvulos" en diversas parroquias

En %

Anos	Mondoñedo	Lourenzá	Viveiro	A Devesa	Magazos	Vale	Sta. Cruz e Vilacampa	Ribadeo
1750-59	463	448	+	+	+	+	+	+
1760-69	480	395	337	+	+	+	+	+
1770-79	471	382	466	+	+	+	+	+
1780-89	385	336	324	+	+	+	+	+
1790-99	351	301	396	293	256	331	+	+
1800-09	332	334	393	258	220	288	281	377
1810-19	269	352	298	264	273	329	296	395
1820-29	329	324	299	374	287	238	298	403
1830-39	300	311	340	470	269	+	301	405
1840-49	385	371	327	+	256	+	319	374
1850-59	369	+	385	+	+	+	+	434

+ Sen datos.

Fonte: Arquivos parroquiais de Santiago de Mondoñedo, Vilanova de Lourenzá, Santalla da Devesa e Ribadeo, conservados nas respectivas rectorais; arquivos parroquiais de Magazos, Santo Estebo do Vale, Santa Cruz do Valadouro e Santa María de Vilacampa, no Arquivo Diocesano de Mondoñedo.

O descenso da proporción de "párvulos" falecidos non parece terse producido tan só en Mondoñedo provincia. Na vila de Monforte de Lemos, importante foco de redistribución do liño por térense afincado alí varios comerciantes intermediarios, a taxa de mortalidade de menores de sete anos foi de 450% nos anos 1735 a 1759, pero baixou a 356% (ou situouse entre 356 e 374%, se se admite sub-rexistro nalgúns anos) no período 1790-1805. En Meira, que entón agrupaba tamén a parroquia de Seixosmil, a mortalidade de párvulos non era tampouco elevada a fins do XVIII: do 305% en 1784-96[26]. Non pretendemos afirmar que a reducción da mortalidade de menores de sete anos haxa que atribuíla tan só á expansión da industria textil, por máis que sexa posible descubrir unha correspondencia entre o apoxeo da fabricación de len-

[26] Arquivo Diocesano de Lugo, rexistros de A Régoa e Meira.

zos e o descenso das taxas de mortalidade, e a desindustrialización e a nova suba das taxas. Hai que ter en conta tanto os bos ciclos de colleitas da década de 1780 como os brotes epidémicos posteriores a 1830 (1832-33, 1838-39). Con todo, os ingresos suplementarios suministrados ás familias campesiñas pola fabricación e venda de lenzos (e insistimos no de suplementarios, porque os fundamentos da economía campesiña non se mudan) deberon exercer unha influencia positiva, pois diante da ausencia de melloras profilácticas, a disminución da mortalidade tivo que deberse á unha elevación do nivel de vida do campesiñado (e tamén dos sectores urbanos) e o aumento que se rexistra en 1830-59 á unha degradación das condicións de vida, derivadas en boa medida da desindustrialización.

O descenso da mortalidade de "párvulos", acusado a fins do XVIII, posibilitou uns balances vexetativos cunhas ganancias demográficas antes descoñecidas. O seguinte cadro exemplifica este proceso:

CADRO III

Diferencia entre bautizados e defuntos en varias parroquias. Números absolutos

Anos	Mondoñedo	Lourenzá	Viveiro	A Devesa	Magazos	Vale	Sta. Cruz e Vilacampa
1750-59	—97	+33	(1)	(1)	(1)	(1)	(1)
1760-69	—268	+60	+54	(1)	(1)	(1)	(1)
1770-79	—54	+23	—	(1)	(1)	(1)	(1)
1780-89	+348	+47	+98	(1)	(1)	(1)	(1)
1790-99	+187	+96	—11	+107	+77	+87	(1)
1800-09	—122	+81	—19	+95	+29	+48	+53
1810-19	+277	+66	+11	+243	+13	+74	+93
1820-29	+588	+111	+97	+164	+67	+168	+164
1830-39	+438	+94	+45	+66	+60	(1)	+127
1840-49	+188	+28	+86	(1)	+38	(1)	+72
1850-57	—122	+60	—36	(1)	(1)	(1)	(1)

(1) Sen datos.
Fontes: As do cadro anterior.

Sen entrar agora en explicacións de detalle (que serían necesarias nos casos de Mondoñedo e Viveiro, ó tratarse de poboacións de forte compoñente urbano), observemos tan só como, salvo en Santa Cruz e Vilacampa e A Devesa, os meirandes saldos positivos conséguense na década de 1820-29, cando casan e fillan as xeneracións afectadas pola reducción da mortalidade de "párvulos". Pero moitos dos nacidos nesta década, na que se produce unha especie de *boom-baby,* xa non acabarán os seus días no seu lugar de orixe, ó vérense obrigados a tomar o camiño da emigración. A xulgar polos datos que ofrece Miñano e pola evo-

lución das curvas de bautizados parece claro que a provincia mindoniense debeu acadar cara 1830 un número de habitantes igual ou lixeiramente superior incluso, sobre todo nas terras baixas, ó que tiña en 1857-60 o antigo territorio provincial, o que revela as dificultades de 1830-60. Entre 1787 e 1830 a poboación das freguesías de "montaña" aumentou nun 50-60%, a do litoral e zonas de transición nun tercio aproximado e a dos vales interiores nun 18-20%. En moitas parroquias o ascenso das curvas de bautizados faise evidente sobre todo a partir de 1780 (ó mesmo tempo que se reduce a mortalidade de "párvulos") e na "montaña" e en boa medida tamén nas zonas de transición hai que relacionalo con cambios agrarios. Na década de 1830, e cando non na seguinte, as curvas de bautizados estáncanse ou descenden, ó tempo que se eleva a mortalidade de menores de sete anos. A evolución dos índices de bautizados de diversas parroquias exponse a continuación:

CADRO IV

Evolución dos índices de bautizados de varias parroquias

Anos	Mondoñedo	Lourenzá	Viveiro	A Devesa	Magazos	Sta. Cruz e Vilacampa	Cabanas	Ribadeo
1750-59	100	100	100	100	100	100	100	100
1760-69	99	97	113	100	106	93	96	113
1770-79	118	97	117	81	92	99	96	107
1780-89	116	102	113	102	91	93	128	119
1790-99	111	98	86	112	144	104	127	140
1800-09	112	110	88	112	103	102	128	161
1810-19	119	105	123	133	89	112	135	181
1820-29	149	119	140	145	116	136	150	225
1830-39	131	113	151	142	135	131	153	179
1840-49	122	117	182	+	113	123	146	183
1850-59	112	85	172	+	+	+	92	170

+ Sen datos.
Fontes: Cadros anteriores. Para Santa María e San Pantaleón de Cabanas tamén o Arquivo Diocesano de Mondoñedo.

É importante salientar que a inflexión é anterior á década de 1850, na que a poboación se viu afectada polo cólera. A ruptura do crecemento hai que situala no decenio de 1830, ou como moito no seguinte, coincidindo co esmorecemento da industria textil rural polo tanto.

Á altura de 1857 os efectos da emigración masculina aparecen con toda claridade nas pirámides de poboación das comarcas que se distinguiran pola producción de lenzos. O contraste entre os censos de 1768 e 1787 dun lado, e de 1857 doutro, é notorio no tocante ás relacións de masculinidade e ó celibato feminino. A industria textil, como xa deixamos dito, non evitaba a emigración masculina arredor de 1787, pero en 1857, sen industria, a emigración parece terse duplicado. No cadro se-

guinte figura a porcentaxe que representa, dentro de cada sexo, cada tramo de idade así como as relacións de masculinidade en 1768, 1787 e 1857 nas zonas de Ribadeo-Foz, Viveiro, Valadouro e Abadín-Muras, municipios estes últimos de "montaña", afectados pola introducción do cultivo da pataca, que non coñeceran a expansión do textil de maneira significativa e polo mesmo tampouco os efectos da desindustrialización:

CADRO V

Poboación por tramos de idade en %, e relación de masculinade en 1768, 1787 e 1857

	1768			1787			1857		
Anos	**H**	**M**	**R/ms.**	**H**	**M**	**R6ms.**	**H**	**M**	**R/ms.**
Ribadeo-Foz									
0 - 6	20,5	18,8	93	19,9	16,4	103	16,7	12,6	96
7 -14	19,9	15,4	110	20,0	16,3	105	18,2	14,0	94
15-24	12,6	14,3	75	16,7	16,3	88	14,7	20,1	53
25-39	17,9	21,6	70	19,3	21,3	77	21,9	24,2	66
40-49	12,9	12,9	85	11,1	11,7	81	11,1	10,2	78
50 e +	16,1	17,0	81	13,0	17,9	62	17,4	18,9	67
Viveiro									
0 - 6	19,4	17,3	101	18,6	16,8	98	17,4	12,5	93
7 -14	20,1	17,2	106	18,5	15,9	102	19,4	13,9	93
15-24	13,8	14,6	84	15,4	19,0	72	12,9	19,8	43
25-39	18,2	21,2	77	18,7	19,4	85	19,9	23,3	57
40-49	11,9	11,9	90	11,2	11,2	88	11,8	12,8	61
50 e +	16,6	17,7	84	17,6	17,7	88	18,5	17,7	69
Valadouro									
0 - 6	17,8	14,9	101	19,0	15,6	103	16,7	11,9	97
7 -14	19,4	16,2	102	20,1	16,5	103	18,7	14,7	88
15-24	14,6	15,4	81	13,1	15,3	72	16,4	19,4	59
25-39	19,7	23,9	70	18,1	21,6	71	21,3	26,7	55
40-49	12,4	12,0	88	11,8	12,0	83	11,1	12,1	64
50 e +	16,0	17,6	78	17,9	19,0	80	15,8	15,1	73
Abadin / Muras									
0 - 6	18,8	17,7	99	18,5	18,7	98	15,3	13,6	97
7 -14	18,8	16,9	104	18,4	17,1	106	18,1	14,0	111
15-24	13,9	14,4	91	14,6	13,6	107	17,2	21,4	75
25-39	18,8	19,5	91	18,5	21,3	86	24,9	27,0	79
40-49	12,9	12,7	95	10,0	9,7	100	10,7	10,0	91
50 e +	16,8	18,7	84	20,0	19,6	101	13,8	14,0	85

Fonte: Real Academia da Historia para os censos de 1768 e 1787. Biblioteca da Universidade de Santiago, Public. 1.405, para o de 1857.

Os datos dos censos de Aranda e Floridablanca son dabondo concordantes, aínda que se poden apreciar pequenos cambios dun para o outro. Así, na zona de Ribadeo-Foz o desequilibrio de sexos redúcese en 1787 con relación a vinte anos antes, cousa que parece deberse ó retroceso do fenómeno migratorio; o feito debe ser máis salientado por canto en 1768 a poboación feminina con 15-24 anos era o 14,3% do total de mulleres, pero en 1787 ese tramo representaba o 16,3%. No caso de Viveiro o desequilibrio de sexos no tramo 25-29 anos disminúe en 1787 por comparanza a 1768, producíndose no tramo 16-24 unha situación inversa; sen embargo, ha terse en conta que a poboación feminina con 16-24 anos representaba en 1768 só un 14,6 do total e en 1787 chegaba ó 19%. ¿Poderase concluír a partir destes datos que en certas comarcas existía unha emigración feminina que foi freada pola expansión da industria textil rural? Tal parece indicar o robustecemento do tramo de mulleres con 15-24 anos en 1787. No Valadouro, pola contra, agrávase o desequilibrio na xeneración con 15-24 anos no intermedio de ámbos os dous censos. En Abadín e Muras o fenómeno migratorio retrocede nos anos que van de 1768 a 1787, pero non coma froito do desenvolvemento do textil, senón por mor das transformacións no sistema agrario. En todas as comarcas a porcentaxe de mulleres con 25-39 anos que están casadas aumenta entre 1768 e 1787, segundo pode comprobarse no cadro:

CADRO VI

Porcentaxe de mulleres casadas entre as que teñen 25-39 anos

Sector xeográfico		
Ribadeo - Foz	54,4	57,6
Viveiro	54,9	59,4
Valadouro	56,4	57,6
Abadín - Muras	58,1	67,8

Fontes: Vid. cadro anterior.

O aumento principal nótase en Abadín e Muras, o que significa que a pataca é máis importante revulsivo demográfico que a expansión da producción lenceira[27]. Non obstante, os cambios que se notan en Ribadeo-Foz e Viveiro son apreciables.

A situación de 1857 era ben diferente á de 1787. Como os datos finais do censo de 1857 só indican o estado civil con relación ó total de habitantes de cada sexo, temos que contentarnos con ver a porcentaxe

[27] Cfr. P. Saavedra, "Transformaciones agrarias...", art. cit.

de mulleres casadas e viúvas sobre o total, e non por tramos de idade. Con todo, os resultados falan por si sós:

CADRO VII

Porcentaxe de mulleres casadas e viúvas sobre o total, en 1787 e 1857

	1787		1857	
Sector xeográfico	**Casadas**	**Casadas e viúvas**	**Casadas**	**Casadas e viúvas**
Ribadeo - Foz	30,9	39,3	24,7	34,4
Viveiro	32,3	40,1	24,0	33,8
Valadouro	32,2	39,9	22,6	31,5
Abadín - Muras	36,5	44,3	25,4	33,8

Fontes: Vid. cadro V.

Se en 1787 un tercio das mulleres estaban casadas e un 41% casadas ou viúvas, en 1857 estas porcentaxes reducíranse a 24,1 e 33,4%, respectivamente. Ademais nesta última data aparece moi minguada a importancia porcentual das mulleres con 14 anos ou menos en tanto aumentou a de aquelas que teñen de 15 a 39 e que están polo tanto en disposición de tomar estado de matrimonio, cousa cada vez menos doada. O desequilibrio de sexos queda ben ás claras no cadro V: as relacións de masculinidade que en 1787, nos tramos de 15 a 49 anos, nunca eran inferiores a 70 están agora por debaixo de 60 e incluso de 50 nalgúns casos (coma en Viveiro, para a xeneración con 15-24 anos). Un estudio máis polo miúdo permitiría ver relacións de ata 33, tal como ocorre en Viveiro no tramo de 21 a 25 anos. O desequilibrio de sexos é moi acusado entre a poboación con 15-39 anos non só porque os homes emigran cando están en idade de traballar, senón tamén porque as xeneracións que en 1857 tiñan 40 ou máis anos aínda puideran beneficiarse dos recursos complementarios que proporcionaba na súa xuventude a industria rural doméstica. A situación preséntase diferente en Abadín e Muras, onde os cambios agrarios conseguiron evitar, polo menos ata 1857-60, unha emigración escandalosa. Non obstante, a situación xa non era a de 1787 e o desequilibrio de sexos tamén comeza a acentuarse entre a poboación nova.

Os cambios que se rexistran entre 1752 e 1857 no tamaño dos fogares campesiños son outro aspecto a ter en conta, pois é moi ilustrativa a evolución contraposta que neste aspecto se nota entre as parroquias de "montaña" e aquelas que cabo do 1857 sufriran a desindustrialización. O cadro V exemplifica isto:

CADRO VIII

Tamaño das familias campesiñas en 1752 e 1857

a) *Parroquias de Ribadeo - Foz*	1752	1857
Arante	5,24	4,14
Barreiros	4,62	4,51
Benquerencia	4,39	4,14
Cabarcos	5,33	3,96
Cangas	4,09	3,79
Cedofeita	4,63	3,65
Celeiro	4,70	3,54
Coxela	5,83	4,64
Cubelas	5,17	4,46
A Devesa	4,82	4,15
Fazouro	4,55	4,27
Foz	4,96	4,52
Mondoñedo	3,86	4,52
Ove	5,86	4,61
Piñeira	5,53	5,08
Reinante	5,22	4,16
Vilaronte	4,09	4,61
Vilaselán	6,00	5,16
b) *Parroquias do val de Viveiro*		
Celeiro	4,02	3,80
Covas	5,03	4,35
Chavín	4,92	4,00
Faro	5,11	5,72
Galdo	4,17	3,98
Landrove	4,44	3,56
Magazos	5,18	4,52
Merille	4,73	4,17
Viveiro, S. Pedro	4,23	3,70

c) *Id. do Valadouro*	1752	1857
Adelán	4,17	4,45
Bacoi	3,79	3,72
Carballido	3,98	3,98
Frexulfe	3,63	3,48
Lagoa	4,00	3,73
A Laxe	3,95	3,92
Mor	4,13	3,90
Recaré	3,71	3,93
Santa Cruz	4,18	3,88
Vilacampa	4,81	4,82
d) *Id. da "montaña"*		
Abadín	4,35	5,71
Abeledo	4,32	4,65
A Balsa	5,33	4,13
Baroncelle	4,82	4,33
O Burgo	4,73	4,99
Castromaior	5,00	4,84
Goás	4,00	5,02
Irixoa	5,08	4,72
Labrada	4,55	6,09
Muras	4,69	5,10
Viveiró	4,73	4,72

Resume: Datos absolutos e índices

	1752		1857	
	Hbs.	Veciños	Hbs.	Veciños
Ribadeo - Foz	10.918	2.264	12.723	2.956
Indi.	100	100	117	131
Viveiro	5.473	1.212	6.892	1.700
Indi.	100	100	126	140
Valadouro	4.662	1.165	5.819	1.486
Indi.	100	100	125	128
Abadín - Muras	3.302	703	5.163	1.029
Indi.	100	100	156	146

Fontes: Arquivo Histórico Provincial de Lugo, Catastro de Ensenada das diversas parroquias para 1752. Censo de 1857, publicado no Boletín Oficial da provincia de Lugo de 1858.

Nas parroquias que coñeceron un proceso de industrialización e desindustrialización o número medio de persoas por familia descende entre 1752 e 1857: en Ribadeo-Foz pasa de 4,82 a 4,3, en Viveiro de 4,52 a 4,05 e no Valadouro de 4 a 3,92, respectivamente. Na "montaña", polo contrario, e no século que vai de 1752 a 1857, os veciños aumentan menos que os habitantes: o tamaño medio dos fogares era en 1752 de 4,7 persoas e en 1857 de 5,02. A mediados do XVIII non había grandes diferencias no número de membros das familias das zonas caracterizadas pola importancia do textil e daqueloutras puramente agrícolas e gandeiras; en 1857 as cousas cambiaran. Se en 1752, no val de Viveiro, aqueles fogares que tiñan unha "actividade auxiliar" eran meirandes que os que tiñan por única ocupación a agricultura (5,28 membros frente a 4,84), parece razoable relacionar o descenso do tamaño medio das familias co proceso de liquidación da industria textil. Este descenso, ademais, debeu de producirse a partir da década de 1830, pois, segundo os datos de Miñano, no condado de Ribadeo e xurisdicción de Foz as familias campesinas tiñan en 1826 unha media de 5,4 persoas, ou sexa, un 12% máis que en 1752 e un 20% máis que en 1857. Os fogares foron pois "inchándose" co florecemento da fabricación de lenzos, e "desinchándose" cando esta actividade esmoreceu.

O traballo no sector textil era na Galicia cantábrica unha actividade basicamente feminina, segundo xa dixemos antes. A emigración que se constata en 1857, en cambio, ten un carácter masculino. Isto significa que un matrimonio podía sosterse nunha explotación pequena cando a muller obtiña unhos recursos suplementarios fiando e tecendo; desaparecidos estes recursos quedaba a emigración para os homes e o celibato para as mulleres. Averiguar en qué medida a expansión primeiro e a desaparición logo da industria textil rural afectaron á condición feminina sería tema merecedor dunha investigación repousada. A producción e comercialización de lenzos fixo xurdir un certo individualismo (como demostran as "emancipacións" de mozos e mozas ós que, segundo rezan os protocolos, se lles recoñece "un cuerpo astuto y mediana intelixencia"), fomentou o hábito da contabilidade e provocou que o non saber ler e contar fose sentido como problema: tal é a razón pola cal a fins do XVIII se crean escolas en Lagoa do Valadouro, Galdo e Cubelas (por iniciativa de eclesiásticos no primeiro caso e dos veciños no último). Precisamente o censo de 1860 permite comprobar que, sendo en todas partes moi baixa a porcentaxe de mulleres que sabían ler e/ou escribir, nos municipios que tiveran industria textil hai unhas cifras algo superiores de femias alfabetizadas: en Abadín só un 1,8% de mulleres con máis de 10 anos sabe ler e/ou escribir e en Muras un 1,4; en troques en Alfoz a porcentaxe é de 7,7, en Foz de 7,8, no Valadouro de 5,6, en Lourenzá de 4,1, en Ribadeo de 21,5 (pero en Barreiros só de 0,7) e en Viveiro de 36,9 (tanto en Ribadeo como en Viveiro inflúe o peso da

poboación urbana). En calquera caso estas e outras cuestións teñen que quedar nada máis que plantexadas, en espera de investigacións feitas de vagar.

P. S.

Herdanza e proxecto. (Apuntes para un fragmento que se resiste a deixar de selo).

Xoán-Luís Pintos

Os modos habituais de abordar o tema da modernidade teñen máis que ver co fechamento que supón un dos principais efectos perversos da Ilustración que consiste precisamente na "maneira académica" de expresión e comunicación das ideas. A constante alusión á escrita dos outros ten moito que ver co abandono da sacralidade do relixioso recuperada para a teoría.

As alternativas coñecidas dos xéneros literarios diversificados que volven a empregarse desde os territorios da Academia só semellan convincentes nalgúns casos peculiares (estou pensando no moi debatido caso de J. P. Sartre). Os *"estilos de escritura"* que estamos a padecer nos últimos anos nas publicacións de carácter filosófico ou científico abondan na impresión de que non son doadas as formas non estreitamente unilaterais de expresar e comunicar a teoría no seu necesario vínculo coa práctica, sen que esvaeza a experiencia individual na necesaria abstracción do concepto.

Vou tentar, nas páxinas vindeiras, expresar o que foi e o que pode ser a MODERNIDADE na súa doble verquente de experiencia vivida a través dunha historia persoal e colectiva (eu pertezo a aquela xeración que naceu ó remate da guerra civil, e que, polo tanto, medrou baixo o franquismo como sistema e como marco cultural de referencia), e como concepto ou categoría que desde unha determinada hermenéutica filosófico-crítica constitúe o horizonte de comprensión e elaboración dunha teoría.

A forma da miña exposición trata de andar a xeito polas corredoiras da biografía para, desde a forma narrativa dunha situación concreta, achegarmos ó concepto do que a modernidade implica como maneira

de comprensión teórica e articulación coas prácticas cotiás dun proxecto de humanidade historicamente condicionado.

I. A HERDANZA

1. *Vivín na modernidade.*

Non é que fora mesmo "moderno". É mais ben que os sistemas de relacións nos que tiña montada a vida ían alo das limitacións regulamentarias establecidas autoritativamente e, polo tanto, a experiencia individual asumida pola conciencia era a única fonte de lexitimidade social. Non máis dependencias da razón das formas alleas á racionalidade ("Revelación", "Dogma", "Orixe" ou "Tradición"). O mundo, o home, a historia inventábase cada mañá e tiñamos ante nós un futuro radiante producto do progreso, das ciencias, das liberdades. Cáseque tiñamos un deus automático.

Vivín o soño da modernidade e rexeitei todo aquilo que o lume da Ilustración ía deixar ás escuras, esquecido nas cloacas da historia: feudalismo, servidume, relixiosidade, tradicións do pensamento, formas de vida atrasadas, culturas plebeas e formas de racionalidade imaxinativas non sometidas ós principios da razón omnisuficiente.

Fixen a experiencia da anovación tecnolóxica, da revolución da producción, do corpo como obxecto sanitario, do ensino como solución alternativa a todos os problemas do longo prazo e do Estado como "Gran Pai" que é xusto, igualitario e compasivo con todos os seus fillos.

En suma, vivín a transformación da cultura sagrada en profana, e o novo proceso polo que a Sociedade entraba no proceso diferenciador básico: o sistema funcionaba pola interrelación dun xerme organizativo denominado "empresa capitalista" + "aparato burocrático do Estado"[1].

2. *Sufrín a antimodernidade*

O soño da modernidade tiña lugar nunha situación de ataque permanente ós valores preeminentes das Ilustracións Europeas. Quizais este feito fixo máis doada a nosa crenza neses valores historicamente determinados.

Tiñamos que respetar as xerarquías, e así se autodenominaban o mesmo as eclesiásticas que as civís (aqueles inefables "Xerarcas do Movemento Nacional"), pero tamén se estendía esta forma de antimoder-

---

[1] Pódese ver J. HABERMAS, *Der philosophische Diskurs der Moderne*, Frankfurt, Suhrkamp, 1985, pp. 9 e ss. (Hai unha boa traducción castelá recente, *El discurso filosófico de la modernidad*, Madrid, Taurus, 1989).

nidade ó cerne familiar coas dobres subordinacións fillos/pais, mulleres/homes (que hoxe subsisten baixo formas máis sofisticadas), e sen esquecer a Escola, o lugar por excelencia da aprendizaxe de todo tipo de xerarquización tomando como pretexto a transmisión dos saberes.

Tiñamos que estar seguros; seguros de que o que pensabamos era a verdade, que actuabamos con xusticia, que as nosas amistades eran indestructibles, que o matrimonio era para sempre, que existía o ceo e o inferno como realidades últimas permanentes máis aló da relatividade histórica e que o purgatorio era un lugar de transitividade pois a ambigüidade era só unha aparencia.

Tiñamos que sentirnos solidarios co noso pasado a través dunha máxica identidade colectiva creada especificamente para a nosa ubicación na existencia; esa identidade chamábase "España". Velaí a fonte orixinaria do sermos alguén no decurso histórico. Porque o miolo de todos os discursos sobre España era o campo semántico construído coa simbólica dos chamados "Reis Católicos": este era o "símbolo compacto"[2] cara ó que se xeraba a identidade colectiva sempre binariamente concebida ("España/Antiespaña", "Monarquía/República", "Unha, grande e libre/Lenda Negra", etc.)

3. Sospeitei da Postmodernidade

Lémbrome sempre daquela definición que propuña Vázquez Montalbán da Postmodernidade, como *"Supermercado das chucherías do espíritu"*, na que coa súa absoluta falta de respeto polo discurso postmoderno trata de acentuar axiña a superfluidade dun pensamento da indiferenciación que asumindo unha determinada analítica da situación como orixe acrítica do discurso leva de seu a efectos positivos de fortalecemento do poder e febleza de calquera posición teórica que trate de empregar calquera forma de conceptualización da globalidade[3].

É probable que a analítica postmoderna sexa abondo precisa na descripción da fenomenoloxía social da última década[4]. Os motivos da miña sospeita céntranse máis ben no que nega que no que afirma. Fiquemos no debatido tema da *"obsolescencia dos meta-relatos"*; se o que se quere dicir é que as formulacións dogmáticas dos grandes discursos ideolóxi-

---

[2] Cfr. R. N. BELLAH, *Beyond Belief: Essays on Religion in a Post-Traditional World*, New York, Harper & Row, 1970.

[3] Pódese ver a miña posición sobre do "pensamento feble" no artigo "Febleza e poder da teoría" que publiquei recentemente en *Cadernos A Nosa Terra de pensamento e cultura*, nº 2, abril 1989, pp. 18-20.

[4] Segue a ser a primeira concreción das posicións aludidas o libro de J. - F. LYOTARD, *La condition postmoderne*, Paris, Minuit, 1979; (hai edición castelá), o mellor exponente pola súa clara, precisa e documentada elaboración.

cos carecen hoxe en día de lexitimación teórica estamos no ámbito das tautoloxías; agora ben, se o que se postula é a imposibilidade de calquera discurso máis aló do nivel de inmediata narratividade, entón estase a facer teoría agachada baixo outros nomes máis comerciais no mercado cultural, e faise teoría e "mala teoría" ó tomaren os supostos implícitos por teorías formais.

Outro motivo da miña sospeita ten máis que ver coa renuncia a loitar desde o campo do pensamento contra a ampliación do ámbito do mercado ó eido cultural coa transposición das regras do mercado de obxectos ó intercambio de productos culturais sometendo unha vez máis os valores de uso ós valores de cambio. Esta renuncia ás posicións críticas como elementos substantivos do discurso teórico sobre a sociedade non se fai a miúdo por intereses materiais inmediatos, senón precisamente pola ausencia de referencias globais que poidan establecer as diferencias entre os fragmentos incapacitados de autorrecoñecemento.

4. *Non sentín noxo da "Ilustración"*

As miñas resistencias á trivialización do pensamento veñen dunha apaixonada lectura de todo tipo de "clásicos" (entre os que están evidentemente os filósofos, pero tamén os literatos, os teólogos e os historiadores), incluso os chamados *Ilustrados*. O movemento conceptual dos séculos XVIII e XIX europeos supón unha nova forma de formular as experiencias diferentes que viñan sendo a situación cotiá na que vivían os cidadáns europeos e que probablemente non chegaron a entender sen categorías tales como "Revolución", "Progreso", "Emancipación", "Desenrolo", "Crise", "Espírito do tempo", etc.

Isto é o que afirma Habermas:

> "A modernidade xa non pode nin quere tomar os seus parámetros orientativos dos modelos de outras épocas, *ten de crearen desde si mesma a súa normatividade*"[5].

Esta "posición de suxeito" non era sospeitosa, hai algúns lustros, de ilusión ou autoengano; máis ben sospeitábase da autonomía da persoa e dos colectivos desde as posicións heterenómicas veciñas ós poderes. A moi polisémica "crise da Ilustración" vén anunciada xa nos seus planteamentos orixinais en canto trata de inaugurar un distanciamento entre o poder e o saber sobre a base de que é o saber o que xenera o poder e non viceversa. Despois de Foucault xa podemos entender que a máis fonda crise do proxecto ilustrado provén da inversión dese principio: agora é o poder a fonte orixinaria do saber.

---

[5] Cfr. J. HABERMAS, *Der philos. Diskurs der Moderne*, p. 16.

A inmediata consecuencia ten una clara estructura paradóxica: por unha banda, o saber como fonte do poder dá paso axiña ó "despotismo ilustrado", e ó revestimento cáseque relixioso do saber científico acadando a normatividade científica (supostamente "autónoma", "neutral" e "obxectiva", características sacrales e universalizadoras); pola outra, os resultados do desenvolvemento do saber científico alumean a máis decisiva posta en cuestión das certezas do coñecemento e o máis forte agnosticismo cara á chamada realidade, introducindo unha forte consciencia de fragmentariedade e relativismo.

5. *Loitei pola democracia*

O despotismo medrou, a tecnoloxía fíxose abondo sofisticada, no sistema as contradicciónS pariron guerras, os chamados individuos espertaron dos soños e erguéronse como clase, a orde social semellaba trastocada, a revolución deixou de ser un concepto para converterse na praxe política máis espallada e máis temida.

Despois da última guerra xeralizada o sistema xa non podía apelar á "natureza inevitable das confrontacións bélicas", os dictadores —que xorden inicialmente como "salvadores da orde" frente ó caos xerado polo propio sistema non serven a longo prazo por non respetaren as leis da autonomía do mercado e caer en demagoxias populistas— fan figura de malvados, as "masas" irrompen na política activa e queren manifestar a súa vontade... Velaí as condicións do anovamento das formas democráticas de participación política.

Hai que falar de anovamento, pois o sistema de regulamentación das relacións de poder nun Estado denominado "*Democracia*" (chámese "parlamentaria", "formal", "representativa", "liberal", etc.), que evidentemente é fillo lexítimo da Ilustración, xa amosou as súas limitacións e contradicciónS nos comezos do século XX, xusto na véspera da primeira guerra mundial. O discurso das diversas variantes do fascismo tiña como *leit Motiv* a ridiculización das "democracias burguesas"; houbo ministro de Franco que tiña non-sei-cantas definicións da democracia para defender a que aquí chamaban "*orgánica*"; os burócratas comunistas facían fincapé en que a organización leninista do partido estaba centralizada, ¿Non si?, mais cun "*centralismo democrático*".

Non tiñamos, pois, máis remedio que empregar contra a dictadura franquista (que agora algúns andan a reler en termos de "réxime autoritario", ou caracterizacións piadosas semellantes) dúas reivindicacións básicas, fillas ambalasdúas da Ilustración e da Modernidade: loitabamos *pola democracia* e mais *pola liberdade*.

6. *Exercitei a liberdade*

O noso descubrimento da liberdade tivo máis que ver coa rúa que coa Academia ou o Parlamento. Experiencialmente a liberdade consis-

tía na posibilidade aberta de facer aquelas cousas que estaban prohibidas, xuntarse, ser membro de partidos políticos ou sindicatos, manifestarse publicamente contra determinadas leis ou decisións políticas, ler libros que non se podían mercar nas librerías, escribir cousas que non se podían publicar nos xornais, cantar cancións que non se escoitaban na radio, e así outras moitas conductas que hoxe semellaría infantil botar en falta.

Porque na nosa experiencia, e tamén, xa que logo, na nosa teoría, a liberdade —cun forte vencello ó seu uso clandestino— tiña moito que ver cunha *interpretación política da modernidade*. Para nós o moderno non se expresaba nas categorías nin nos parámetros da introducción e espallamento do sistema capitalista cos seus procesos de industrialización, mobilidade social, urbanización, transformación dos sectores económicos e liberalización do mercado: todos eses procesos xa os puxeron en marcha os famosos "tecnócratas" nos derradeiros anos sesenta sen que induciran específicos procesos concomitantes de "modernización política". A maior modernidade foi o nomeamento do Príncipe Xoan Carlos como herdeiro da Coroa española.

As nosas crenzas políticas tiñan pois unha certa homoxeneidade en canto loitabamos contra do mesmo inimigo e as liberdades políticas eran o sinal máis inmediato do que conceptualizabamos como modernidade. Pero é necesario clarexar un asunto moi manipulado durante a chamada "transición política" polos medios de comunicación e por algúns voceiros das posicións agachadamente dereitistas: refírome ó amañado tema do "desencanto".

É doado apresentar ós militantes antifranquistas como xente utópica e idealista, cun ríxido sentido moral e poucas capacidades pragmáticas de adaptación ás circunstancias específicas das sociedades capitalistas rexidas por sistemas democráticos. Segundo esa imaxe, nós esperabamos da democracia a solución de todos os problemas e ó frustrárense os nosos desexos inxenuos e xuvenís adoitamos como saída esa posición do desencanto —idenfiticada axiña co chamado "pasotismo", recuperación da privacidade, retorno ó subxectivismo, neorromanticismo, etc., etc.—; teriamos, pois, que o tal desencanto sería o sinal dunha maduración da personalidade do militante, o seu paso adiante cara á modernidade.

Non é este o lugar para un afondamento histórico-crítico nos últimos procesos públicos da sociedade española, mais non quero deixar este a-modo-de-mosaico da nova visión da modernidade sen plantear algunha interrogante á interpretación habitual do desencanto, e que ten que ver xustamente cos xeitos de entender a liberdade no marco da forma democrática de dominación.

Os procesos que levaron a moitos militantes antifranquistas ou ben á renuncia á participación política activa, ou ben á súa cínica integra-

ción nunha "nova" (?) clase política foron abondo complexos nas súas traxectorias, motivacións e resultados. Agora ben un dos elementos claves dese proceso foi un claro disentimento na forma de entender a práctica política na democracia e, sobre todo, o papel que tiña que xogar a "xente-de-a-pé" (presencia/ausencia) na elaboración, toma de decisións e desenrolo da política de partidos e sindicatos. A actual burocratización das Institucións públicas, o xeito clientelar de administración dos servicios públicos e outros fenómenos semellantes tiveron a súa orixe neses primeiros anos de exercicio das liberdades.

As formas diversas de entender o pluralismo[6] foi outra das frentes nas que entraron en contradicción as maneiras distintas de practicar a liberdade, ben como un privilexio outorgado polo Estado e os aparatos institucionais, ben como unha conquista dos suxeitos responsables e conscientes que adoitan pensar e actuar por si mesmos e que a miúdo coinciden cos seus semellantes que se atopan nas mesmas condicións e difiren de outros que normalmente se atopan en condicións mellores.

Houbo, pois, frustración de proxectos e de formas de concibir a política e a orde social, e correlativamente con ela tamén frustracións persoais. Mais o esfarelamento das posibilidades reais que tiñamos de montar doutro xeito a nosa democracia e a nosa liberdade non é lícito interpretalo como producto dun malentendido. Como se as formas non autoritarias nin xerarquizadas ou burocratizadas do exercicio da política polas que loitabamos foran froito da "seducción revolucionaria", encantamentos de feiticeiros marxistas, estraños soños infantís dos que un día espertamos "desencantados".

II. UN POSIBLE PROXECTO

As manías actuais da escritura fan empegar formas diversas de comunicación moi influídas polos medios masivos adoptando unha retórica máis verbal ou icónica que discursiva. Unha das formas menos usuais dentro do xénero ensaio é a *forma de tese;* tentar de formular teses confúndese a miúdo con posicións dogmáticas máis ou menos dependentes de calquera escolástica doctrina. E non é así. A tese tenta expoñer de modo breve e claro unha posición que se está disposto a argumentar e discutir empregando razóns e non outros instrumentos — máis eficaces, pero menos convincentes— na loita dialéctica.

---

[6] Uns identificaban o plural coa diversificación de ofertas no mercado político pero desde posicións *monoliticamente* definidas; outros coidabamos pola contra que a pluralidade de opinións, de posicións e de prácticas non tiña que ver coa febleza senón co enriquecemento e fortalecemento das posicións políticas, que seguimos a chamar *"de esquerdas"*, e que loitan contra da permanencia da dominación e a desigualdade social.

Xa que logo, cando non se quere recoñecer a existencia de diferentes posicións ou a posibilidade de convivencia pacífica das mesmas, senón que se ten como ideal o monolitismo ideolóxico acompañado da subordinación intelectual, promóvese un tipo de ensaio sen arestas nin atrancos no que o doce discorrer das ideas revístese dos tópicos lugares comúns do sabido de antemán.

Como exemplo e como proposta práctica doutra posibilidade de escritura, vou plantear de seguido algunhas teses nas que darei forma provisional a un proxecto de comprensión actual da modernidade.

TESE 1: DA IRRENUNCIABLE TEIMA DE PENSAR (a) Á INCÓMODA NECESIDADE DE ACTUAR (b)

Unha posible fórmula do permanente proxecto intelectual de xuntar teoría e praxe. No primeiro membro de tese (a) sulíñase o cerne máis fondo da modernidade, a raiceira de toda posición crítica frente ás formas vellas e novas de dogmatismo, unidimensionalidade e monosemia. No segundo membro (b) sulíñase a impotencia do pensamento aillado da acción, e a distancia entre o desexo e a praxe en canto o suxeito se sitúa nun campo estructurado de posibilidades.

TESE 2: DESDE A TERRA, FOGAR, NACIÓN (c) Á SUPRESIÓN REVOLUCIONARIA DAS FRONTEIRAS (d)

O pensamento crítico e a praxe histórica teñen que realizarse desde algunha identidade colectiva na que o suxeito acade unha ubicación na historia concreta. As formulacións da primeira parte da tese (c) veñen dar as dimensións básicas desa identidade: a natureza, o entorno humano primeiro, e a referencia ó histórico-social; na segunda parte (d) enúnciase un principio de cosmopolitismo espacio-temporal non identificable coa modernización como ideoloxía[7].

TESE 3: DO RECOÑECEMENTO DO EVIDENTE EXERCICIO DO PODER (e) Ó RISCO DA BUSCA DO SABER (f)

Non se pode negar a existencia de múltiples poderes que non son froitos dos nosos medos e temores senón permanente presencia na his-

---

[7] Non quero deixar pasar a ocasión para clarexar este punto do "fogar" e a "fronteira" sen citar a Ernst BLOCH: "Así o anuncia o conxunto das "Once Teses": a humanidade socializada na alianza cunha natureza por ela mediada é a transformación do mundo en patria ("Heimat")" (*Das Prinzip Hoffnung*, 1959, p. 334). "A raíz da historia é o home laborante, criador, que está sendo configurado polas circunstancias e ó mesmo tempo as está superando. El foi dese xeito comprendéndose, e cimentou o seu ser sen estrañamento nen alienación na democracia real; e xorde así no mundo unha cousa que a todos nos aparece na infancia e onde aínda ninguén estivo: a patria ("Heimat")" (Ibid., p. 1628).

toria das sociedades. Agora ben, o poder non é só o que teñen outros e que nós padecemos, senón que tamén existen poderes no exercicio da resistencia e do rexeitamento que é necesario recoñecer (e). Pero o exercicio do poder tende a perpetuar as relacións existentes e a ignorar posibilidades reais que só se producen como resultado dun esforzo creativo na busca dun saber que rache co establecido e imaxine futuros alternativos (f).

TESE 4: DESDE O DESLUMBRAMENTO DIANTE DA SALVACION PROMETIDA PARA O FUTURO (g)
Ó TRABALLO COTIÁN POLA RECONSTRUCCIÓN (h)

A ausencia de utopías deixa ós homes coas cadeas sen flores que as disfracen, e rematan por esquecer que están a elas amarrados. Esta paradoxa vén significar a inevitabilidade e a imposibilidade das utopías. Nós afirmamos esa necesidade (g), pero sabemos que só a realización se pode dar na cotidianeidade (h).

X-L. P.

CADRO SINÓPTICO DO SÉCULO XVIII

1687 Newton (1642-1727) publica *Philosophie Naturalis Principia Mathematica.*

1688 Sae do prelo o *Theatro Naval Hidrographico* do mariño Francisco de Seixas e Lobera.

1700 Felipe V imponse pola forza como Rei de España.
Existen 95 Universidades en Europa.
Leibniz funda a Academia de Ciencias de Berlín.

1701 Forno *"cúpula"* de fundición, do inglés Wrigth.

1709 Primeira fábrica de porcelana en Meissen, Alemania.

1710 Newcomen e Callery, artesáns de Cornualles, constrúen unha máquina de vapor para a extracción de auga das minas.

1722 Reamur (1683-1757) divulga en Francia un estudio sobre metalurxia.

1726 Primeiro volume do *Theatro Crítico Universal,* do Padre Feixoo.

1727 Máquina para o tratamento do liño, de Donalds e Spalding.

1729 O noiés Fernando de Sande e Lago publica o *Compendio de Albeytería.*

1730 Sistema Norfolk de rotación dos cultivos (Vizconde de Touwnshend, inglés).

1742 Comenza a publicación das *Cartas Eruditas y Curiosas* do Padre Feixóo.
Fernando VI, Rei de España.

1746 *"Providencias Reales"*. Créanse na Universidade de Santiago as cátedras

1751 de Matemáticas e Anatomía.
Le Breton edita en Francia o primeiro tomo da *Encyclopédie,* de D'Alambert e Diderot.
Carlos III, Rei de España.

1759 Harrisson constrúe un reloxio que pode ser utilizado nos navíos para a determinación da lonxitude.
1/8 da poboación lisboeta son galegos emigrados.

1762 Josepph Priestley descobre a fotosíntese nas plantas superiores.
Gómez de Bedoya, catedrático de Santiago, publica a *H^a. Universal de*

1764 *las Fuentes Minerales de España.*
Inaugúrase a Academia de Agricultura de Galicia.

1765 Expulsión dos xesuítas de España.

1767 Fábrica con teares automáticos de propulsión hidráulica, en Inglaterra.

1771 Somoza de Monsoriú publica *Estorvos y remedios de la Riqueza de Galicia,*

1775 *Discurso Político-legal.*
Véndese, na Inglaterra, a primeira máquina de vapor para uso industrial.
Kant publica a *Kritik der reiner Vermunft.*

1781 Fúndase a *Sociedad Económica de Amigos del País de Santiago.*

1784 James Watt inventa o martelo-pilón a vapor.
Fúndanse o *Real Consulado* da Coruña e mais a *Sociedad Económica de*

1785 *Amigos del País de Lugo.*

1788 Carlos IV, Rei de España.
Sae do prelo o *Ensayo de una Historia de los Peces,* de Joseph Cornide Saavedra.
James Watt concebe o regulador de velocidade da máquina de vapor, o primeiro mecanismo auto-regulado que foi construído.

1789 Francisco de Neyra chega á cátedra de Física Experimental na Universidade Compostelana,.
Lavoisier (1743-1794) publica o *Traité élémentaire de Chimie.*

1790 A *Junta de Comercio* de A Coruña crea unha cátedra de náutica.

1791 Cédula de El-Rei autorizando a Antonio R. Ibáñez a construcción dunha siderúrxica en Sargadelos, Lugo.
Na Gran Bretaña procédese á aplicación da máquina de vapor á industria siderúrxica.

1798 Thomas Robert Malthus (1766-1834) publica anonimamente *An Essay on the Principle of Population as it Affects the Future Improvement of Society.*

1799 Karl Friedrich Gauss (1777-1855) demostra que toda ecuación tén tantas solucións como indica o seu grao.

1800 Créase o *Colexio de Cirugía de Galicia* no Hospital Real de Santiago.

1804-5 Fábrica de louza en Sargadelos.

1809 Asesinato de Antonio R. Ibáñez, Marqués de Sargadelos.

Un segredo a voces

● RÁBADE PAREDES, X. *A palabra secreta.* Galaxia, Vigo 1989.

Cando se trata de enxuiciar, de valorar unha obra de arte, tentamos a busca dunha frase, dunha breve expresión que sintetice o senso último, o trazo máis peculiar e caracterizador desa obra. Así, por exemplo, cando apareceu a novela de V. Freixanes *O triángulo inscrito na circunferencia,* un crítico sintetizouna como "unha homenaxe á literatura". Agora, e a propósito de *A palabra secreta* de Xesús Rábade Paredes, na contracapa da novela dísenos que é "Unha homenaxe intelixente e emocionada ó noso idioma".

Tras a publicación de *Saraverde* non hai aínda dous anos, volta Rábade Paredes ó segundo eido no que se move o seu labor creativo alternante co da poesía, o da novela. E incide e persiste, teimudamente, nunha temática convertida nun leit-motiv da súa lírica e do seu traballo xornalístico e docente: a da lingua. Certamente, poucos problemas posúen hoxe en Galicia o grao de actualidade, a capacidade de polémica e o nivel de enfrontamento como é o caso da consideración da lingua. E iso tanto dende unha perspectiva interna (a lingua en si mesma, na súa fisonomía) como externa (de cara á xente que a fala).

Foi neste século especialmente cando se falou de novelas nas que o protagonista central era a lingua; é dicir, de experimentos lingüísticos que aproveitaron ese amplísimo eido da cervantina "escritura desatada" para amosar actitudes rupturistas, anovadoras e, no seu senso esencial, creativas, verbo do instrumento de traballo do escritor. Algunhas das entregas de Juan Goytisolo ou a ben coñecida novela de Luis Martín-Santos son mínimos exemplos disto. *A palabra secreta* distínguese desa liña narrativa experimentalista —en baixa dende hai anos— na medida en que a lingua está incorporada como substancia semántica, como ingrediente principal do acontecer do cosmos narrativo e como implicación intensa da actuación dos personaxes; non a modo de exercicio expresivo.

Efectivamente, lévanos o novelista á historia dun achado, dun misterio e dunha procura. Carlos Aldán, o narrador-protagonista, "Licenciado en Retórica e Linguas marxinais" pola Universidade de Fontesanta, doutorando que investiga para rematar a súa tese sobre a "Materia Poética como Substancia Ingrávida" atopa certo día unha misteriosa e críptica mensaxe "nun ridículo apunte en letra florentina amanuada". O natural desexo de clarexar o senso oculto da mensaxe leva ó doutorando a unha estadía no Arquivo do Mosteiro da Santísima Encarna Levitada onde —entre consultas documentais, conversas co arquiveiro, soños e intuicións— chega ó coñecemento da secta do Grupo de Escolleitos e dos seus persoeiros J. Malho e Sílvio Nasón, do texto fundacional da Lei Lingüística, do dexenerado e epigonal grupo dos "poetas florentinos" —"poetas eróticos de verba descarnada"— e, en fin, da palabra secreta, "Galú", metafóricas siglas do Grupo de Aspirantes á Lingua Universal;

palabra secreta e simbólica cadeira de ouro venerada polo Grupo dos Escolleitos.

Artellada con esta liña narrativa aparece unha segunda, alternante con ela e deseñada a xeito de contrapunto tráxico (ou traxicómico), que dá conta dos últimos días dun malpocado profesor, Ramón Guldrís, atenazado por unha case conxénita anguria que é resultado de ver o mundo "como escenario inmensamente tráxico". Guldrís, característico pobre home, típico antiheroe abafado pola mediocridade do ambiente, reflexiona (ás veces a través do uso do monólogo interior e noutros casos a través dun narrador que emprega o estilo indirecto libre) sobre a súa lamentable condición. Guldrís vive a súa paixón amatoria dende a afición pola literatura erótica e as máis inmediatas e agarimosas confesións epistolares da alumna Eva Rois.

Anotemos verbo desta segunda liña da historia que impón o trazo realista á novela. Centrada no protagonista (que remata na tolemia e na autodestrucción), supón unha reflexión existencial que ten algo de imposta na medida en que, máis que polo que di o propio personaxe, quixeramos que fose polo que vive, polo que lle acontece, por onde resultara derrotado e fracasado. Erguer, sen máis argumentos que a anguria, a figura dun escuro profesor, sempre patético, é un desafío narrativo de moi difícil saída.

Afortunadamente, a historia que ó cabo dos anos e xa retirado reconstrúe Carlos Aldán posúe unha forte dose de inventiva, un humor baseado na desmesura, estrafalario e absurdo, surrealista, froito dun esperpéntico pesadelo. Así, os degradados poetas líquido-eróticos, a rampante figura do vidente supremo don Silvio Nasón (posuidor do don de linguas e da ubicuidade, penetrador do invisible e poeta erótico autor do poemario *Ascenso polo corpo redimido*), a presencia do poetastro Branca Néveda (herdeiro das doctrinas de don Silvio), a dimensión esotérica e aínda cabalística da Lei Lingüística e os concertos de zanfoña cos que J. Malho anima o pulo lexislativo do seu confrade don Silvio integran unha fábula narrativa convertida nun misterio bufo, nunha cerimonia da confusión que estoupa en hiperbólica hilaridade cando "a micción deliberada na Fonte Heptagonal" de certas xentes provoca "un caos lingüístico conducente á afonía" nos do Grupo de Escolleitos. Asimesmo prodúcese unha subversiva conmoción idiomática froito do desaxuste silábico-acentual no "equilibrio cósmico" do sistema da "lingua reformada".

A lingua, pois, e certas estéticas da lírica, olladas desde dentro, son os verdadeiros eixes desta novela que amosa unha radical actitude crítica enfocada a través dunha parodia chea de humor e ironía que acada no seu remate un clímax moi eficaz. O ben coñecido recurso da levitación é o tratamento cómico-fantástico dunha realidade oca, inauténtica, rexeitable. A este respecto a lembranza de Torrente Ballester (aínda que na súa *Saga-fuga* sexa unha vila a que levita) é de xusticia. Outra explícita mención, a de Umberto Eco (polo demais fuxidío personaxe), é unha necesaria homenaxe xa que o peso da erudición na trama, o escenario conventual, a procura textual como motivo narrativo, a presencia dunha secta de confrades e o misterio a revelar acusan a pegada do autor de *Il nome della rosa,* se ben en *A palabra secreta* a intención é satírico-crítica, o tratamento paródico e a toponimia (Fontesanta, Beira Ninfos, Galingrávida, etc.) encobre unha referencialidade só evidente para o lector cómplice.

A palabra secreta acusa, como novela, unha inicial falta de ritmo ata o capítulo IV. A ese comezo dubitativo contribúe a excesiva e reticente confidencialidade do narrador, que continuamente se expresa cara ó lector ("Non sei que dicir... Síntome responsable de... Firme e determinado como estou... etc.") e a

excesiva acumulación de datos estáticos, alleos ó curso do acontecer narrativo. Estatismo e esoterismo caracterizan a erudición estética, e as claves culturalistas só son eficaces no tratamento paródico da historia novelada cando van acompañadas da seiva do humor. Suliñemos, asimesmo, que o entrecruzamento da historia de Guldrís, inferior narrativamente á liña central narrativa que xira arredor de Carlos Aldán e as súas investigacións, presupón, como toda intercalación, un novo desaxuste na fluidez do ritmo narrativo neste caso non compensado.

Novela, pois, culturalista e de raíz crítica, *A palabra secreta* é unha parodia atípica da narración de misterio e esculca nun ámbito ata agora pouco ou nada explorado na novelística galega. Ó tempo, marca un ben diferente vieiro — máis imaxinativo, menos autobiográfico— verbo da súa antecesora *Saraverde*. Un xeito de contar matizado e polo miúdo, moi de vagar, e un estilo que tenta acadar culta perfección expresiva, pero que se enriquece con punxente ironía, caracteriza a esta novela na que se agachan non poucas claves temáticas, espaciais e persoais. Cómpre salientar tamén o dominio dunha lingua que se enche de cultismos e tecnicismos literarios (da metalinguaxe da narrativa) e lingüísticos, que flúe axilmente nos diálogos e discorre na traballada amplitude dos moldes sintácticos.

A "palabra" é só secreta narrativamente falando. Na realidade da que xorde é, ben ó contrario, un segredo a voces; a moitas e disonantes voces. Distanciado en canto novelista, pero persoalmente próximo, Xesús Rábade ofrécenos a súa voz sobre a palabra, sobre o idioma. Unha voz que, pola súa frecuente presencia, tampouco é un segredo para ninguén.

LUÍS ALONSO GIRGADO

Entre as ruínas da memoria

RAMIRO FONTE: *Pasa un segredo*. Edicións Xerais de Galicia, Vigo, 1988.

Tal vez non sexa a poesía a arte que defina estes tempos. Afastada da dinámica voraz do mercado, recupera o seu lugar orixinal no que soamente é aquilo que pode ser dito. Por esta razón, máis alá dun ensimesmamento suicida ou dunha exaltación culpable, o poeta dos tempos da penuria tenta construír con materiais fragmentarios esa canle por onde transcorra a palabra auténtica, por onde pase un segredo.

Para Ramiro Fonte, gañador do último Premio da Crítica, a poesía é un labor de coñecemento e, por tanto, un empeño no que está convocada a realidade máis profunda do home. Nada que ver con frivolidades momentáneas ou acenos de pura pose. A palabra abrolla da fírgoa dorosa do suxeito escindido; ábrese paso entre as ruínas da memoria para humildemente afirmarse, para proclamar que non todas as causas están definitivamente perdidas. A lembranza non é soamente un acto de rescate, senón o perigoso proceso no que o poeta se recoñece nesa amalgama escura dos recordos. Por iso a lembranza é tamén un verbo: "Coa linguaxe dun nostalxiar calado..."; a mesma linguaxe coa que se moldea o barro dunha identidade albiscada no poema, coa que se pretende balbucir o asombro de ter sido nenos algunha vez. A nostalxia é oval como unha foto antiga; crea un espacio no que habitan as sombras "onde ás veces a memoria se refuxia", onde entramos para reconciliarnos co máis noso, onde temos unha cita con Eurídice longamente aprazada.

A poesía retorna ó home, humanízase; tanxe a médula dunha sensibilidade renovada. Non procura o estalido dunha fugaz pirotecnia, senón a confidencia dun momento compartido nun café portuario "Con este personaxe pensativo/ Que sempre me acompaña, cando entro / Nun lugar coma este, tan fronteiro á nostalxia..." ou nun demorado paseo por "esa rúa que sempre vai comigo". O gran acerto de Ramiro Fonte neste libro, no que apuntan sen dúbida os elementos propios da súa madureza como escritor, hai que situalo no logro dun ton homoxéneo e eficaz en canto forza expresiva, é dicir, nun *estilo,* fundado en dúas características singulares: o dominio da versificación (sobre todo nos aspectos rítmicos, cun maxistral emprego do endecasílabo e o alexandrino que sosteñen o carácter meditativo dos poemas) e a creación dun mundo e dunha mitoloxía onde se enraíza o sentimento e procura toda a súa capacidade evocadora. Tanto cando o poeta adopta o ton da confesión descarnada pero tenra en *Para volver ó inverno,* como cando con certa acedume describe as cativas mesquindades dos "pequenos inimigos" en *Literary Theatre,* o lector séntese implicado na aventura que Ramiro Fonte propón polos baixos fondos da linguaxe e da vida. Á final da viaxe, logo dos fracasos que acompañan sempre ó verdadeiro coñecemento, permanece o que non foi tocado polo resentimento, un verso que nos salva, a amizade e quizais un tépedo lugar no sur.

ANXO QUINTELA.

A luminosa voz de Rodríguez Barrio

XAVIER RODRÍGUEZ BARRIO: *Celebración do gozo.* Colección Esquío de Poesía, Ferrol, 1989.

Resúltanos difícil encaixar o labor de Xavier Rodríguez Barrio, gañador da oitava edición do Premio "Esquío" co libro que comentamos hoxe, no ecoante panorama da poesía máis nova. Autor de sete poemarios, o primeiro dos cales, *Pranto irmán,* escrito hai dezasete anos, xa apuntaba unha voz rexa e comprometida, foi dando paso a outros textos menores ata ofrecernos *Os laberintos da xerfa* (Galaxia, 1984), co que obtivo o premio "Celso Emilio Ferreiro" e co que iniciaba unha firme andadura lírica, arriquecida logo con *Os aposentos silenciados* (accésit do "Esquío" 1987), para chegar agora o seu canto á recoñecida cimeira con esta *Celebración do gozo.*

Diciamos que non era fácil adscribir o traballo de Xavier Rodríguez Barrio ás correntes, grupos e actitudes que conforman a poesía galega de arestora. Lonxe dos núcleos radiais de Vigo e A Coruña, o poeta habita en Lugo. En contra da figura tan habitual do profesor-poeta, Rodríguez Barrio gaña a vida como administrativo dunha empresa comercial. Polo tanto, este escritor vén participando da aparentemente vizosa paisaxe da poesía galega, dende un discreto distanciamento, pero cunha activa e froitífera presencia que nos remonta ós primeiros setenta.

Se queremos entrar fornecidos do ton que caracteriza a *Celebración do gozo,* debemos por forza lembrar os seus dous libros anteriores, onde comeza unha ben harmonizada sinfonía da que o libro aquí comentado sería o poderoso e longo petar dos timbais retumbando no atrevido das imaxes, cun atronador xeito de cantarlle ó amor sensual.

Libro denso, con unidade, perfectamente estructurado en tres rubros, que nos transportan dende "As derivas", onde o poeta xoga e toma parte como amante nun mundo poboado por elementos naturais que se repiten ó longo de once poemas, ata chegar á parte segunda, "Coloquio dos moradores", cerne e lume central do corpo da amada ardentemente percorrido pola palabra, ás veces un chisco desbordada, do poeta-amante. Pero será nas cinco composicións finais, cinguidas polo rótulo de "Para despois do limbo", onde Rodríguez Barrio, sen rachar co eixo temático e co fío musical que arrinca da soleira da súa "celebración", vaia facéndose máis conciso e limitado, coma se fose consciente da necesidade dunha mesura final que serve de contrapunto e salva algúns poemas anteriores, quizais ornamentados en demasía.

Sería inxusto se non avanzaramos moito máis alá desa tona estructural do libro. Xa se ten dito en algures que estamos diante dunha difícil e orixinal maneira de poetizar o amor sensual e a súa erótica dende o perspectivismo lírico do pretérito e do presente. Pero realmente estamos asistindo tamén a unha elaborada aportación de poesía amorosa, a unha carnal e ardorosa poetización do amor e do xogo erótico dende a vital autenticidade do poeta, lonxe, moi lonxe de frías parafernalias e de estériles adovíos verbalizantes.

Debemos ter en conta aquí a forte paixón emotiva que envolve cun delicado e tupido veo tódalas composicións do libro. Rodríguez Barrio quere cantarlle ós corpos en plenitude, e para iso bótalle a man ó instrumento máis lírico. É a maneira máis difícil e arriscada de levar o seu navío polas entoldadas augas do erotismo, sen topeñar na dureza da imaxe puramente sensual ou na espida e crúa descrición lineal dos corpos dos amantes. O poeta lucense supera estes atrancos e acada a harmonía ideal "cando árdora era amarte moitas veces moito de posturas...".

Temos que salientar ó longo das trinta pezas engarzadas neste poemario a presencia dun aparente antagonismo entre a luz e mailas sombras. Esta polarización de luz-escuridade non é para nosoutros máis ca unha desesperada búsqueda de intensidade. Cando "do pube aberto á luz...", ou cando "nos vence o acoso da luz...", o autor revela unha ansia terrible e total de apreixar no seu verso a "antiga luz luminosa", esa que nace co albor do propio canto e que é o *faro, a referencia certa do triunfo do amor, o triunfo da palabra feita canto.*

Curiosamente, o autor de *Celebración do gozo* adopta para si a imaxe mariña e resalta a súa presencia cromática "azul como de mar", ou cando transita "xanelas dos áticos ó mar", esta recorrencia ó naufraxio, á deriva, ás illas, ás gaivotas e albatros, ás marés do sal e a tantos e tan expresivos elementos mariños, fan do libro un aberto escenario cara a amplos horizontes, un espacio líquido e salgado onde os corpos acougan tralo éxtase da mutua posesión.

É necesario poñermos en relación esta recorrente presencia do mar con outra presencia dominante, a da cidade. Cidade que por veces é "insolente, perdida", ou "a cidade non cabía no contorno roto do silencio...", chegando a ser unha "cidade por dentro redonda...". Trátase sempre da mesma cidade, da cidade do autor, da que, coutada polas pedras da vella muralla, arrodea tamén o van da muller amada e fai que o poema limite coa paisaxe cotiá. Neste senso, o río aparece tamén como especial referencia, e podería ser o Río, o gran río de Galicia, ese que leva sempre o cómputo do tempo, e que é testemuña e memoria de tódalas cousas.

Quixera destacar un poema da segunda parte do libro: "Do instante manancial". Nel están condensados e presentes tódolos elementos de exaltación, de invocación e de salvación amorosa que caracterizan e conforman este poemario. Agás dos elementos xa citados, cómpre destacar "a lámpada acesa" da

luz interior, "os íntimos naufraxios" dos amantes e "as sombras" padecendo de desexo. Poema totalizador, rico en metáforas, musical pentagrama que reconcilia o lector co gozo da poesía.

Formalmente, Xavier Rodríguez Barrio inxírese neste seu canto de hoxe coma un artesán do verso longo. Quizais sexa no manexo deste metro libre de amplo alento onde dea o noso autor algunha que outra mostra de excesiva adxectivación. De calquera xeito, a musicalidade está case sempre conseguida, ás veces só co limpo discorrer das augas versificadoras, e outras mediante a axuda dalgún recurso, como a aliteración: "frautas fluentes de fogueira...".

A pesar da riqueza lingüística do libro, a escolla de certas palabras racha por veces a harmonía do código. Debería o autor ser máis coidadoso no emprego da lingua e desterrar formas artificiosas inexistentes no galego, por exemplo: "rumos", "ourela"...

Nesta *Celebración do gozo* o amor adquire unha proxección cósmica, onde as sensacións do poeta se alongan en imaxes axigantadas "a boca unha tormenta de zunidos en ámbar". Poesía voluptuosa e ó mesmo tempo telúrica, vainos transportando, onde a forza do amor-paixón é un universal acto erótico rodeado dos elementos da natureza, sempre transformadores, e cinguido pola paisaxe que abranguen os ollos interiores do poeta. Tamén nós quixeramos hoxe, co libro de Xavier Rodríguez Barrio na man, retirarnos ás torres do vivir de antano "onde os nenos aínda xogan en galego e non hai outra linguaxe que a tenrura".

LUÍS GONZÁLEZ TOSAR

A Galicia agraria

RAMÓN VILLARES (ed.), ***Donos de seu. Estudios de historia agraria de Galicia.*** **Sotelo Blanco, Barcelona, 1988.**

Nos últimos quince anos produciuse en Galicia unha renovación historiográfica sen precedentes, que cambiou substancialmente o estado dos nosos coñecementos sobre o noso pasado histórico. Tras unha primeira fase, na que predominaron os traballos de carácter globalizador, de gran oportunidade política nun momento en que a identidade galega volvía a ser tema central de debate, as publicacións de carácter histórico entraron xa nunha segunda fase, caracterizada pola edición de estudios dunha maior especialización, moito máis rigorosos e de presentación máis académica. Ó mesmo tempo, na área da historia contemporánea e no marco da Facultade de Xeografía e Historia, deséñanse dúas liñas de investigación nidias e de temática diversificada: por unha parte, o estudio dos movementos políticos e sociais contemporáneos, con especial atención ós distintos períodos do movemento galeguista; pola outra, os estudios que toman como centro da súa análise tódolos aspectos ocultos referidos á terra e ó entramado de grupos sociais relacionados co mundo agrario.

As dificultades da investigación do mundo campesiño son evidentes, empezando pola ausencia de fontes documentais básicas, dado que unha clase subordinada ou subalterna como o campesiñado deixa escasos restos documentais, a non ser os de carácter oficial ou estadístico; aínda así, os logros nesta dirección véñense sucedendo desde a publicación de dúas obras, xa clásicas, de Ramón Villares: *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936* (Madrid, 1982)

e *Foros, Frades e Fidalgos* (Vigo, 1982). Nesta segunda liña de investigación e nesta tradición enxértase o libro que agora comentamos, que ten como primeira virtude o reunir, nunha obra colectiva, un conxunto de nove estudios, inéditos na súa totalidade e referidos todos ó tema central do campesiñado propietario ou do campesiñado en loita pola arelada propiedade da terra, froito, como é sabido, dun lento proceso que ten o seu remate en tempos moi recentes, falando en magnitudes temporais de carácter histórico. Son traballos de temáticas moi diferentes, pero todos eles coincidentes na arela por desentrañar as características do mundo campesiño dos últimos douscentos anos, co maior rigor metodolóxico e en contacto cunha abondosa bibliografía sobre os temas centrais da historia agraria nun marco europeo. Nun país basicamente agrario ata datas aínda próximas, a pertinencia deste tipo de estudios valórase por si mesma, pois estas análises son imprescindibles para todos aqueles especialistas que traballan na economía ou no campo das distintas ciencias sociais en relación co mundo agrario. Abonda suliñar a transcendencia que ten coñecer as experiencias de modernización agropecuaria na Galicia anterior á guerra civil, a problemática xurdida arredor dos montes veciñais ou a dimensión do movemento agrario de comezos de século, nun momento en que se deixa sentir con forza o impacto que sofre a economía labrega galega a resultas da incorporación do noso país ó marco económico europeo e nunha coxuntura na que, como consecuencia, o sindicalismo agrario de masas maniféstase como unha necesidade fundamental para afrontar ese reto.

O libro está dividido en dúas partes definidas: a primeira aborda problemáticas específicas relacionadas coa propiedade da terra (o dezmo, a desamortización, a privatización dos montes...), mentras a segunda parte centra o seu interese en diversos aspectos da modernización agraria no primeiro tercio do noso século (comercialización do gando vacún, renovación tecnolóxica, agrarismo); contén, ademais, este volume un substancioso limiar de Ramón Villares no que valora o alcance das diferentes aportacións que se fan no mesmo.

De seguido, ofrecemos unhas notas descriptivas sobre os diferentes artigos, co único obxectivo de chamar a atención sobre os mesmos e suscitar a lectura dun libro aportador de moitos novos temas e renovador da historiografía agraria galega contemporánea.

O primeiro traballo é un estudio de Pedro Lago sobre a abolición do dezmo en Galicia, tema de moi escasa presencia bibliográfica para o caso galego, anque a evolución deste imposto feudal no Antigo Réxime xa se tratara en traballos de A. Eiras Roel. Pedro Lago destaca a importancia do dezmo como indicador económico, caracterizándoo como "unha exacción que dimanaba do poder fiscal da Igrexa", esixindo a existencia por parte desta dunha fiscalidade independente da Facenda real. Por iso, a abolición do dezmo é unha peza clave para entender a ruptura que supuxo a aparición dunha única soberanía fiscal, dunha única fiscalidade; neste sentido, o proceso de abolición do dezmo inscríbese obrigadamente no marco da crise xeral do Antigo Réxime en España e dos debates sobre a revolución burguesa. Neste traballo expóñense os diferentes proxectos lexislativos e as alternativas dos deputados galegos no debate parlamentario sobrea abolición ou non do dezmo, debate no que toman parte personalidades destacadas como domingo Fontán ou Ruíz del Padrón; estúdiase, asimesmo, a posición da Igrexa neste debate e a resistencia antidecimal dos pagadores do dezmo, enmarcada dentro do que J. Fontana definiu como "revolución campesina silenciosa", ata a súa definitiva abolición no ano 1841.

Seguen despois tres artigos sobre diferentes aspectos da desamortización en Galicia, en distintos ámbitos cronolóxicos e xeográficos. A problemática da desamortización mereceu maior atención por parte dos historiadores galegos,

empezando polos dous libros xa citados de R. Villares; sobre a importancia da mesma para entender a historia económica esocial da Galicia do século XIX e da actual, xa constaba a afirmación neste sentido de Otero Pedrayo nun artigo publicado hai máis de trinta anos. Agora, Blanca Martínez aborda o estudio da desamortización eclesiástica na provincia de Lugo durante o Trienio Liberal (1820-1823); esta fase de "desamortización inconclusa", pois resultou truncada coa chegada dos Cen Mil Fillos de San Luis e a restauración do absolutismo, é precisamente un dos períodos peor coñecidos ata hoxe polo que se refire ós ritmos e importancia do proceso desamortizador.

Característica da provincia luguesa foi a súa tardía incorporación a este proceso (1822), cun ano de retraso verbo do resto de España; ademais, hai unhas claras diferencias xeográficas no interior provincial, pois un 89 por cento das fincas vendidas corresponden ás Mariñas luguesas, no norte da provincia, nunha das comarcas máis dinámicas da mesma. Por outra parte, segundo a rigorosa categorización da autora, a burguesía urbana será o sector social claramente beneficiado coa desamortización, igual que aconteceu noutras zonas de Galicia; efectivamente, o setenta por cento dos compradores son comerciantes, profesionais liberais e políticos locais, ás veces con residencia na Coruña e ligados á mercantilización e manufactura do liño, en relación coa poderosa industria rural doméstica existente nesa zona.

Ramón Villares analiza noutro artigo a desamortización da riqueza do clero regular durante o período de Mendizábal, tamén no marco da provincia luguesa. O obxectivo do seu traballo é averiguar "antes de examinar quen foron os adquirintes de tal riqueza, en qué medida a desamortización foi quen de transformar, de maneira cualitativa, o dereito de propiedade territorial vixente daquela en Galicia", baseado na pervivencia do sistema foral e na pluralidade de dominios sobre a mesma propiedade. Para isto, estudia primeiramente as redencións de foros no citado período, concluíndo na afirmación da súa escasa importancia cuantitativa (as rendas redimidas supoñen menos do cinco por cento das rendas monásticas transferidas); en cambio, sulíñase a importancia cualitativa da alta participación de redementos campesiños, grupo maioritario dos que redimen rendas forais, que deste xeito pasarían a converterse en pequenos propietarios agrarios. En segundo lugar, analiza a relación existente, nas subhastas de rendas, entre o adxudicatario e o pagador das mesmas. Compróbase así a importancia do proceso de compras de rendas forais por parte dos seus pagadores. Por este proceso as subhastas actuaron como un medio substitutivo das redencións, sendo os adquirintes, na súa maioría, da mesma categoría sociolóxica que os redimentes de foros, isto é, campesiños e baixa fidalguía. Anque a contía da renda abolida entre 1837 e 1851 é aínda moi baixa, Villares destaca que esta posibilidade de redimir ou adquirir por parte dos campesiños supón abrir unha pequena fenda no edificio dun réxime de propiedade baseado na renda foral, de extraordinaria fortaleza e consistencia ata aquela época. Por outra parte, a partir de 1848, as rendas comenzan a ser redimidas antes que mercadas en pública subhasta, feito que ten que ver cun cambio da política redencionista e coa incorporación de novos bens ó proceso desamortizador; de novo os campesiños actúan de forma decidida como redimentes, o que permite a transición de vagar cara a unha propiedade territorial cualitativamente diferente á anterior á desamortización.

Un terceiro traballo sobre a desamortización, asinado por Aurora Artiaga, aborda a redención de censos e foros na segunda metade do século dezanove, na provincia de Pontevedra. Destaca neste sentido a lei xeral de desamortización do 1 de maio de 1855, chamada "Lei Madoz", que deu lugar a un amplo proceso redencionista no período indicado; só para a provincia pontevedresa

rexístranse entón máis de once mil redencións entre censos e foros, é dicir, un noventa por cento das rendas nacionalizadas. Este redencionismo foi posible por diversas razóns, entre elas as condicións favorables que fixaba a lei no que se refire á capitalización, forma de pago, e a propia natureza das rendas redimidas, que pola súa cativeza e dispersión xeográfica esixían moderados reembolsos. Pero máis significativo aínda é comprobar que a maioría dos redimentes son persoas case anónimas, residentes no mesmo municipio e cun baixo nivel de ingresos; isto é, que, xunto a unha minoría de propietarios, aparece un bon número de campesiños pagadores de rendas. Este feito demostra os esforzos do campesiñado para aproveitar as medidas da revolución liberal e afirmarse coma pequeno propietario parcelario. Esta e outras reflexións aparecidas nos artigos anteriores contribúen a modificar positivamente o impacto da desamortización sobre a estructura da propiedade en Galicia, ó menos no que se refire á etapa da lei Madoz de 1855.

Noutro plano, Xesús Balboa estudia as vicisitudes do monte en Galicia no período comprendido entre 1855 e 1925, destacando como un dos seus elementos característicos o estado de indefinición legal no que se mantiveron os montes de veciños e a crise do modelo tradicional de aproveitamento do monte. Constata o escaso impacto da Lei de desamortización de 1855 e as resistencias veciñais á mesma, co apoio dos concellos e das autoridades municipais. A cativa incidencia desamortizadora na privatización dos montes e as escasas vendas de montes veciñais nesa etapa quizais se expliquen tamén na pasividade e compracencia dos posibles compradores que vían no monte unha peza clave da economía campesiña e, en consecuencia, eran coñecedores de que a continuidade da percepción das rendas forais esixía a persistencia do tradicional "statu quo" no que ó monte se refire. Sorprende, en todo caso, comprobar as coincidencias entre as solucións de "individualismo posesivo", en palabras de Balboa, da Lei de 1855, encamiñada a privatizar e individualizar a propiedade da terra, e a actual alternativa da administración autonómica, segundo se desprende do proxecto de Lei de Montes Veciñais en Man Común presentado recentemente no Parlamento Galego. Estúdiase, finalmente, o proceso de apresamentos de montes por campesiños pobres ou polos señores, acadando a definitiva individualización das novas parcelas, especialmente a partir de 1860, cando se produce unha maximización do aproveitamento do monte cara a intensificación dos cultivos. A actuación da administración caracterizouse sempre pola súa ineficacia, fracasando primeiro nos intentos privatizadores e intentando impoñer un intervencionismo administrativo despois, cando este chocaba xa coa crecente individualización da propiedade por parte dos propios campesiños.

O último traballo desta primeira parte é o de Ana García Sexto, referido ás transformacións na propiedade da terra no concello de Santiago entre 1900 e 1941. Por medio dos apéndices ós amillaramentos da contribución rústica nese concello, estudia as compra-vendas de fincas e as redencións de foros, dous importantes indicadores dos cambios nas explotacións agrarias nos inicios do noso século. Como resultado desta investigación, conclúe que existe un importante proceso de mobilidade de terras desde 1880 ata 1930 como consecuencia da crise agraria finisecular que afectou a toda a agricultura europea. Segundo a autora, a maioría dos compradores das fincas son campesiños que fan unha soa compra de pequena contía e sempre co obxectivo da explotación directa das terras por parte deles mesmos. Polo que respecta ás redencións de foros, evidénciase a consolidación do proceso de liquidación do réxime foral iniciado nos anos finais do século XIX, confirmando as conclusións a que chegaran outros autores para outras comarcas galegas no mesmo período, apor-

tando unha nova testemuña documentada que manifesta igualmente o desmoroamento do rendista e a identificación, en gran medida, entre redimentes e campesiños. Destaca a autora, ademais, a importancia das redencións efectuadas antes do decreto de Primo de Rivera (1926), pois arredor do 70% das redencións e do volume de rendas redimidas do conxunto do período 1890-1941 realízanse precisamente con anterioridade ó citado decreto redencionista.

Os tres artigos da segunda parte de *Donos de seu* xiran todos eles arredor da modernización agraria no primeiro tercio do século XX, unha das etapas máis significativas da nosa historia política e económica, pero da que descoñecemos aínda datos fundamentais para a súa plena comprensión.

Alberto Martínez ofrece un avance da súa tese, polo de agora inédita, sobre o agrarismo católico en Galicia nas primeiras décadas deste século. Movemento de gran importancia, como xa destacou o seu autor noutras ocasións, que foi escola de formación non só para a maioría dos militantes da dereita identificada coa C.E.D.A. de Gil Robles senón tamén para personalidades de significada transcendencia no movemento galeguista, como Antonio Losada Diéguez. Alberto Martínez estudia a importancia cuantitativa desta corrente e a dispersión xeográfica dos sindicatos agrícolas católicos entre 1909 e 1943 sen deixar de salientar a funcionalidade destes sindicatos como instrumento de freo e contención do agrarismo máis radical, moitas veces coincidente na súa difusión nas mesmas áreas xeográficas en que actuaba o movemento social-católico. O agrarismo foi o movemento social de maior entidade e capacidade mobilizadora antes de 1936, destacando ademais a súa orixinalidade e especifidade galegas, pero segue sendo un campo necesitado de maiores pescudas historiográficas. Nesta liña, tralos traballos xa clásicos de José A. Durán, sitúanse tamén publicacións recentes de X.A. Liñares Girault sobre o val de Barcala e de Anxo M. Rosende sobre a comarca de Ortegal. De seguro que a realización de estudios monográficos como os que se citan permitirán nun futuro próximo ter unha visión máis complexa e ó tempo globalizadora do que significou o movemento agrario en Galicia.

Un dos factores característicos da modernización agraria anterior a 1936 foi a expansión da comercialización do gando galego, especialmente no sector vacún. Anxo M. Rosende estudia o exemplo de Ortigueira entre 1913 e 1936, seguindo a evolución cronolóxica deste comercio, preferentemente ás cidades de Madrid e Barcelona, e o perfeccionamento das condicións de transporte e comercialización, tema que mereceu xa a atención dun contemporáneo de relevo, o veterinario Juan Rof Codina. Ortigueira manifestase, á vista deste estudio, como unha comarca pioneira neste proceso, impulsado pola iniciativa das sociedades agrarias e dos propios campesiños. O carácter pioneiro e de avangarda desta comarca quizais teña a súa explicación, segundo o autor, no feito deque "os agrarios do Ortegal non tiñan como problema esencial a loita contra o foro —cuestión primordial para os demais agrarios de Galicia—, de aí que puidesen enfocar tódolos seus esforzos na loita pola modernización da agricultura". Esta modernización ten o seu apoxeo no período que cobren os anos comprendidos entre 1927 e 1936 e chega a impulsar tamén outro tipo de actividades como a instalación dunha fábrica de queixos ou a posta en marcha de cooperativas de consumo.

Finalmente, Lourenzo Fernández Prieto incide no papel do Estado e da sociedade na posta en marcha do proceso de renovación tecnolóxica da agricultura galega antes da guerra civil. O mesmo autor adicou a súa tesiña de licenciatura ó estudio deste proceso, centrando as súas investigacións no labor da Granxa agrícola-experimental da Coruña entre 1888 e 1928, traballo que vén de ser publicado recentemente pola Xunta de Galicia a través do seu servicio

de publicacións. O interese de ambos traballos consiste en revisar os presupostos que establecían os inicios da modernización agraria galega nos anos sesenta do noso século, na liña do manifestado na obra de economistas como Emilio Pérez Touriño ou Xosé Colino; pois ben, os estudios de Fernández Prieto amosan, en palabras de R. Villares, "canto de novidade e de deseño de alternativas fora capaz de acobillar unha minoría de técnicos e de propietarios agrarios que, por unha vez, non despreciaban o trato coa agronomía", e isto xa nas primeiras décadas do século XX.

Esta modernización manifestouse na formación de técnicos agrarios, na capacitación do campesiñado, na divulgación neste medio das novidades técnicas, na promoción do emprego de maquinaria e nos préstamos da mesma ós campesiños por parte das granxas e centros experimentais. Estas granxas tiñan, por outra parte, unha clara función social e política como era o propugnar unha reforma agraria técnico-productivista e, deste xeito, aliviar as tensións sociais que provocarían os partidarios da reforma agraria social ou clásica. Certamente, tal como puxo de manifesto o propio Fernández Prieto nun artigo publicado nesta mesma revista ("Grial" nº 100), este proceso de renovación e modernización sufriría un corte radical en 1936, cando se dicten novas orientacións para a política agropecuaria galega, en función das necesidades dunha economía de guerra, convertendo a Galicia en despensa da "España nacional", ó precio de frear os proxectos de progreso anteriores.

MARCOS VALCÁRCEL

Emigración, saudade e desmemoria

SIXIREI PAREDES, C. *A emigración*. Galaxia, Vigo, 1988.

Estamos ante un traballo de síntese adicado a dar conta dun fenómeno de fundamental relevancia na historia de Galicia, sinaladamente na etapa contemporánea: a emigración. a pesar de que nestes últimos anos apareceron algúns achegamentos remarcables ó proceso migratorio, inscrito no que F. Braudel gostaba chamar a "longue durée", sorprende o mal coñecido que aínda resulta. Quedan moitos e importantes aspectos por investigar pero falla tamén unha divulgación máis ámpla e estensa do que xa se sabe. Como o profesor Sixirei recorda, pouco é o espacio que se asigna nas obras de divulgación histórica a analizar o tema da enxurrada emigratoria; bastante menos, dende logo, da importancia que realmente reviste. Deste xeito, a emigración devén un "affaire" semi-opaco por partida doble. Dista de ser un tema sobranceiro nos países de destino, se acreditamos nalgunhas das súas máis louvadas historias que ofrecen un desenvolvemento social autóxeno e considerablemente lineal no que o aporte inmigratorio non reviste outro papel que o dun epifenómeno exterior, recente e marxinal. É dicir, en termos xerais, a inmigración de masas, característica da etapa contemporánea, aparece como un corpo estraño á propia nación, que nos países de América terían como núcleo constitutivo ós criollos e (algunhas veces) tamén ós indios. E nos países europeos de economías próspera, pero necesitadas de man de obra estranxeira, a invisibilidade das modernas inmigracións (fora dos períodos de crise económica e xenofobia) deriva da súa arribada serodia a unhas nacións que tiñan xa configurados os seus primordiais rasgos nacionais e solidamente erixida a súa esfera mítica fundante.

Por outra banda, nas áreas que xerneran emigración, como Galicia, tampouco semella ser este un tema de especial envergadura. Polo menos así o parecen indicar as historias xerais que se veñen facendo. E poucas son as ocasións nas que se suscita este asunto: co gallo de discursos de circunstancias (de retórica marcadamente populista e tono lixeiramente lacrimóxeno), a conto das sustanciosas remesas de divisas ou do seu "impacto demográfico co conseguinte avellentamento da poboación". Serve tamén para que, sobre todo as Deputacións, organicen viaxes folclórico-turísticas que —iso está moi ben— permiten o reencontro entre os membros dunhas poucas familias, pero iso é todo... e ben pouco, é a verdade.

Tampouco a Xunta e mailos distintos partidos políticos parecen saber que liña de actuación seguir verbo da colectividade emigrada, sexa neste continente ou no de alén-mar. O que si teñen claro é que lles interesa o seu voto e que as visitas ás súas entidades sociais adoitan servir de pretexto para moi rendables despregues propagandísticos.

Pero miren vostedes por onde, os emigrantes (e mesmo os seus netos, a terceira xeneración no espacio americano) resultan ser uns seres estrañamente teimudos, desacougantes e "incomprensiblemente" renuentes a se disolveren na masa común das sociedades de destino, ou na mesma Galicia cando retornan a ela. A súa re-integración é tamén problemática, aínda que aparentemente non llo pareza a ningún dos distintos estamentos da Administración deste país, coincidentes todos en relegar dos seus programas de acción social a cuestión da reinserción dos emigrantes.

Os emigrantes teñen un problema, ¡hai que amolarse!: non poden esquecer. A súa crise de identidade, motivada pola precaria ensamblaxe dunha personalidade escindida, nutrida de moi dispares vivencias, non llo permite. E que se lle vai facer: ¡teñen saudade do país, ou do idealizado recordo que del gardan! Pois si, senten esa *saudade* que ás promocións novas nos pareceu decote un sentimento sospeitosamente cursi e máis ou menos convencional e folclórico, e que ademais casaba fatal coa loita de clases. E, polo visto, para moitos cidadáns deste país esa nostalxia segue a ser un incordio.

Cando menos, tal debeu resultar para os integrantes do claustro de profesores do compostelán instituto de Fontiñas que rexeitaron a denominación de "República Oriental del Uruguay" para o seu centro cando lles foi solicitado, para ver de corresponder á concesión do apelativo "Galicia" outorgado a unha escola de Montevideo. A petición partía da colectividade galega emigrada e para ser levada a efecto tivo de ser aprobada nada menos que polos representantes do poder lexislativo uruguaio.

Teño a impresión de que o que vén de acontecer en Santiago cuns ensinantes como protagonistas dista de ser algo fortuíto ou circunscribible a algúns integrantes dun determinado segmento social do país, e máis ben traduce unha actitude mental amplamente difundida no caínzo mesmo da nosa cidadanía.

Unha análise superficial levaríanos a tentar de explicar o feito apelando ó argumento de que entre os profesores dos institutos (en especial nos ubicados nas principais cidades) predomina —recoñezámolo— un talante "briosamente *moderno*", fascinado polo *deseño* e as novedosas formas coas que se enfeitan e revisten seres e enseres, e simetricamente desdeñoso das fastidiosas cuestións das tradicionais esencias e ausencias. Admiran, un chisco beatamente, esa breve constelación de prodixiosas urbes que se enseñoran na aldea global (San Francisco, Berlín, Londres, ¡e, sobre todo, Nova Iorque, por favor!), o rutilante halo das cales impede que vexan cidades máis modestas pero nas que a nosa impregnación é maior; capitais como Montevideo, depauperadas pola débeda

externa e fustigadas pola agallopante inflación e maila dependencia... Descridos dos vellos ideais e provistos dun tenue reformismo acatan a microfísica do poder e a dialéctica feroz do trunfo e do fracaso, individual e colectivo, pero só o éxito suscita o seu interese...

Porén, coido que o principal non é isto. O preocupante é ollar como a maior parte de nós, fillos ou netos de emigrantes (como tamén moitos dos profesores do instituto de Fontiñas, naturalmente) esquecemos ou ignoramos o que o noso país recibiu dos seus emigrantes que foron acollidos antano en países que, como os americanos, teñen devecidas hogano as súas economías. As escasas reaccións diante da recusación dos profesores de Fontiñas testemuña fidelmente a insensibilidade do país. Era Borges quen desde a súa lúcida cegueira advertía que un país sen memoria está condenado a idiotez. E certamente pouco asisada foi a devandita actitude que non só agravia a un país que nos abriu as portas senón que nos manca tamén a nós mesmos, desairando á colectividade galega aló emigrada. As causas disto sitúanse entre a inconsciencia e a autoxenreira.

Galicia tivo en tempos como mito protector un río do esquecemento (o Lethes) que ameazaba con esluír a memoria dos romanos que ousasen atravesalo para ocuparen o país. Hoxe, ó parecer queremos facer do Atlántico o Océano da Desmemoria, co que nos pretendemos amparar da vergonza e o fracaso que conleva o feito de sermos —queirámolo ou non— unha nación de emigrantes.

Máis prudente e san resulta encararse co pasado e asumir o que a historia foi, no seu anverso e reverso. E neste senso, o libro de Carlos Sixirei aparece moi oportunamente. Dun xeito didáctico e claro ofrece unha visión sintética do que supuxo para Galicia a emigración considerada nas súas distintas etapas. Emprega a primordial bibliografía disponible e nalgún caso engade información nova, derivada da súa propia investigación de base. De todo este material esfórzase en escolmar os datos claves que dan conta da súa realidade, que non somentes descrebe senón que contextualiza e interpreta tamén, explicando como opera o fenómeno e cales foron as causas que o motivaron.

Recoñecendo a súa débeda intelectual coa teoría do colonialismo interior de X.M. Beiras, Sixirei constrúe este ensaio histórico cunha prosa amena e clara vontade de estilo. E faino con tal ardentía, notándose tanto que o que narra non lle é en absoluto indiferente, que non será difícil que o lector se sinta contaxiado. A obra constitúe en conxunto un útil balance do que a emigración representou na historia de Galicia. Ó remate inclúese como apéndice unha breve autobiografía de Antón Crestar, destacado emigrante que realizou no Uruguai un importante labor a prol da colectividade emigrada e a cultura galega. Del partiu a iniciativa "malfadada" que deu orixe ó nominalista preito ó que me vin referindo. A inserción desta "historia de vida" paga o precio de romper a unidade do libro, pero a cambio aporta un testemuño directo e francamente valioso sobre a vida cotiá en Galicia a comezos do século actual (abordando como eran a escola, as faenas agrícolas...; ¡entrañable a descripción da primeira vez que os de Miño escoitaron un fonógrafo!) e, por suposto, tamén sobre a "intrahistoria" da dura condición de emigrante.

Só resta agardar que sexan moitos os que o lean (e que non fallen os de Fontiñas).

XAVIER CASTRO

A patoloxía moderna

■ JOSÉ M. LÓPEZ PIÑERO. *Ciencia y enfermedad en el siglo XIX*. Península, Barcelona, 1985.

A importancia do libro que imos comentar, un libro que atura xa tres anos longos de vida, supera con largueza a falla de actualidade editorial. Excúsase, máis aínda, esta eiva se temos en conta que a historia da medicina e da ciencia en xeral non goza no noso país do lugar que merece, o que fai que calquera obra de calidade no xénero chame a ser debullada e diseccionada ata os mesmos lindeiros da redundancia. O lector vai, logo, disculpar o lapso de tempo en prol do valor da obra, do seu autor e mais dunha necesaria meditación sobre unha área de coñecemento que agora, en Galicia, está a arrancar con máis ilusión que medios.

Xa hai tempo que as publicacións de José María López Piñero, catedrático de Historia da Medicina na Universidade de Valencia, despertan unha atención pouco usual nunha sociedade tradicionalmente marcada polo fastío. É bó sinal e tamén un merecido recoñecemento para quen constitúe, xunto co tándem Granjel-Goti Iturriaga, un dos polos máis froitosos para o progreso da historia da ciencia en España. Un investigador cunha reputación acreditada, fóra da súa producción propia, por unha brillante lista de mestres: Laín Entralgo, W. Leibbrand, J. Steudel e mais Erwin Ackerknecht; éste último, o que máis ten influído despois de Laín.

A tarefa investigativa de López Piñero ubícase, dentro do panorama actual da historia da ciencia, na esfera que denominamos *historia social*. O método: delimitar as áreas de actividade das sociedades humanas que escolle coma obxecto do seu estudio e, dentro delas, perfilar aquilo que se pode considerar *"actividade científica"*. Logo, estudialas dende os puntos de vista da *historia interna* e da *historia externa,* ámbolos dous complementarios. López Piñero atópase tan afastado dos que, con Sarton e Ben-David, pensan que os eventos sociais non inflúen para nada na marcha da ciencia, coma daqueles marxistas dogmáticos que sustitúen a investigación pola simple elaboración escolástica.

Os temas dos seus traballos téñense centrado, cronoloxicamente, en tres focos de interese: na historia das neuro-ciencias, da que é un bo expoñente o seu *Historical Origins of the Concept of Neurosis* (Cambridge, 1983); na interacción ciencia médica e sociedade española do século XIX, tema ó que adicou o maior número de publicacións; e, en terceiro lugar, na historia social da ciencia na España moderna e contemporánea.

López Piñero nunca descartara a posibilidade de se voltar, de novo, cara o estudio da historia da patoloxía moderna, teima contraída durante a época na que traballou o concepto da neurose. E aquí está o froito neste pequeno mais denso volume, un libro de apenas 156 páxinas onde é abordado o proceso de construcción do saber patolóxico moderno, por primeira vez dende unha perspectiva sistemática.

O saber médico, propiamente, é a patoloxía ou ciencia sobre as enfermidades, tal é como o autor deixa ben sentado desde as dúas primeiras liñas. Loxicamente a historia da medicina ten de basearse no estudio da evolución da patoloxía. Seguindo esta marcha e demarcando ben os *programas,* logo virán a converxer en múltiples puntos do camiño as distintas ciencias, vellas algunhas, de nova fundación outras, que nunha síntese gozosa chegarán a configurar a patoloxía actual. Así, neste libro, lópez Piñero aborda o desenvolvemento histórico da explicación científica das enfermidades humanas, miradas coma

transtornos estructurais e dinámicos do corpo. Cínguese ó século XIX, que foi cando se cimentou e construíu o edificio da devandita ciencia, pesia os intentos fallidos que xurdiron nos dous séculos anteriores; precedentes, non obstante, a ter en conta e que se debuxan nun capituliño introductorio.

Todo o mundo terá asistido algunha vez, ben coma doente cou coma simple observador, a un acto médico, ese antergo rito que comeza co interrogatorio e segue coa exploración. A través do seu fío, o galeno inspecciona o corpo do doente, palpa, procede á percusión e logo á auscultación, na procura de signos e síntomas que o leven a un diagnóstico acertado. Todo este protocolo foi integrado, anovado e arriquecido en dúas etapas que coinciden con ámbalas dúas metades do século XIX e levouse a cabo entre dous países, Francia e Alemania, onde se deron as circunstancias sociais que facilitaron as súas respectivas hexemonías. A etapa *anatomo-clínica,* en Francia, coas orixes inmediatas na Revolución e nas súas radicais mudanzas, conxugou os fenómenos tirados da observación clínica coas lesións anatómicas dexergadas nas autopsias, establecendo unha relación sistemática e precisa. É o tempo do *programa* de Bichat e do seu desenvolvemento en dúas correntes diferentes e antagónicas: a *medicine phisiologique* de Broussais e a patoloxía anatomo-clínica de Corvisart, o célebre médico de Napoleón, e Laennec, descubridor da auscultación mediata, do estetoscopio. Ambas orientacións enfrontaríanse para desgracia da primeira; non obstante, as limitacións do sistema anatomo-clínico, que menospreciaba a investigación experimental xunto co concurso da química, non permitiría pasar alén da patoloxía macroscópica, retrasando a introducción da ponla microscópica que ía vir por outro camiño.

A segunda etapa, a *medicina de laboratorio,* transcorre na Alemania a partir da metade do século. Ela vai explicar cientificamente as enfermidades recorrendo ós saberes da física, da química e mais da bioloxía. López Piñeiro debulla neste capítulo as causas que conduciron á expansión da patoloxía alemana, perfilando o estatus do cientista e a institucionalización da investigación nos *"Institutos",* o novo organigrama académico, en resume, os factores que levaron ó éxito a aquela pléiade de patólogos: Virchow, Wunderlich, Traube, Frerichs, entre outros.

Fixadas deste xeito as dúas etapas, o autor volta, no capítulo seguinte, cara á Francia da segunda metade do XIX, co gallo de analizar, no *mare magnum* da súa colapsada patoloxía, as diferentes escolas. Aquí, López Piñero fai un verdadeiro exercicio de delimitación, afastando o trigo do centeo, pasando de Claude Bernard a Charcot, a quen adica quizás o máis lúcido apartado do libro, un verdadeiro modelo de síntese. Chega, entón, á crise da patoloxía anatomo-clínica, da que xorde felizmente, e por obra e gracia do xenial Charcot, o concepto de *psico-xenia,* tan celebrado por aquel xove de nome Sigmund Freud.

Deixa coma broche final do libro, un par de capítulos: un, no que trata o estado da cuestión na Inglaterra, un país que, a pesar de quedar nunha situación subalterna, igual có resto de Europa, presenta unhas características peculiares de seu; e o derradeiro, no que apunta as *"cuestións pendentes",* o problema da explicación das *causas* da enfermidade e mais a consideración do doente coma unha individualidade, temas esquecidos durante a explosión do saber patolóxico do XIX e que non serán correctamente solucionados ata as primeiras décadas do século actual.

Apontabamos no principio a importancia desta obra de López Piñero no panorama español da historia da ciencia, unha importancia que radica tanto no que integra e clarifica, canto polo que sinala e abre cara novas investigacións. Por primeira vez o estudioso desta área de coñecementoo ten ó seu dispór un

texto que engloba o desenvolvemento da moderna medicina, mais isto non significa que sexa útil só para a historia da medicina. Precisamente un valor acreditado no libro é o coidado do seu autor por desenguedellar escolas, delimitar *programas*, sustentalos no entramado social da época e disecar as relacións das outras ciencias co progreso da patoloxía. Cousa de agradecer, pois o período considerado, o século XIX, é un intre de rápida evolución no que o crecemento exponencial de tódalas ciencias ramifica o saber humano en múltiples direccións. É o tempo dos traballos de Cuvier en anatomía comparada, da teoría celular de Scheleiden e Schwann, da Lei de conservación da enerxía de Mayer e Joule, e tamén da teoría da evolución por selección natural de Darwin e Rusell. Agroma a química fisiolóxica e patolóxica da man da química orgánica, aumentan as facilidades de comunicación (camiño de ferro, telégrafo, teléfono). En fin, é un tempo de inter-conexións múltiples, quizais coma nunca se deran, que nos ten que fornecer de novos puntos de vista cos que atacar vellas cuestións. Xa non é momento de buscar e deseñar *programas* para a historia da ciencia, como ten suliñado López Piñero reiteradamente, é o momento de aplicalos.

E diante disto, ¿cál é a nosa situación aquí, en Galicia? Pois non moi diferente da que padecen noutras partes de España, agás o núcleo de Valencia e o eixo Salamanca-Bilbao, notablemente avanzados. Pódese dicir que estamos nunha fase de *aggiornamento*, pasando dun estado de cultivadores isolados e, polo tanto, desaproveitados, cara outro de relación e intercambio, máis axeitado ás novas circunstancias. Estamos a vivir en Galicia o momento de formación de grupos de traballo inter-disciplinares, de catalogación e recollida de fontes, de revisión crítica de obras anteriores e de publicidade, dunha apoucada mais necesaria publicidade do que é noso e a xente descoñece ou esquece. Material de traballo temos o que queiramos, pois cáseque todo está por facer, dende unha interpretación global da "escola" médica compostelana ata unha avaliación da recepción en Galicia do *darwinismo*, da xenética contemporánea ou da psico-análise.

Mais parece que os tempos son chegados e mesmo hai nomes que xa empezan a soar, xunto cos relacionados co ambiente académico coma os Carro Otero, Díaz-Fierros, Carmona ou Saavedra, os dun eido máis privado, ata X.A. Fraga, Teresa Correa, Pilar Mayobre, Fernández Prieto, por nomear só algúns. E o que é curioso e, ó mesmo tempo, maravilloso: empezan a ecoar entre as paredes dalgúns edificios oficiais, no auténtico miolo dos poderes públicos.

GUSTAVO ADOLFO GARRIDO

Matar ó pai ou revisitalo: notas para unha crónica anunciada.

GERARD MENDEL: *La Psychanalyse revisitée*. La Decouverte, París, 1988.

A tribu da Psicoanálise acouga hoxe nunha atomizada estructura de familias: Hartmannianos, Winnicotianos, Kleinianos, Lacanianos..., quizais esta situación ten nunha grande medida a súa orixe na progresiva dificultade existen-

te para adecuar as "verdades" da teoría orixinaria coa realidade non sempre coincidente que se mostra nos diváns.

Dicía hai pouco (Le Monde 31 de marzo) Maud Mannoni, presidente do "Centre de Formation et de Recherches Psychanalytiques" que para que unha comunidade analítica se manteña viva, cómpre que esta non sexa fecundada só por estructuras educativas baseadas na única relación profesor-alumno. A afirmación, aínda que elemental, atinxe ó indudable seguidismo inercial presente nunha grande medida nas familias da Psicoanálise.

Desta situación parte Gerard Mendel. Unhas prácticas relativamente satisfactorias apoiadas sobre unha teoría cunhas bases biolóxicas falsas e cunha práctica que se mantén en pé de xeito fantasmático. Situación esta que se ben é percibida de modo máis ou menos claro polos psicoanalistas en ningún caso é recoñecida por estes e aínda menos asumida.

Este estado de cousas baseado nunha teoría fixista que non deu asumido a realidade duns diváns dos cales cada vez está máis ausente a figura do gran pai edípico, ten conducido a un proceso de "desrealización" dos psicoanalistas cada vez máis aillados. ¿U-la causa desta dificultade para reaccionar?. Quizais na figura de Freud reinvestido da propia autoridade patriarcal do seu discurso. Quizais no final inexorable dos seus heterodoxos (desde Adler a Fromm) que remataron polo abandono total, ou quizais, en fin, porque a observación clínica seguía a mostrar a posible pertinencia da "bioloxía freudiana" da sexualidade.

Na raíz mesma da discordancia ficaba a dificultade da Psicoanálise para asumir o social, o cambio social acontecido entre o microcosmos sociohistórico do fundador vienés e o noso mundo actual. Hoxe, as dificultades para establecer vínculos arrequecedores entre os postulados da "bioloxía freudiana" e a ideoloxía da "natureza humana" que esta produce deveñen insalvables para unha posible articulación dos feitos social e psíquico.

As décadas posteriores á segunda guerra mundial marcaron sen dúbida un clímax no desenvolvemento do pensamento freudiano —pensamento que arrincara e tiña os seus alicerces no *Emilio* de Rousseau e no seu descubrimento táctico do tempo infantil coma xeira cardinal para a construcción do carácter—, pero ese mesmo pulo foi agostando e poñendo de manifesto os límites do propio discurso. Desde o ensaio de laboratorio feito por Neill para aplicar os aportes da Psicoanálise á socialización escolar da infancia ata a expansión da súa teoría en dirección ó social na que exerceron autores diversos desde Reich ou Marcuse ata Fromm ou Bettelheim.

Neste mesmo tempo e pulo, e nunha dirección que conta con raíces en Moreno e Kurt Lewin, ubícase tamén a obra do Dr. Gerard Mendel, obra, por certo, que ten sido rigorosamente estudiada ata o ano 1980 polo profesor Agustín Requejo da Universidade de Santiago (*"Socio-psicoanálisis y Educación"*, Ed. Istmo).

A longa e densa obra de Mendel asumiu desde os comezos un labor intenso de revisión crítica e creativa con base nas teses freudianas (*"La Rebelión contra el padre"*, *"Crisis de generaciones"*, *"La descolonización del niño"*, *"Antropología diferencial"*, *"La caza estructural"*, *"On est toujours L'enfant de son siècle"*, etc.). Esta obra sistematiza dalgún xeito hipóteses elaboradas ó longo de máis de vintecinco anos de traballo por parte deste doutor en medicina nacido en París en 1930 e que desde o seu primeiro libro optou por unha posición de distancia con respecto á obra fundadora de Sigmund Freud.

O seu último libro culmina, polo tanto, un traballo de revisión intensa da obra do teórico vienés. E para isto centrarase nunha serie de eixos do seu pen-

samento: os pilares biolóxicos freudianos, a saber, a concepción alongada da sexualidade e a calidade "hereditaria" dos caracteres psíquicos adquiridos.

No relativo ó primeiro aserto sobre a transcendencia da sexualidade afirma Mendel que esta non pode abondar por si mesma para a construcción dunha Antropoloxía nin sequera para a elaboración dunha Psicoloxía. A esta eiva atoparalle Mendel unha alternativa a través do que el nomeará como "pulsión de pracer". Con respecto ó carácter hereditario de certos rasgos psíquicos coida que estes precisarían da improbada existencia dun substrato biolóxico que fose capaz de transportar os pensamentos e os recordos desde xeracións anteriores.

Teses ambas que teñen sido claramente rebatidas pola Bioloxía. Puras aberracións, pois, uns postulados que tentan psicoloxizar a natureza e o cosmos conducindo ó esencialismo idealista e transhistórico dunha natureza humana inalterable. ¿Víctima acaso Freud dun tempo e duns valores para os cales o biolóxico, o natural e mensurable, o inmutable, era, en definitiva, o que mellor encarnaba o anceio de verdade?. Ancorar as hipóteses para que cristalizasen en asertos definitivos. Pensamento que camiña entre a rixidez da fisioloxía positiva e o esencialismo idealista ó longo dun proceso no que a víctima propiciatoria sería, ó cabo, o propio Freud que vería así escurecido e banalizado o seu discurso e as súas cruciais aportacións xenuínas no eido da Psicoloxía.

Un teórico que elaborou as súas teses excesivamente preto da súa biografía téndose visto condicionado de xeito definitivo pola súa peculiar historia familiar.

O punto máis escuro da súa obra é, se cadra, o do seu estraño delirio cosmogónico que o levou ós seus sesenta e tres anos, e de maneira dificilmente explicable, ó desenvolvemento das ideas de Sabina Spielrein a favor dun posible instinto de morte que se realizaría no encontro co seu complementario instinto de vida. Ebrio de especulación, un Freud que transitara da Psicoloxía á Bioloxía, apréstase agora para ir ó encontro da Física. Proceso este que se radicaliza a través dun repregue sobre si mesmo e a medida que a Bioloxía dos biólogos tende a establecer verdades contrarias ás súas. Guerra de xigantes que configura unha Cosmoloxía fantasmática ou unha utopía filosófico-mística por mor dunha arbitraria construcción teórica.

O complexo de Edipo que Freud sentira como un seu aporte invariable e trascendental é evidenciado pola contra como unha realidade en fondo proceso de transformación. Para Mendel este definiríase máis ben como unha crise de identidade sexual (na raíz de desaxustes como a homosexualidade, bisexualismo, etc.) e non como unha problemática orgánica de tipo sexual.

Máis alá dunha sexualidade ubicua sitúa Mendel a súa proposta dunha pulsión de pracer que ocuparía o espacio deixado por unha unívoca pulsión sexual (cómpre recordar aquí a proximidade entre esta proposta de Mendel e o concepto Rousseauniano do "amour de soi"). De aí que Mendel suxira a pregunta de se non acontecería que Freud máis que trabucarse sobre a pulsión se non tivese equivocado de pulsión.

Situar, pois, o pracer, en tanto que fenómeno orgánico diferente da satisfacción, na orixe somática do psiquismo humano, velaí a súa proposta.

Pode sorprendernos nesta revisión que realiza Mendel a ausencia de tratamento e crítica ó concepto de "superego" que Freud coidara realidade consustancial ó home. Esta ausencia quizais puidese deberse a que xa outros autores (Klein, Bettelheim, etc.) puxeran xa en corentena a súa suposta invariabilidade.

Máis alá das súas tomas de distancia e das súas propostas alternativas, Mendel coida cardinal establecer os marcos do respeto ó pensamento fundador de Freud e nun esforzo de síntese delimita aqueles que, ó seu ver, foron os seus aportes máis trascendentais e así, e en distintos momentos, reivindica coma fundamentais as seguintes teses do doutor vienés: a relación das neuroses do adulto coa súa infancia, o vencellamento das etapas da evolución psíquica a un factor orgánico (para Freud o sexo e para Mendel o pracer), amais da súa sólida introducción de conceptos tales como, as pantasmas inconscientes, a omnipresencia do conflicto psíquico e a afirmación da existencia de actitudes estereotipadas coa súa orixe programada na fase da infancia.

Ó tema da relación entre o psíquico e o social, ou máis concretamente, á relación do psicolóxico e o sociolóxico dedícalle tamén o autor unha atención espallada, pero constante.

O esforzo polo deslinde clarificador entre o sociolóxico e o psicolóxico atopámolo nas mesmas raíces da Socioloxía (Comte, Durkheim e o mesmo Weber), e as reflexións críticas sobre os desbordes disciplinares da teoría da Psicoanálise teñen sido contundentes desde a Socioloxía —"A situación psicolóxica está relacionada coas definicións sociais da realidade en xeral e, de por si, defínese socialmente", din Berger e Luckmann en *"La construcción social de la realidad"*—.

Pola súa banda a ríxida arquitectura da teoría freudiana non permite desde ela mesma pensar a relación necesaria entre a vida psíquica e os acontecementos exteriores de tipo social e político. Este dar as costas ó social e político non quedou sen consecuencias na historia da Psicoanálise e así, malia ter estado situada a crema da escola psicoanalítica no centro xeográfico do nazismo emerxente tiveron que ser dous heterodoxos afectos ó social (Fromm *"O medo á liberdade"* e Reich *"Psicoloxía de masas do fascismo"*) os que acertasen a establecer un diagnóstico da desconcertante situación.

Para a teoría freudiana a única saída para a neurose feminina era a de autoaceptaren as mulleres o seu destino pasivo. Sen dúbida na visión paternocéntrica do Edipo freudiano subxace un inercial petrucialismo conservador.

O home para Mendel é un ser social e faise socialmente, variando co tipo de sociedade que se trate, sexa esta a sociedade Dogon, a celta bretona ou a occidental. Ó variar os moldes diversifícanse os modelos. Deste xeito a atmósfera socio-cultural externa e o pulmón psíquico interior atópanse adaptados ou a un ou a outro.

Neste contexto o cerebro xorde para Mendel coma unha especie de ordenador biolóxico sen programar cunha programación que estará precisamente ó cargo daquela sociedade na que o individuo se socialice.

Remata Mendel a súa reflexión referíndose a unha posible incardinación ideal de ambas disciplinas —Psicoloxía e Socioloxía— e das dificultades que na súa opinión eivan ese proceso. Para el a dificultade estaría básicamente no desenvolvemento aínda pouco vizoso da Socioloxía Clínica e aínda da Socioloxía Teórica. Non nos semella moi convincente este argumento de Mendel e si intensamente sesgado polas súas preocupacións de socio-psicoanalista. Quizais o que si incomode a Mendel sexa que o afán bioloxizador e naturalizador da Psicoloxía —claro nas súas orixes— atópase case ausente da Socioloxía (Spencer, Schäffle) e de aí que a apertura xerminal da Socioloxía, potenciada pola amplitude do seu obxecto teórico, faga que esta se adecúe con dificultade a un exclusivo e unívoco campo de aplicación como é o seu. A arrequecedora interacción de disciplinas científicas fronteirizas é sen dúbida fecundadora — recordamos con Bourdieu que "as revolucións conceptuais son indisociables

das revolucións da estructura do campo e que as fronteiras entre as disciplinas ou as escolas forman parte dos principais obstáculos á hibridación que, en máis dunha ocasión é a condición do progreso científico"— e poida que nos fique aquí por aclarar a relación disciplinar que atinxe á Psicoloxía e á Socioloxía e os xeitos de mutua implicación do que son causa e efecto en complexa dialéctica.

XAN BOUZADA

Il pendolo di Eco

> Su cosa sia la leggenda del Graal
> non credo di dovermi dilungare,
> sto parlando con persone colte.
> *Il pendolo di Foucault,* p. 116.

En outubro de 1988 aparecía en Italia a segunda novela de Umberto Eco, *Il pendolo di Foucault,* editada por Bompiani. Desde uns meses antes, ou ben por razóns publicitarias ou ben porque Eco se converteu nun fenómeno cultural capaz de xenerar abundante información, as revistas e os periódicos falaban amplamente do que ía ser un dos acontecementos literarios dos próximos anos. Mesmo a vontade do novelista, que lle pediu ós amigos máis próximos que gardasen silencio sobre o libro antes de que este aparecese, serviu para aumentar aínda máis a expectación. A partir de entón *Il pendolo di Foucault* deixou de ser só unha novela, para converterse tamén nun feito social. En Italia, antes de que pasara un mes desde a súa aparición, xa ían vendidas dúas edicións. En España, a pesar de que a publicación se foi retrasando, o interese e a curiosidade que existen entre un público amplo, aseguran o éxito para cando o libro chegue ás librerías despois do verán.

A novela de Umberto Eco escapa a unha simple valoración de tipo literario, pois o seu valor estético ou filosófico perden importancia diante do feito de que unha obra das características desta acabe converténdose nun fenómeno de masas. Algo semellante ó que sucedeu, nun ámbito máis doméstico, coa publicación de *Sobre la esencia* do filósofo Xavier Zubiri, que durante uns meses ocupou o primeiro posto das listas de vendas, a pesar de que o número de persoas capaces de entender o espeso entramado conceptual do libro non pasaba, daquela, dunhas poucas ducias de intelectuais. Son fenómenos que teñen máis que ver cos aspectos menos amables do mundo da cultura que con consideracións optimistas sobre o incremento dos hábitos dos lectores ou a extensión do interese polo saber e a literatura a capas cada vez máis estensas da poboación.

En primeiro lugar, *Il pendolo di Foucault* é unha novela ambiciosa, que non se limita a contar unha historia, como sucedía con *Il nome della rosa,* senón que pretende dar unha explicación do mundo. O Plano que constrúen os tres protagonistas principais da novela vén ser unha metáfora da autonomía do imaxinario e das borrosas liñas que separan os aspectos máis contradictorios dese magma inaprensible que chamamos realidade. É unha das características do pensamento da segunda metade deste século, que produciu moreas de palabras destinadas a crear unha inmensa falsificación intelectual para explicar a vida e as relacións entre os homes. Como di Casaubon, un dos protagonistas e narra-

dor da novela, que deixa Italia en vésperas de grandes cambios, cando volve do Brasil pode recoñecer a ideoloxía de calquera *"dal tono di voce, dal giro delle frasi, dalle citazioni canoniche. Tornavo, e non capivo piú chi stesse con chi. Nin si parlava più di rivoluzione, si citava il Desiderio, chi si diceva de sinistra menzionava Nietzsche e Céline, le riviste di destra celebravano la rivoluzione del Terzo Mondo"*.

A historia externa da novela está reducida ó mínimo: tres personaxes, Causabon, Belbo e Diotallevi, tratan de construír o Plano, que non consiste noutra cousa que en conseguir a potencia infinita. Para iso válense dunha serie de investigacións sobre os Templarios, os Rosacruces, a Cábala, os masóns, os practicantes da macumba brasileña, os gnósticos e toda clase de sectas e grupos secretos, cos que van configurando pouco a pouco unha realidade imaxinaria que chega a ser autónoma e que, segundo o crítico italiano Alberto Asor Rosa, podería ser entendida como a grande falsificación que atravesa dun xeito subterráneo a nosa civilización e que en parte a caracteriza. O demais son episodios coadxuvantes que se engarzan na intención principal da novela, unha lectura inxenua da cal poderíaa converter nun inmenso tratado erudito sobre doctrinas esotéricas.

A pesar da carga culta que soporta, *Il pendolo di Foucault* non é unha novela de lectura difícil, o cal non quere dicir que a súa comprensión sexa doada. A lectura ideal dunha obra, que fai coincidir o propósito do autor coa interpretación do lector, depende de factores non sempre controlables, como poden ser a disparidade de contextos entre ambos ou simplemente a falta de simetría cultural entre un e outro. Sen embargo, esa lectura ideal non é a única posible: cada lector pode facer a súa propia. A lexitimidade das diversas lecturas está autorizada polo carácter simbólico de toda obra literaria e pola significación aberta da linguaxe poética, sempre tinguida de fortes connotacións de tipo suxeitivo. Con esta novela de Umberto Eco, por exemplo, os afeccionados ó esoterismo teñen asegurada unha lectura grata e divertida, por máis que se lles poida escapar o significado global da obra.

Pero non só estes últimos, senón calquera lector culto que saiba estimar o inxenio, a intelixencia e o humor como valores en si, independentemente da funcionalidade que se lles asigne no conxunto da novela. É unha das lecturas posibles. ¿Como non se deixar seducir pola ironía que percorre as páxinas dun libro tan pouco reverente como este? Pensemos, por exemplo, na brillantez dalgúns diálogos, como aquel que sosteñen Belbo e Casaubon, cando se coñecen, e que versa sobre as detalladas distincións que separan ó *cretino* do *imbecille* o *stupido* e o *matto*. Resultan corrosivas, pero non deixan de ser unha maneira acertada de contemplar o mundo, se temos en conta o rebote dialéctico de onde proceden. Outro tanto se pode dicir do proxecto de Diotallevi e Belbo destinado a crear unha *"Facoltà di Irrilevanza Comparata, dove si studino materie inutili o impossibili"*, como Morfemática do Morse, Historia da Agricultura Antártida, Literatura Sumeria Contemporánea, Filatelia Asirio-Babilónica, Fonética do Film Mudo... ¿Unha simple broma inocente ou a descripción exacta, por vía da distorsión expresionista, de toda unha concepción do saber académico no século XX?

Naturalmente, as interpretacións de *Il pendolo di Foucault* van ser moi variadas, pois trátase, para dicilo con palabras que o propio Eco fixo famosas, dunha *opera aperta*. Tense falado reiteradamente da historia política italiana dos últimos anos, desde a postguerra ata a aparición do terrorismo vermello e negro, como soporte da historia que o novelista conta. Mesmo se ten citado a un coñecido personaxe das tramas masónicas como inspirador directo do libro. É posible. Sen embargo, o que parece evidente é que esta novela nos concerne a

todos, especialmente a quen participamos, dun xeito ou doutro, da gran mistificación que supón a explicación do mundo a través da linguaxe. Despois de cincocentas páxinas destinadas a entender a realidade da vida e dos homes, o narrador Causabon chega a unha conclusión tan dramática como emocionante: *"Ma la saggezza maggiore, in quel momento, è sapere che l'hai saputo troppo tardi. Si capisce tutto quando non c'è più nulla da capire".*

CARLOS CASARES

Os franceses e a ortografía

Unha enquisa realizada pola revista *Lire* acaba de pór de actualidade, unha vez máis, o eterno problema da reforma ortográfica do francés. O asunto vén de lonxe. Desde que en 1835 a sexta edición do *Dictionnaire de l'Académie* estableceu a ortografía moderna, os proxectos de reforma non cesaron. Un deles, redactado por L. Havet en 1889, foi refrendado por 7.000 firmas e un bo número de profesores estranxeiros, ademais de que recibiu algún tipo de apoio práctico, como o que lle prestou León Clédat, que imprimiu na ortografía reformada a *Revue de philologie française*. Non prosperou.

Desde entón os proxectos non cesaron. A maior parte deles, razoables e moderados, nunca foron aceptados pola Academia, que nin sequera os discutiu, mesmo os que tiñan carácter oficial. O único éxito dos reformistas chegou no ano 1901, cando o ministro Leygues admitiu que se toleraría que o participio permanecese invariable en tódolos casos nos que hoxe en día é obrigatorio que concorde co complemento: *la peine que j'ai* pris (*ou* prise). A pesar de que esta norma segue vixente, nunca foi aplicada.

Os últimos episodios desta longa batalla tiveron lugar hai aínda poucos meses, en novembro de 1988 e en febreiro do ano en curso, respectivamente. O primeiro, cando o 90 por cento dos profesores de escola se pronunciaron a favor dunha reforma. O segundo estivo protagonizado por dez eminentes lingüístas, que na primeira páxina de *Le Monde* suscribiron un manifesto a favor dunha "modernización da escritura do francés". De momento, tanto a Academia como o MInisterio de Educación non se pronunciaron e os franceses seguen escribindo como sempre.

Na enquisa de *Lire,* a inmensa maioría dos consultados (70%) pensa que a ortografía francesa é difícil, aínda que o 86% a consideran parte da cultura e o patrimonio nacionais. Quizais por iso, a metade xusta móstrase hostil a calquera tipo de reforma. Os partidarios do cambio son maioritariamente persoas cun nivel de estudios máis ben baixos. Agora ben, no caso de que se fixese unha reforma, esta debería ser encomendada á Academia (36%) ou ó Ministerio de Educación (27%), aínda que hai tamén partidarios do Ministerio de Cultura (5%) ou dos escritores (11%).

No que respecta a aspectos concretos, máis da metade (52%) non sería partidaria de que se eliminasen os acentos circunflexos, nin que se sustituíse o dígrafo "ph" polo grafema "f", ou que se suprimisen as consoantes dobres e os

trazos de unión. Por outra parte, que unha mesma palabra se puidese escribir de dous xeitos diferentes desagrada ó 65%, como tampouco lles gusta que se reemprace o "x" polo "s" no plural de certas palabras rematadas en "ou". Non obstante, unha amplísima maioría (76%) pensa que é posible retocar a ortografía para suprimir algunhas solucións "absurdas".

Entre os partidarios da reforma, é certo que en distintos graos, están figuras como o Primeiro ministro Michel Rocard, o director de *Le Monde,* André Fontaine, o editor Robert Laffont ou o Director xeral da Renault, Raymond Lévy. Este último, sen embargo, cre que "respetar a ortografía é respetar a lingua, pero tamén manifestar respeto polo lector. É unha maneira de demostrarlle que a comunicación que se lle transmite foi tratada con coidado, como el mesmo merece ser tratado". Pola súa parte, Karl Lagerfeld, que figura entre os contrarios á reforma, opina que "unha lingua non debe sufrir ningún tipo de metamorfoses soamente porque así o desexen uns cantos".

A polémica continúa. De momento, o campeonato ortográfico convocado pola revista *Lire,* desperta auténtico entusiasmo en máis de 46 países. No fondo, é unha forma máis de proxectar o interese polo francés fóra de Francia. Un interese que sobrepasa calquera discrepancia entre os propios franceses, que maioritariamente (78%) consideran a ortografía como un dos encantos da súa lingua. A lingua de todos, aínda que pensen que escribila ben non é moi fácil.

LUÍS LAMAS

Celso Cunha

O día 14 de abril faleceu en Río de Janeiro o profesor Celso Cunha, romanista eminente e grande amigo de Galicia. O conxunto da súa obra abrangue temas fundamentais da poesía galego-portuguesa medieval e tamén da lingua portuguesa, tanto en relación coa súa *realidade brasileira* como coa súa *realidade contemporánea.*

Como medievalista adicou especial atención ós xograis Xoán Zorro e Martín Codax e, con interese permanente, ó trovador Paio Gomes Chariño. Celso Cunha consideraba que Gomes Chariño era a grande figura da nosa poesía medieval e tiña empeño e ilusión en lle dar cabo á edición que viña preparando do seu *Cancioneiro.* Mágoa que a morte lle impedira rematar esta obra, que era para el unha ilusión constante. Certo que en dous dos seus libros fundamentais —*Estudos de Poética Trovadoresca* e mais *Estudos de Versificación Portuguesa (século XIII-XVI)*—, toma como exemplos básicos a Xoán Zorro e mais a Paio Gomes Chariño.

Tiña por Galicia un amor profundo. Varias veces, no seu itinerario Río-Lisboa-París, ou Río-Lisboa-Madrid-Roma, facía desviación a Compostela para estar cos seus amigos galegos, e tamén, porque era crente sincero, para lle dar unha apreta ó Apóstolo. Disfrutaba moito paseando polas rúas compostelanas, pero tamén contemplando o castelo de Pambre, ou o val do Miño desde a muralla luguesa, ou o sartego do conde de Andrade en Betanzos, ou as ondas

que cantara Martín Codax, ou o mosteiro de Oseira ó voltar dunha visita a Otero Pedrayo, ou examinando os ficheiros lexicográficos ou os materiais preparados do Atlas Lingüístico no Instituto da Lingua Galega. E na súa casa en Río, no lugar preferente da súa impresionante biblioteca, podíanse contemplar os tomos da revista *Grial* encadernados en coiro que lle enviaban da Arxentina para os libros que el quería distinguir con especial agarimo.

Celso Cunha tiña sincera vontade de colaborar cos nosos esforzos encamiñados á afirmación da cultura galega e, mentres foi director da Biblioteca Nacional, preocupouse de enviar libros brasileiros para a Fundación Penzol.

Poucas semanas antes da súa morte anunciounos que viría a Compostela para asistir ó Congreso Internacional de Filoloxía Románica. Xa non poderá vir. Os seus amigos de Galicia botarémolo sempre de menos.

RAMÓN PIÑEIRO

Conclusións das PRIMEIRAS XORNADAS SOBRE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA UNIVERSITARIA. Universitat d'Alacant, 20 e 21 de abril de 1989

Reunidos na Universitat d'Alacant, os días 20 e 21 de abril de 1989, os responsables directos dos órganos de normalización lingüística das Universidades do Estado español que contan cunha lingua propia ademais da oficial común (País Vasco, Santiago de Compostela, Barcelona, Autónoma de Barcelona, Politécnica de Catalunya, Illes Balerars, València-Estudi General e Alacant), co obxecto de facer un balance e unha avaliación dos diferentes procesos de normalización lingüística desenvolvidos ata hoxe nas universidades respectivas, intercambiar experiencias e establecer as bases dunha futura cooperación e coordenación en todo aquilo que afecta á materia obxecto da convocatoria, despois das exposicións e debates correspondentes, chegan ás seguintes

CONCLUSIÓNS

1. Por *normalización lingüística* debemos entender, univocamente, o proceso conducente á recuperación plena das funcións comunicativas, en toda a extensión dos usos sociais e rexistros idiomáticos, das linguas propias de cada universidade —é dicir, o catalán, o galego e o euskera—, sen prexuízo do ritmo particular que necesita a consecución deste obxectivo segundo a realidade socio-lingüística en cada caso.

2. Malia que os diversos procesos iniciados se basean nun marco xurídico-legal abondo semellante (Constitución española, estatutos autonómicos, leis de normalización lingüística e estatutos universitarios), o grao de consecución dos obxectivos previstos varía en cada universidade, cuantitativa e cualitativamente, non só pola peculiaridade dos ámbitos territoriais ou das traxectorias histórico sociais que lle son propias, senón, nunha medida considerable, polo grao de interese, de vontade política e de eficacia de xestión dos órganos rec-

tores e de goberno.

3. Non é posible falar de *normalización lingüística* sen a definición e aprobación dun plan ou programa de actuacións concretas nesta liña, asumido e aprobado polos órganos universitarios de goberno correspondente, ou sen executar e velar polo cumprimento dos programas e medidas aprobadas, como ocorre nalgunhas das universidades participantes nestas Xornadas.

4. Os órganos de normalización lingüística aquí reunidos, que recoñecen ter levado a cabo un esforzo considerable, só poden ser os responsables de proxectar ou de materializar unha política de extensión de uso das linguas propias, a dirección e execución da cal é responsabilidade ineludible dos órganos universitarios de goberno.

5. É a estes ós que corresponde, xa que logo, fixar as liñas de actuación que posibiliten a materialización real das previsións legais xenéricas, e que, en calquera caso, implican dúas accións fundamentais e previas:

a) Elaboración dunha normativa específica e concreta —mesmo casuística— que regule o uso das linguas propias no seo de cada comunidade universitaria, favorecendo e incentivando a expansión progresiva.

b) Dotación dos medios humanos e materiais necesarios para despregar, con dignidade e eficacia, os plans de actuación deseñados, evitando, dunha banda, as situacións de provisionalidade do persoal das unidades de normalización, e doutra, as dotacións económicas irrisorias.

6. Ademais, consideramos imprescindible que os órganos de goberno competentes adopten as medidas comprendidas nos puntos seguintes:

a) Que as unidades de normalización dependan orgánica e funcionalmente do Rectorado, dado o terreo xeral das súas funcións, e que se dote de capacidade de xestión suficiente ós responsables.

b) O incremento —nalgún caso aínda inicio— da docencia na lingua propia, que pasa por un aumento presupostario especial, responsabilidade non só das administracións universitarias, senón tamén da autonómica e, mesmo da central do Estado.

c) Medidas para incentivar o persoal de administración e servicios no coñecemento e uso da lingua propia, e esixencia, alomenos como mérito, deste coñecemento nas contratacións e concursos. Tipificación dun perfil lingüístico para determinados lugares de traballo, especialmente os de atención ó público, para asegurar os dereitos lingüísticos dos usuarios.

d) Polo que fai ós profesores, arbitrar os mecanismos necesarios que permiten facer efectiva a docencia na lingua propia.

e) Consolidación e extensión da oferta de cursos de lingua dirixidos á formación permanente dos profesores, do persoal de administración e servicios e dos alumnos das universidades.

7. Verbo da coordenación e colaboración entre os órganos de normalización lingüística presentes, chegouse ós seguintes acordos:

a) Intercambio permanente de plans de actuación, programas, traballos diversos e experiencias.

b) Unificación dos modelos de enquisas para coñecer a realidade sociolingüística e a súa evolución a partir de parámetros homoxéneos.

c) Avaliación periódica dos procesos en sucesivas Xornadas, como esta, que rotativamente se farían en cada universidade.

d) Especial colaboración entre as universidades do dominio lingüístico catalán en todo o referente á terminoloxía científica e técnica, ós estudios de te-

mas relacionados coas necesidades das unidades de normalización, a traducción e edición de manuais universitarios e de materiais de traballo, de acordo cunha planificación de prioridades e de posibilidades de realización.

8. Finalmente, os asistentes a estas Xornadas, consideran, tendo en conta os avances acadados estes últimos anos, que é responsabilidade histórica das autoridades académicas non defraudar as expectativas xerais e, polo tanto, ínstanos á adopción dunha política decidida nesta dirección.

ÍNDICE DE COLABORADORES

XOSÉ RAMÓN BARREIRO FERNÁNDEZ. Santa Uxía de Ribeira, 1936. Profesor de Historia na Facultade de Xeografía e Historia (Universidade de Santiago). Membro Correspondente da Real Academia Galega. Autor, entre outros libros, de *El Carlismo gallego* e *El levantamiento de 1846 y el nacimiento del galleguismo.*

HERMINIO BARREIRO RODRÍGUEZ. Dorrón, Sanxenxo, 1937. Profesor de Historia da Educación na Universidade de Santiago de Compostela. Autor de varios trballos sobre renovación pedagóxica en España no primeiro tercio do século XX, entre eles, *Lorenzo Luzuriaga y la escuela pública en España (1889-1936).*

XOÁN CARMONA BADÍA. Vigo, 1951. Doutor en Ciencias Económicas pola Universidade de Santiago. É profesor titular do Departamento de Historia e Institucións Económicas (Universidade de Santiago). Especialista na historia económica dos sectores industrial e pesqueiro.

FAUSTO DOPICO. Gijón, 1944. Profesor titular de Historia e Institucións Económicas na Universidade de Santiago de Compostela. É autor, entre outros libros, de *Crisis agrarias y crecimiento económico en Galicia en el s. XIX* e *A ilustración e a sociedade galega. A visión de Galicia dos economistas ilustrados.*

MANUEL X. GARCÍA-FUENTES DE LA FUENTE. Marce, Pantón, 1957. Profesor de Historia Económica na Escola Universitaria de Ciencias Empresariais (A Coruña). Membro numerario do Seminario de Estudios Mariñás. Publicou *El camino de acceso a Galicia en el s. XVIII.*

JOSÉ LUÍS PENSADO TOMÉ. Negreira, 1924. Catedrático de Filoloxía Románica na Universidade de Salamanca. Académico de Honor da Real Academia Galega. Foi profesor visitante nas Universidades de Texas e Wisconsin. Autor de numerosas edicións de textos medievais e do s. XVIII, entre elas, os libros do P. Sarmiento titulados *Colección de voces e frases gallegas* e *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega.*

XOÁN-LUÍS PINTOS DE CEA-NAHARRO. Santiago de Compostela, 1939. Doutor en Filosofía e Letras (Madrid). É profesor na Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación de Santiago de Compostela. Autor de varias publicacións sobre Sartre, Foucault e Habermas.

PEGERTO SAAVEDRA FERNÁNDEZ. Fonsagrada, 1951. Profesor titular do Departamento de Historia Medieval, Moderna e Contemporánea (Universidade de Santiago). É autor, entre outros, dos seguintes estudios: *Economía rural antigua en la montaña lucense. El consejo de Burón* e *Economía, Política y Sociedad en Galicia: La provincia de Mondoñedo, 1480-1830.*

ISAURA VARELA. Saviñao, 1953. Profesora titular de Historia Contemporánea de España (Universidade de Santiago). Autora, entre outros, de "Aspectos de la Universidad de Santiago en el período isabelino" en *La Universidad de Santiago de Compostela* e "La población universitaria de Santiago de Compostela durante el siglo XVIII" en *Universidades españolas e hispanoamericanas durante la Edad Moderna.*

galaxia